O Boletín Oficial do Estado do 23 de outubro de 2025 publicou a Resolución da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publica o acordo da Conferencia Sectorial de Educación do 12 de xuño de 2025, polo que se aproba o Plan de formación ante emerxencias de protección civil nos centros educativos non universitarios, establecendo a obrigatoriedade de incorporar formación específica en materia de prevención, autoprotección e resposta ante situacións de emerxencia no sistema educativo a partir do curso 2025-2026.

Esta norma estatal fixa un marco común para todo o Estado e atribúe ás administracións educativas autonómicas a responsabilidade de establecer o calendario de implantación, adaptar os contidos aos riscos específicos de cada territorio e garantir a formación do profesorado, así como a actualización dos plans de autoprotección dos centros educativos.

Galicia é un territorio especialmente exposto a riscos naturais e fenómenos meteorolóxicos extremos: inundacións, temporais costeiros, incendios forestais, episodios de forte vento, ou eventos asociados ao cambio climático que se están intensificando nos últimos anos. A protección da comunidade educativa non pode depender da improvisación nin de actuacións illadas, senón que debe formar parte dunha planificación estruturada, estable e dotada de recursos suficientes.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Porén, non consta ata o momento a existencia dun calendario público específico da Xunta de Galicia para a implantación efectiva deste Plan nos centros educativos galegos, nin instrucións claras trasladadas á comunidade educativa sobre a organización da formación obrigatoria prevista, nin información detallada sobre os recursos asignados para garantir o seu cumprimento.

A educación en emerxencias é unha ferramenta clave para salvar vidas, reducir riscos e fortalecer a cultura da prevención. A súa demora ou aplicación parcial supón unha responsabilidade política nun contexto no que os fenómenos adversos son cada vez máis frecuentes e intensos.

Resulta, pois, necesario que a Xunta de Galicia esclareza cal é o estado real da implantación desta norma estatal, que planificación está a desenvolver e por que motivo non se coñece, de maneira transparente, o seu despregamento efectivo no sistema educativo galego.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten a Xunta de Galicia aprobado un calendario oficial para a implantación do Plan de formación ante emerxencias nos centros educativos galegos?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/02/2026 13:53:34

Silvia Longueira Castro na data 20/02/2026 13:53:41

Paloma Castro Rey na data 20/02/2026 13:53:48



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2026 13:58:37
Nº Rexistro: 51422
Data envío: 20/02/2026 13:58:37.821

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/02/2026 13:58:38

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Paloma Castro Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Boletín Oficial do Estado do 23 de outubro de 2025 publicou a Resolución da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publica o acordo da Conferencia Sectorial de Educación do 12 de xuño de 2025, polo que se aproba o Plan de formación ante emerxencias de protección civil nos centros educativos non universitarios, establecendo a obrigatoriedade de incorporar formación específica en materia de prevención, autoprotección e resposta ante situacións de emerxencia no sistema educativo a partir do curso 2025-2026.

Esta norma estatal fixa un marco común para todo o Estado e atribúe ás administracións educativas autonómicas a responsabilidade de establecer o calendario de implantación, adaptar os contidos aos riscos específicos de cada territorio e garantir a formación do profesorado, así como a actualización dos plans de autoprotección dos centros educativos.

Galicia é un territorio especialmente exposto a riscos naturais e fenómenos meteorolóxicos extremos: inundacións, temporais costeiros, incendios forestais, episodios de forte vento, ou eventos asociados ao cambio climático que se están intensificando nos últimos anos. A protección da comunidade educativa non pode depender da improvisación nin de actuacións illadas, senón que debe formar parte dunha planificación estruturada, estable e dotada de recursos suficientes.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Porén, non consta ata o momento a existencia dun calendario público específico da Xunta de Galicia para a implantación efectiva deste Plan nos centros educativos galegos, nin instrucións claras trasladadas á comunidade educativa sobre a organización da formación obrigatoria prevista, nin información detallada sobre os recursos asignados para garantir o seu cumprimento.

A educación en emerxencias é unha ferramenta clave para salvar vidas, reducir riscos e fortalecer a cultura da prevención. A súa demora ou aplicación parcial supón unha responsabilidade política nun contexto no que os fenómenos adversos son cada vez máis frecuentes e intensos.

Resulta, pois, necesario que a Xunta de Galicia esclareza cal é o estado real da implantación desta norma estatal, que planificación está a desenvolver e por que motivo non se coñece, de maneira transparente, o seu despregamento efectivo no sistema educativo galego.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que recursos humanos e económicos vai destinar a Xunta de Galicia para asegurar a formación específica do profesorado e do persoal non docente en materia de prevención e resposta ante emerxencias?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/02/2026 13:30:55

Silvia Longueira Castro na data 20/02/2026 13:31:01

Paloma Castro Rey na data 20/02/2026 13:31:07



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/02/2026 13:59:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2026 13:59:55
Nº Rexistro: 51426
Data envío: 20/02/2026 13:59:55,998

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Paloma Castro Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Boletín Oficial do Estado do 23 de outubro de 2025 publicou a Resolución da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publica o acordo da Conferencia Sectorial de Educación do 12 de xuño de 2025, polo que se aproba o Plan de formación ante emerxencias de protección civil nos centros educativos non universitarios, establecendo a obrigatoriedade de incorporar formación específica en materia de prevención, autoprotección e resposta ante situacións de emerxencia no sistema educativo a partir do curso 2025-2026.

Esta norma estatal fixa un marco común para todo o Estado e atribúe ás administracións educativas autonómicas a responsabilidade de establecer o calendario de implantación, adaptar os contidos aos riscos específicos de cada territorio e garantir a formación do profesorado, así como a actualización dos plans de autoprotección dos centros educativos.

Galicia é un territorio especialmente exposto a riscos naturais e fenómenos meteorolóxicos extremos: inundacións, temporais costeiros, incendios forestais, episodios de forte vento, ou eventos asociados ao cambio climático que se están intensificando nos últimos anos. A protección da comunidade educativa non pode depender da improvisación nin de actuacións illadas, senón que debe formar parte dunha planificación estruturada, estable e dotada de recursos suficientes.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Porén, non consta ata o momento a existencia dun calendario público específico da Xunta de Galicia para a implantación efectiva deste Plan nos centros educativos galegos, nin instrucións claras trasladadas á comunidade educativa sobre a organización da formación obrigatoria prevista, nin información detallada sobre os recursos asignados para garantir o seu cumprimento.

A educación en emerxencias é unha ferramenta clave para salvar vidas, reducir riscos e fortalecer a cultura da prevención. A súa demora ou aplicación parcial supón unha responsabilidade política nun contexto no que os fenómenos adversos son cada vez máis frecuentes e intensos.

Resulta, pois, necesario que a Xunta de Galicia esclareza cal é o estado real da implantación desta norma estatal, que planificación está a desenvolver e por que motivo non se coñece, de maneira transparente, o seu despregamento efectivo no sistema educativo galego.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego habilitar unha dotación orzamentaria diferenciada e suficiente para garantir a execución efectiva do plan?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/02/2026 13:31:16

Silvia Longueira Castro na data 20/02/2026 13:31:27

Paloma Castro Rey na data 20/02/2026 13:31:33



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/02/2026 14:01:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51431
Data envío: 20/02/2026 14:01:28.039

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Cada vítima de accidente de tráfico é unha traxedia social e persoal. O que debe preocuparnos a todos, independentemente da cor política, son as vítimas e, máis aínda, os mecanismos para evitalas.

Os últimos datos coñecidos sobre sinistralidade viaria en Galicia amosan unha tendencia que, aínda que mellor ca a media estatal, continúa a evidenciar a necesidade de manter e reforzar as políticas públicas orientadas á prevención dos accidentes, á redución da gravidade das súas consecuencias e á protección dos usuarios máis vulnerables das estradas.

Neste contexto, Galicia vén sendo recoñecida como referente nacional en seguridade viaria, grazas á aplicación de estratexias específicas baseadas na análise dos tramos de concentración de accidentes e dos treitos con alto potencial de mellora na rede autonómica.

A Xunta de Galicia mantén unha aposta decidida por avanzar cara ao obxectivo de cero vítimas, destinando recursos significativos á mellora e conservación das estradas, á execución de actuacións específicas en puntos negros, ao desenvolvemento do Plan de Sendas para favorecer unha mobilidade máis segura, á implantación de estradas intelixentes con novas ferramentas de monitorización e á promoción de campañas de concienciación dirixidas á cidadanía.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cales son as liñas estratéxicas prioritarias do Goberno galego en materia de seguridade viaria para os vindeiros anos?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026





Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 16:27:21
Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 16:27:30
Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 16:27:37
María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 16:27:46
Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 16:27:55
Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 16:28:03
Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 16:28:22
Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 16:28:30
Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 16:28:37



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51447
Data envío: 22/02/2026 16:31:31.864

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 16:31:50

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A vertebración territorial e a seguridade viaria dependen en boa medida dun compromiso firme e sostido co mantemento, modernización e execución das infraestruturas viarias. Porén, Galicia vén padecendo nos últimos anos unha evidente falta de impulso por parte do Goberno de España nas estradas da súa titularidade, tanto nas grandes infraestruturas pendentes como na conservación da rede existente. Así o evidencian os reiterados atrasos na A-54, a paralización ou falta de avances en actuacións como a Autovía da Mariña (A-74), a A-56 entre Ourense e Lugo ou a A-76 entre Ponferrada e Ourense, así como as dificultades que arrastran proxectos como a Variante Norte de Ourense, a Variante do Barco ou o Nó de Bombeiros en Pontevedra.

A esta situación súmanse os problemas operativos recorrentes nos principais accesos a Galicia, como a A-8, afectada de maneira habitual pola néboa, a A-52, con restricións prolongadas por obras de emerxencia e un firme deteriorado, ou a A-6, marcada polo grave incidente dos viadutos do Castro. Do mesmo xeito, a rede convencional do Estado presenta un acusado deterioro dos firmes, con exemplos especialmente rechamantes como a N-640, ou co empeoramento das condicións de seguridade en vías como a N-547 entre Arzúa e Melide ou a falta de execución de melloras comprometidas na N-120 ao seu paso por Pontearreas, xerando mobilizacións sociais e unha crecente preocupación cidadá.

En contraste con esta realidade, a Xunta de Galicia vén asumindo un esforzo inversor sen precedentes na súa rede viaria, destinando no ano 2026 un investimento histórico de 71,6 millóns de euros á conservación e mellora das estradas autonómicas —3 millóns máis que no exercicio anterior—, dos cales 27 millóns se dirixen especificamente a reforzos de firme e actuacións de conservación extraordinaria, co obxectivo de garantir a seguridade viaria e a cohesión territorial.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da falta de compromiso do Goberno de España coa planificación, execución e conservación das infraestruturas viarias estatais en Galicia?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 16:43:20

Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 16:43:27

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 16:43:36

María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 16:43:43

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 16:43:49

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 16:43:58

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 16:44:10

Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 16:44:17

Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 16:44:23



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 16:47:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51451
Data envío: 22/02/2026 16:47:22.853

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O acceso á vivenda en condicións de prezos asumibles constitúe un dos principais retos sociais, especialmente nos concellos de menor poboación, onde a dispersión, o avellentamento do parque residencial e a existencia de inmobles baleiros condicionan as posibilidades de fixar e atraer poboación.

Neste contexto, o Goberno galego, presidido por Alfonso Rueda, vén demostrando un compromiso firme e sostido coa promoción dunha vivenda accesible e coa revitalización do rural, a través dun conxunto de políticas públicas que combinan a rehabilitación, o aproveitamento do parque existente e o apoio directo ás persoas propietarias.

As distintas liñas de axudas postas en marcha pola Xunta de Galicia evidencian unha estratexia orientada a garantir o dereito á vivenda, favorecer o asentamento de poboación e impulsar a cohesión territorial.

A recente convocatoria dunha nova liña de axudas para a rehabilitación de vivendas en concellos de menos de 5.000 habitantes, con achegas de ata 30.000 euros e unha dotación bianual de 5 millóns de euros, supón un paso máis nesa dirección, ao introducir novidades relevantes e reforzar as medidas xa existentes.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o Goberno galego da convocatoria anterior das liñas de axudas dirixidas á rehabilitación de vivendas no rural?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026





Asinado dixitalmente por:

- Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 16:55:39
- Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 16:55:49
- Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 16:55:56
- José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 16:56:05
- María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 16:56:24
- Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 16:56:30
- Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 16:56:41
- Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 16:56:49
- Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 16:56:55



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 16:59:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51454
Data envío: 22/02/2026 16:59:05.856

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A planificación das infraestruturas de titularidade autonómica constitúe un dos eixos fundamentais da acción do Goberno galego, tal e como se reflicte nos Orzamentos da Xunta para 2026, que prevén unha dotación global superior aos 263 millóns de euros para o conxunto das actuacións en infraestruturas.

Este esforzo tradúcese nun compromiso estable coa mellora da mobilidade, da seguridade viaria e da cohesión territorial, tanto a través do incremento da rede de vías de altas prestacións e variantes como mediante un investimento histórico na conservación e mellora da rede de estradas autonómicas.

Neste contexto, a Xunta de Galicia vén impulsando unha política integral sobre a súa rede viaria que combina actuacións nas grandes infraestruturas autonómicas, a atención ás estradas convencionais, o reforzo da seguridade viaria coa vista posta no horizonte de cero vítimas, a promoción dunha mobilidade máis sostible mediante o Plan de Sendas e programas ambientais como Estradas Verdes, así como a aposta pola dixitalización e a innovación na xestión das estradas a través do xemelgo dixital e das estradas intelixentes.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cales son os obxectivos estratéxicos que se marca a Xunta a medio e longo prazo para consolidar unha rede viaria segura, moderna e sostible?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026





Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 17:05:08

Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 17:05:15

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 17:05:22

María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 17:05:35

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 17:05:43

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 17:05:55

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 17:06:08

Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 17:06:14

Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 17:06:21



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51456
Data envío: 22/02/2026 17:08:32.279

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 17:08:33

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A modernización e mellora da rede viaria autonómica constitúe unha das liñas estratéxicas da acción do Goberno galego, tanto para reforzar a seguridade viaria como para mellorar a mobilidade, a cohesión territorial e a calidade de vida da cidadanía.

Baixo o liderado do presidente Alfonso Rueda, a Xunta de Galicia vén impulsando un esforzo continuado en conservación, mantemento e execución de novas infraestruturas viarias que permitan adaptar a rede ás necesidades actuais de desprazamento e ao desenvolvemento económico e social do territorio.

Neste contexto enmárcase a aprobación definitiva do proxecto de trazado da Rolda Leste de Ourense, entre Bemposta e a estrada N-525, unha actuación estratéxica cun investimento de 8,8 millóns de euros que permitirá completar a circunvalación polo sur da cidade, mellorar a conexión coa autovía A-52, reducir de forma moi significativa os tempos de percorrido e desconxestionar o tráfico do centro urbano, reforzando ao mesmo tempo a seguridade viaria.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora o Goberno galego a importancia desta actuación da Rolda Leste de Ourense no marco da política viaria da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 17:16:54

Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 17:17:03

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 17:17:24

María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 17:17:35

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 17:17:43

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 17:17:50

Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 17:17:59

Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 17:18:12

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 17:18:36



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51458
Data envío: 22/02/2026 17:20:36.897

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 17:20:37

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A protección do medio ambiente e a integración das infraestruturas no territorio constitúen eixos fundamentais da acción do Goberno galego, especialmente nunha comunidade como Galicia, cunha elevada riqueza natural e paisaxística. Neste sentido, a Xunta de Galicia vén avanzando nun modelo de xestión viaria máis sostible, que supera o enfoque tradicional centrado exclusivamente no mantemento funcional das estradas para apostar pola súa transformación en auténticos corredores verdes, compatibles coa seguridade viaria e coa conservación do medio.

O Orzamento da Xunta para 2026 contempla unha dotación específica de 3,5 millóns de euros para o programa de Estradas Verdes, orientado á limpeza e control da vexetación, á reforestación con especies autóctonas, á eliminación de especies invasoras e á redución das incursións de animais nas estradas autonómicas. Este programa supón un salto cualitativo na xestión do dominio público viario, ao contribuír á loita contra o cambio climático, á prevención de incendios forestais, á mellora da biodiversidade e á redución dos custos de mantemento a medio e longo prazo, ao tempo que reforza a identidade dunha Galicia verde.

Así mesmo, esta estratexia complétase coa continuidade do Plan de Acción contra o Ruído nas estradas autonómicas, incorporando medidas destinadas a mitigar as molestias acústicas en vivendas e equipamentos públicos, avanzando cara a unha mobilidade máis respectuosa coa contorna e coa calidade de vida da cidadanía.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora o Goberno galego o impacto do programa de Estradas Verdes no marco do seu compromiso ambiental coa conservación do territorio e coa promoción dunha Galicia máis sostible?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026





Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 17:32:53

Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 17:33:28

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 17:33:41

María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 17:33:51

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 17:33:59

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 17:34:10

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 17:34:34

Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 17:34:43

Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 17:34:50



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51460
Data envío: 22/02/2026 17:37:01.844

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 17:37:02

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A mellora da mobilidade e da seguridade viaria en ámbitos de elevada demanda estacional constitúe un reto complexo, especialmente cando coincide con espazos de alto valor ambiental que requiren unha protección reforzada.

Neste sentido, a contorna da Lanzada presenta unha problemática histórica de conxestión do tráfico nos períodos de maior afluencia, derivada das limitacións de capacidade da rede viaria existente, ao tempo que concentra figuras de protección ambiental de máximo nivel, como a Rede Natura 2000 e o dominio público marítimo-terrestre.

Ante esta situación, a Xunta de Galicia vén de presentar unha nova estratexia para a mellora da funcionalidade da VG-4.1 e da PO-308 na zona da Lanzada, que abandona definitivamente o desdoblamento integral inicialmente previsto e aposta por un enfoque alternativo, global e máis equilibrado.

Esta proposta, que se tramitará como Proxecto de Interese Autonómico, combina actuacións graduais de incremento da capacidade viaria, melloras da mobilidade peonil e ciclista e unha ambiciosa intervención de integración e rexeneración ambiental, cunha superficie de actuación significativa sobre espazos naturais protexidos.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora o Goberno galego este novo proxecto estratéxico para a Lanzada no marco da súa política de mobilidade e protección ambiental?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026





Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 17:57:05

Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 17:57:12

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 17:57:21

María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 17:57:29

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 17:57:36

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 17:57:44

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 17:58:05

Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 17:58:13

Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 17:58:20



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51464
Data envío: 22/02/2026 17:58:47,348

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 17:58:48

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. (VIPUGAL), adscrita á consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e baixo a tutela do Instituto Galego da Vivenda e Solo, configúrase como un instrumento estratéxico da Xunta de Galicia para a promoción e xestión directa de vivenda protexida de promoción pública, cualificada con carácter permanente, así como para o impulso do solo residencial no territorio galego.

Neste contexto, VIPUGAL conta no presente exercicio cun orzamento de 77 millóns de euros, dos cales 40 millóns proceden da transferencia realizada polo IGVS, e atópase xa plenamente operativa, con actuacións en marcha que abranguen un total de 1.777 vivendas, destinadas a garantir o acceso á vivenda en réxime de venda ou alugueiro en condicións reguladas e con prezos taxados pola Administración autonómica.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora o Goberno galego a dotación orzamentaria asignada a VIPUGAL neste exercicio 2026?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026





Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 18:05:42
Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 18:05:56
Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 18:06:02
José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 18:06:12
María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 18:06:22
Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 18:06:28
Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 18:06:36
Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 18:06:44
Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 18:06:54



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 18:11:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51465
Data envío: 22/02/2026 18:11:11.680

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A mellora da rede viaria autonómica constitúe unha prioridade estratéxica do Goberno galego, tanto para reforzar a seguridade viaria como para mellorar a conectividade, a cohesión territorial e as oportunidades de desenvolvemento económico e social, especialmente no medio rural.

Baixo o liderado do Presidente Alfonso Rueda, a Xunta de Galicia vén realizando un esforzo sostido en materia de conservación, mantemento e execución de novas infraestruturas viarias, co obxectivo de garantir desprazamentos máis seguros, cómodos e eficientes en todo o territorio.

Neste contexto enmárcase a aprobación provisional do proxecto para o ensanche e mellora da estrada autonómica PO-230 ao seu paso polos concellos de Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade, unha actuación cun investimento superior aos 4,2 millóns de euros que permitirá mellorar de forma significativa a funcionalidade e a seguridade viaria nun treito de máis de cinco quilómetros, incrementando así as oportunidades para a actividade económica e contribuíndo á fixación de poboación no medio rural.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora o Goberno galego a relevancia desta actuación na PO-230 dentro da estratexia global da Xunta de Galicia en materia de infraestruturas viarias?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026





Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 18:16:36

Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 18:16:42

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 18:16:51

María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 18:16:59

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 18:17:13

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 18:17:22

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 18:17:30

Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 18:17:38

Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 18:17:44



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51467
Data envío: 22/02/2026 18:22:13.044

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 18:22:14

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O acceso a unha vivenda digna e a prezo asumible constitúe na actualidade un dos principais retos sociais aos que deben facer fronte as administracións públicas. A escaseza de oferta, o incremento dos prezos e as dificultades para mobilizar solo e edificacións dispoñibles fan necesario adoptar medidas normativas ambiciosas, áxiles e adaptadas á realidade do territorio galego.

Neste contexto, o Goberno galego vén impulsando unha estratexia integral en materia de vivenda que combina o incremento do parque público, a creación de solo residencial, a mobilización de recursos públicos e privados e a simplificación administrativa, co obxectivo de dar cumprimento ao compromiso de duplicar o parque público de vivenda e promover a construción de 20.000 vivendas protexidas nos vindeiros anos.

A Lei de acompañamento dos orzamentos 2026 introduce modificacións en materia de vivenda, urbanismo, rehabilitación, ordenación do territorio e infraestruturas e supón un paso decisivo nesta folla de ruta, ao incorporar medidas extraordinarias e temporais que permiten axilizar a construción de vivendas protexidas, regular novos modelos residenciais como os aloxamentos compartidos, facilitar a creación de solo residencial mediante proxectos de interese autonómico e reforzar a seguridade xurídica e a eficacia dos procedementos administrativos.

Todas elas son actuacións extraordinarias e temporais en materia de vivenda, orientadas a incrementar o parque público, crear solo residencial, axilizar a construción de vivendas protexidas e adaptar o marco normativo ás necesidades actuais da cidadanía,

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora o Goberno galego o alcance das medidas de incremento da edificabilidade introducidas na Lei de acompañamento aos orzamentos 2026 e que buscan dar resposta á problemática actual de acceso á vivenda a prezo asumible en Galicia?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 18:32:58

Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 18:33:09

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 18:33:24

María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 18:33:42

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 18:33:48

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 18:34:00

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 18:34:11

Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 18:34:17

Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 18:34:24



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51469
Data envío: 22/02/2026 18:37:16.246

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 18:37:17

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A modernización da rede viaria e a mellora da súa xestión constitúen un eixo estratéxico da acción do Goberno galego, especialmente nun contexto no que a dixitalización, a innovación tecnolóxica e o uso intelixente dos datos permiten avanzar cara a infraestruturas máis seguras, eficientes e sostibles.

Neste sentido, a Xunta de Galicia vén traballando desde hai anos na dixitalización dos procedementos administrativos e na xeración dun xemelgo dixital das estradas autonómicas, co obxectivo de axilizar a tramitación, mellorar a calidade da información dispoñible e reforzar a relación dixital coa cidadanía.

Este esforzo materialízase na aprobación da Estratexia de dixitalización e innovación en materia de estradas de Galicia, que fixa retos fundamentais como a mellora da rapidez e eficacia na xestión do dominio público viario, a aplicación de tecnoloxías de big data e intelixencia artificial para o mantemento e conservación das vías, a prevención de accidentes —especialmente os provocados por animais—, a preparación da rede para o despregamento do vehículo autónomo e o impulso da formación especializada. Segundo a información feita pública, esta estratexia desenvolverase ata o ano 2029 e permitirá dar un salto cualitativo na toma de decisións sobre a rede viaria autonómica.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que beneficios concretos prevé o Goberno galego que achegue a Estratexia de Estradas Intelixentes en termos de mellora da seguridade viaria, eficiencia no mantemento e axilidade administrativa?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 18:42:01

Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 18:42:07

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 18:42:18

María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 18:42:25

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 18:42:33

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 18:42:41

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 18:42:58

Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 18:43:06

Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 18:43:13



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 18:45:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51471
Data envío: 22/02/2026 18:45:08.607

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Xunta de Galicia someteu a información pública o proxecto para a execución dunha nova senda peonil na estrada autonómica PO-303, ao seu paso por Samieira, no concello de Poio, cun investimento estimado de arredor de 1,6 millóns de euros e cunha lonxitude aproximada de 1,3 quilómetros.

A iniciativa autonómica nace co obxectivo de mellorar a seguridade viaria e fomentar a mobilidade sustentable nun treito especialmente sensible desde o punto de vista do tránsito peonil e rodado.

Segundo a información feita pública, a previsión do Goberno galego é aprobar definitivamente o proxecto no ano en curso, para proceder posteriormente ás expropiacións necesarias e licitar as obras no mesmo exercicio, no marco da segunda fase do Plan de Sendas de Galicia, financiado con fondos europeos FEDER 21/27.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cales son as previsións concretas do Goberno galego en relación cos prazos de execución da senda peonil prevista na PO-303, ao seu paso por Samieira, no concello de Poio?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026





Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 18:50:16

Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 18:50:23

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 18:50:32

María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 18:50:39

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 18:50:51

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 18:51:00

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 18:51:10

Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 18:51:16

Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 18:51:22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51473
Data envío: 22/02/2026 18:53:32.179

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 18:53:33

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A mellora, conservación e modernización da rede viaria autonómica constitúe unha prioridade estratéxica do Goberno galego, tanto pola súa incidencia directa na seguridade viaria como polo seu papel fundamental na cohesión territorial, no desenvolvemento económico e na vertebración das zonas do interior.

De feito, a Xunta de Galicia vén realizando un esforzo sostido e planificado para adaptar as estradas autonómicas ás necesidades actuais de mobilidade, incrementando os investimentos en mantemento, acondicionamento e creación de novas infraestruturas viarias.

Neste contexto insírese o proxecto de acondicionamento da estrada OU-533 entre A Gudiña e Viana do Bolo, unha vía de importancia estratéxica para o sur da provincia de Ourense, no que se prevé un investimento superior aos 15,2 millóns de euros.

A actuación contempla unha mellora integral do trazado nun treito de 15 quilómetros, a creación de novos carrís adicionais de adiantamento, a execución dunha variante de trazado, a mellora de interseccións e a renovación completa do pavimento, co obxectivo de multiplicar a capacidade de circulación segura e reducir os riscos asociados á falta de visibilidade e aos adiantamentos

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora o galego a relevancia deste proxecto de acondicionamento da estrada OU-533 no marco da política de infraestruturas viarias da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 18:58:43

Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 18:58:50

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 18:58:58

María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 18:59:13

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 18:59:27

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 18:59:35

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 19:00:02

Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 19:00:08

Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 19:00:14



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51475
Data envío: 22/02/2026 19:02:35.638

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 19:02:36

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Xunta de Galicia ten manifestado de forma clara e reiterada o seu compromiso coa mellora das infraestruturas estratéxicas da cidade de Vigo, como demostra a decisión de asumir no mes de xullo de 2025 unha achega do 38 % do orzamento total da obra do túnel de Elduayen, o que supón un investimento de 17,8 millóns de euros. Este compromiso quedou ademais reflectido nos Orzamentos da Xunta para 2026, cunha primeira partida consignada de 1,5 millóns de euros para avanzar nesta actuación clave que conectará a Porta do Sol co Barrio do Cura.

Trátase dunha infraestrutura chamada a ter un impacto moi relevante na mobilidade urbana e na transformación do centro da cidade, que require necesariamente da colaboración e coordinación entre administracións. Porén, segundo se ten indicado, a día de hoxe o Concello de Vigo non remitiu aínda o proxecto construtivo nin as solicitudes necesarias para poder avanzar na execución desta obra, nin tampouco se produciron avances respecto doutras actuacións pendentes como o túnel de Beiramar ou a sinatura do convenio para o desenvolvemento do ámbito PS-1 da ETEA.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é a posición actual da Xunta de Galicia respecto da execución do túnel de Elduayen, en Vigo?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026





Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 22/02/2026 19:07:25
Roberto Rodríguez Martínez na data 22/02/2026 19:07:40
Carmen Pomar Tojo na data 22/02/2026 19:07:49
José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2026 19:08:00
María Nazaret Cendán Gayoso na data 22/02/2026 19:08:10
Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/02/2026 19:08:16
Argimiro Marnotes Fernández na data 22/02/2026 19:08:24
Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2026 19:08:32
Gonzalo Trenor López na data 22/02/2026 19:08:47
Katherinie Varela Fernández na data 22/02/2026 19:08:54



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51477
Data envío: 22/02/2026 19:11:10.610

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 19:11:11

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Galicia posúe unha superficie forestal de 2 millóns de hectáreas, das cales 1.457.331 hectáreas están cubertas de bosques, segundo os datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia. Esta superficie contribúe significativamente á economía e ao entorno natural.

O 29 de xaneiro a Consellería do Medio Rural publicou no Diario Oficial de Galicia unha convocatoria da Consellería do Medio Rural dirixida a promover a reforestación produtiva de terreos forestais tras a corta de madeira, mediante axudas para a plantación de coníferas, frondosas e chopo.

Esta liña de achegas ten como obxectivo fomentar a xestión forestal sustentable, incrementando a multifuncionalidade dos bosques, a súa protección e a súa restauración para lograr o bo estado dos hábitats e das especies relacionados con eles co fin de mellorar os servizos ecolóxicos e a biodiversidade e, dese modo, crear resiliencia ante os efectos do cambio climático nos bosques e sistemas agroforestais.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que novidades incorpora a nova convocatoria dirixida a promover a reforestación produtiva de terreos forestais tras a corta de madeira, mediante axudas para a plantación de coníferas, frondosas e chopo?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 22/02/2026 19:32:45

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/02/2026 19:32:52

José Mato Díaz na data 22/02/2026 19:32:59

Enrique Barreiro Sánchez na data 22/02/2026 19:33:05

Cristina Campero Dorado na data 22/02/2026 19:33:13

Juan Manuel Casares Gándara na data 22/02/2026 19:33:22

Nicole Grueira Fernández na data 22/02/2026 19:33:32

Ángel Rodríguez Conde na data 22/02/2026 19:33:44

Cecilia Vázquez Suárez na data 22/02/2026 19:33:53



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51480
Data envío: 22/02/2026 19:36:49.987

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 19:36:51

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O rural de Galicia é un medio inherente á nosa condición de galegos, produce alimentos e materias primas de calidade excepcional que aseguran o subministro alimentario e manteñen vivo os nosos municipios máis pequenos. Ademais, a actividade conxunta e equilibrada neste medio achega multitude de beneficios ecosistemáticos e sociais.

Neste contexto, iniciativas como os certames e feiras de gando serven dunha parte, para poñer de manifesto os avances acadados tras a aplicación dos distintos programas de mellora gandeira, fomentando as razas criadas en pureza e, por outra, contribúen a estimular o espírito competitivo dos gandeiros expositores, á vez que se constitúen en escola de aprendizaxe para mozos gandeiros.

Para a celebración de certames gandeiros resulta imprescindible contar coa colaboración dos concellos galegos, as asociacións de criadores, organizacións empresariais e outras entidades gandeiras, pero tamén a colaboración e apoio da Xunta de Galicia.

O 12 de xaneiro a Consellería de Medio Rural publicou no DOG a orde que regula unha liña de axudas para organización de certames de gando bovino selecto.

As axudas teñen como obxectivo fomentar a celebración deste tipo de eventos en distintos puntos de Galicia. A convocatoria conta cunha dotación orzamentaria total de 150.000 euros para o exercicio 2026.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca desta convocatoria de axudas para organización de certames de gando bovino selecto?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 22/02/2026 19:46:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/02/2026 19:46:28

José Mato Díaz na data 22/02/2026 19:46:36

Enrique Barreiro Sánchez na data 22/02/2026 19:46:41

Cristina Campero Dorado na data 22/02/2026 19:46:53

Juan Manuel Casares Gándara na data 22/02/2026 19:47:07

Nicole Grueira Fernández na data 22/02/2026 19:47:17

Ángel Rodríguez Conde na data 22/02/2026 19:47:25

Cecilia Vázquez Suárez na data 22/02/2026 19:47:35



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 19:50:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51484
Data envío: 22/02/2026 19:50:18.381

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Consellería do Medio Rural vén de publicar unha novidosa convocatoria de axudas para a prestación de servizos básicos locais que propicien a revitalización do tecido produtivo e a fixación de poboación en áreas rurais.

Esta nova liña forma parte da decidida aposta do Goberno galego, que preside Alfonso Rueda, por impulsar a recuperación demográfica e a creación de condicións de vida de calidade no medio rural.

Desta partida poden beneficiarse todos os concellos de Galicia que desenvolvan os seus proxectos en zonas rurais, a excepción daquelas parroquias clasificadas como zonas densamente poboadas segundo o seu grao de urbanización recollido polo Instituto Galego de Estatística (IGE). Estas parroquias localízanse nas sete cidades galegas e nos concellos de Culleredo, Narón, Oleiros, Barbadás e Poio.

O acceso a servizos públicos de calidade non debe ser un privilexio, senón un dereito mínimo garantido que actúe como o principal motor para a fixación de poboación e a revitalización económica das nosas parroquias.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que proxectos poden resultar beneficiados a través da orde de axudas para a mellora de servizos no rural e o apoio a fixación de poboación?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 22/02/2026 20:37:17

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/02/2026 20:37:27

José Mato Díaz na data 22/02/2026 20:37:45

Enrique Barreiro Sánchez na data 22/02/2026 20:37:52

Cristina Campero Dorado na data 22/02/2026 20:38:00

Juan Manuel Casares Gándara na data 22/02/2026 20:38:12

Nicole Grueira Fernández na data 22/02/2026 20:38:24

Ángel Rodríguez Conde na data 22/02/2026 20:38:34

Cecilia Vázquez Suárez na data 22/02/2026 20:38:43



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 20:41:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51488
Data envío: 22/02/2026 20:41:32.418

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O rural de Galicia é un medio inherente á nosa condición de galegos, produce alimentos e materias primas de calidade excepcional que aseguran o subministro alimentario e manteñen os nosos municipios máis pequenos. Ademais, a actividade conxunta e equilibrada neste medio achega multitude de beneficios ecosistematicos e sociais.

Neste contexto, cómpre lembrar que o sector apícola en Galicia é un motor económico en auge, de feito somos a terceira comunidade española con máis explotacións caracterizadas pola calidade do seu mel, moita da cal comercialízase baixo a IXP Mel de Galicia e, como tal, este sector recibe apoios da Xunta.

O 30 de xaneiro a Consellería de Medio Rural publicou no Diario Oficial de Galicia a orde que regula a convocatoria de axudas dirixidas ao sector apícola para financiar actuacións realizadas durante a campaña comprendida entre o 1 de agosto de 2025 e o 31 de xullo de 2026.

As axudas teñen como finalidade mellorar a competitividade das explotacións apícolas mediante o apoio a servizos técnicos, investimentos, mellora sanitaria, incremento da produción e accións de promoción e comercialización destes produtos. A convocatoria conta cunha dotación orzamentaria de máis de 1,4 millóns de euros.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que proxectos poden resultar beneficiados da nova convocatoria de axudas para o sector apícola?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 22/02/2026 20:47:53

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/02/2026 20:48:00

José Mato Díaz na data 22/02/2026 20:48:08

Enrique Barreiro Sánchez na data 22/02/2026 20:48:14

Cristina Campero Dorado na data 22/02/2026 20:48:28

Juan Manuel Casares Gándara na data 22/02/2026 20:48:39

Nicole Grueira Fernández na data 22/02/2026 20:48:50

Ángel Rodríguez Conde na data 22/02/2026 20:48:57

Cecilia Vázquez Suárez na data 22/02/2026 20:49:06



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 20:51:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51492
Data envío: 22/02/2026 20:51:04.261

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O Rural de Galicia é un medio inherente á nosa condición, produce alimentos e materias primas de calidade excepcional que aseguran o subministro alimentario e manteñen vivos os concellos de menor tamaño. Neste contexto, as razas autóctonas galegas constitúen un patrimonio xenético e ecolóxico incalculable.

Máis alá do seu valor biolóxico, estas razas son o alicerce de moitas explotacións que operan en sistemas extensivos, fixando poboación en zonas de montaña e contribuíndo á xestión do territorio e á prevención de incendios forestais.

A recente publicación da convocatoria de axudas pola Consellería do Medio Rural, cun orzamento de 270.000 euros, supón un recoñecemento ao labor das asociacións de criadores. Estas entidades son as encargadas de tarefas tan complexas como a xestión dos Libros Xenealóxicos, o desenvolvemento dos Programas de Cría e a conservación do noso gando.

Porén, nun contexto de incremento de custos de produción resulta preciso avaliar se o apoio da Administración autonómica é abondo para garantir a modernización das vertentes xenéticas e a rendibilidade real dos produtores.

A supervivencia destas razas depende directamente da viabilidade económica das explotacións e da capacidade das asociacións para ofrecer servizos técnicos de calidade.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca desta convocatoria de axudas en recoñecemento ao labor das asociacións de criadores de razas autóctonas?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 22/02/2026 20:59:32

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/02/2026 20:59:42

José Mato Díaz na data 22/02/2026 20:59:51

Enrique Barreiro Sánchez na data 22/02/2026 20:59:56

Cristina Campero Dorado na data 22/02/2026 21:00:05

Juan Manuel Casares Gándara na data 22/02/2026 21:00:11

Nicole Grueira Fernández na data 22/02/2026 21:00:22

Ángel Rodríguez Conde na data 22/02/2026 21:00:28

Cecilia Vázquez Suárez na data 22/02/2026 21:00:37



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51494
Data envío: 22/02/2026 21:02:41.577

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/02/2026 21:02:42

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urxencia de a Xunta rectificar e ampliar o prazo de presentación de solicitudes á convocatoria de subvencións para a participación de persoas escritoras, ilustradoras, tradutoras e editoras nas actividades que se celebren no sector do libro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 22 de xaneiro publicou a convocatoria de subvencións para a participación de persoas escritoras, ilustradoras, tradutoras e editoras nas actividades que se celebren no sector do libro.

O prazo de presentación de solicitudes é dun mes, a diferenza das convocatorias de anos anteriores en que este prazo abrangía varios meses.

As traballadoras do sector do libro, a quen vai dirixida esta convocatoria, non comprenden esta redución de prazos xa que, polas características do obxecto da mesma, non é posíbel saber a comezos de ano o calendario dos diferentes eventos vinculados ao sector do libro que se van celebrar tanto a nivel estatal como internacional nin a dispoñibilidade das axentes da creación literaria.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai rectificar a Xunta e ampliar o prazo de presentación de solicitudes para se axustar ás convocatorias anteriores?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/02/2026 10:57:26

Iria Taibo Corsanego na data 23/02/2026 10:57:32

Daniel Castro García na data 23/02/2026 10:57:41



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 10:58:44
Nº Rexistro: 51502
Data envío: 23/02/2026 10:58:44.464

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 10:58:45

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O acceso á vivenda constitúe un dos principais problemas sociais de Galicia, especialmente para a mocidade e as familias con menos recursos, nun contexto de incremento continuado dos prezos do aluguer e de crecente dificultade para atopar vivendas dispoñibles a prezos asumibles. Galicia conta cun parque de máis de 500.000 vivendas baleiras, o que evidencia unha grave falta de eficiencia estrutural na mobilización deste recurso residencial cara ao mercado do aluguer.

A Xunta de Galicia puxo en marcha o programa denominado “Fogar Vivo” como instrumento para incentivar a incorporación de vivendas baleiras ao mercado mediante a concesión de axudas ás persoas propietarias. Segundo os propios datos do goberno galego do Sr. Rueda, este programa beneficiou a 238 persoas e contou cun crédito total de 1,4 millóns de euros. Trátase dun esforzo orzamentario claramente insuficiente se se compara coa magnitude do problema existente e co volume de vivendas baleiras na nosa Comunidade Autónoma.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia rexeitou as propostas formuladas polo Grupo Parlamentario Socialista para a posta en marcha dun Banco Público de Aluguer ou doutros instrumentos de mobilización estrutural da vivenda baleira, argumentando que xa dispoñía do seu propio plan, Fogar Vivo. Porén, os datos coñecidos amosan que estamos ante unha medida de alcance moi limitado, incapaz de incidir de maneira significativa no mercado do aluguer nin de dar resposta ás necesidades reais da cidadanía.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)

Asinado o día 23/02/2026 ás
11:09
Por Carlos López Font

Asinado o día 23/02/2026 ás
11:09
Por Aitor Bouza Manso



Ademais, existen importantes interrogantes sobre o funcionamento efectivo do programa, en particular no que atinxe á determinación e control dos prezos dos alugueres das vivendas incorporadas, á verificación de que estas vivendas se puxeron efectivamente en aluguer nas condicións esixidas e ao seguimento posterior para garantir que non se produce un uso meramente instrumental da axuda sen impacto real no acceso á vivenda. Resulta igualmente necesario coñecer cales foron os prezos finais dos contratos formalizados e que mecanismos de inspección e control se están a aplicar.

Á vista do exposto, é lexítimo cuestionar se a Xunta de Galicia considera suficiente e exitoso un plan que beneficiou a 238 persoas nun territorio con máis de medio millón de vivendas baleiras, así como cal é a avaliación real do impacto desta medida sobre o mercado do aluguer en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar a dotación orzamentaria do programa Fogar Vivo e fixar obxectivos anuais cuantificados de vivendas mobilizadas?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro do 2026





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 23/02/2026 11:09:39

Carlos López Font na data 23/02/2026 11:09:45



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 11:16:22
Nº Rexistro: 51513
Data envío: 23/02/2026 11:16:22.187

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 11:16:22

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O acceso á vivenda constitúe un dos principais problemas sociais de Galicia, especialmente para a mocidade e as familias con menos recursos, nun contexto de incremento continuado dos prezos do aluguer e de crecente dificultade para atopar vivendas dispoñibles a prezos asumibles. Galicia conta cun parque de máis de 500.000 vivendas baleiras, o que evidencia unha grave falta de eficiencia estrutural na mobilización deste recurso residencial cara ao mercado do aluguer.

A Xunta de Galicia puxo en marcha o programa denominado “Fogar Vivo” como instrumento para incentivar a incorporación de vivendas baleiras ao mercado mediante a concesión de axudas ás persoas propietarias. Segundo os propios datos do goberno galego do Sr. Rueda, este programa beneficiou a 238 persoas e contou cun crédito total de 1,4 millóns de euros. Trátase dun esforzo orzamentario claramente insuficiente se se compara coa magnitude do problema existente e co volume de vivendas baleiras na nosa Comunidade Autónoma.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia rexeitou as propostas formuladas polo Grupo Parlamentario Socialista para a posta en marcha dun Banco Público de Aluguer ou doutros instrumentos de mobilización estrutural da vivenda baleira, argumentando que xa dispoñía do seu propio plan, Fogar Vivo. Porén, os datos coñecidos amosan que estamos ante unha medida de alcance moi limitado, incapaz de incidir de maneira significativa no mercado do aluguer nin de dar resposta ás necesidades reais da cidadanía.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)

Asinado o día 23/02/2026 ás
11:09
Por Carlos López Font

Asinado o día 23/02/2026 ás
11:09
Por Aitor Bouza Manso





Ademais, existen importantes interrogantes sobre o funcionamento efectivo do programa, en particular no que atinxe á determinación e control dos prezos dos alugueres das vivendas incorporadas, á verificación de que estas vivendas se puxeron efectivamente en aluguer nas condicións esixidas e ao seguimento posterior para garantir que non se produce un uso meramente instrumental da axuda sen impacto real no acceso á vivenda. Resulta igualmente necesario coñecer cales foron os prezos finais dos contratos formalizados e que mecanismos de inspección e control se están a aplicar.

Á vista do exposto, é lexítimo cuestionar se a Xunta de Galicia considera suficiente e exitoso un plan que beneficiou a 238 persoas nun territorio con máis de medio millón de vivendas baleiras, así como cal é a avaliación real do impacto desta medida sobre o mercado do aluguer en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia que un programa dotado con 1,4 millóns de euros e con 238 persoas beneficiarias é suficiente e exitoso para afrontar a mobilización da vivenda baleira en Galicia, tendo en conta que existen máis de 500.000 vivendas baleiras?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 23/02/2026 11:09:52

Carlos López Font na data 23/02/2026 11:09:58



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 11:18:32
Nº Rexistro: 51518
Data envío: 23/02/2026 11:18:32.964

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 11:18:33

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O acceso á vivenda constitúe un dos principais problemas sociais de Galicia, especialmente para a mocidade e as familias con menos recursos, nun contexto de incremento continuado dos prezos do aluguer e de crecente dificultade para atopar vivendas dispoñibles a prezos asumibles. Galicia conta cun parque de máis de 500.000 vivendas baleiras, o que evidencia unha grave falta de eficiencia estrutural na mobilización deste recurso residencial cara ao mercado do aluguer.

A Xunta de Galicia puxo en marcha o programa denominado “Fogar Vivo” como instrumento para incentivar a incorporación de vivendas baleiras ao mercado mediante a concesión de axudas ás persoas propietarias. Segundo os propios datos do goberno galego do Sr. Rueda, este programa beneficiou a 238 persoas e contou cun crédito total de 1,4 millóns de euros. Trátase dun esforzo orzamentario claramente insuficiente se se compara coa magnitude do problema existente e co volume de vivendas baleiras na nosa Comunidade Autónoma.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia rexeitou as propostas formuladas polo Grupo Parlamentario Socialista para a posta en marcha dun Banco Público de Aluguer ou doutros instrumentos de mobilización estrutural da vivenda baleira, argumentando que xa dispoñía do seu propio plan, Fogar Vivo. Porén, os datos coñecidos amosan que estamos ante unha medida de alcance moi limitado, incapaz de incidir de maneira significativa no mercado do aluguer nin de dar resposta ás necesidades reais da cidadanía.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)

Asinado o día 23/02/2026 ás
11:10
Por Carlos López Font

Asinado o día 23/02/2026 ás
11:10
Por Aitor Bouza Manso





Ademais, existen importantes interrogantes sobre o funcionamento efectivo do programa, en particular no que atinxe á determinación e control dos prezos dos alugueres das vivendas incorporadas, á verificación de que estas vivendas se puxeron efectivamente en aluguer nas condicións esixidas e ao seguimento posterior para garantir que non se produce un uso meramente instrumental da axuda sen impacto real no acceso á vivenda. Resulta igualmente necesario coñecer cales foron os prezos finais dos contratos formalizados e que mecanismos de inspección e control se están a aplicar.

Á vista do exposto, é lexítimo cuestionar se a Xunta de Galicia considera suficiente e exitoso un plan que beneficiou a 238 persoas nun territorio con máis de medio millón de vivendas baleiras, así como cal é a avaliación real do impacto desta medida sobre o mercado do aluguer en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Estableceu a Xunta de Galicia algún criterio para a determinación do prezo do aluguer das vivendas incorporadas ao programa Fogar Vivo?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 23/02/2026 11:10:05

Carlos López Font na data 23/02/2026 11:10:11



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 11:20:01
Nº Rexistro: 51522
Data envío: 23/02/2026 11:20:01.571

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 11:20:03

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O acceso á vivenda constitúe un dos principais problemas sociais de Galicia, especialmente para a mocidade e as familias con menos recursos, nun contexto de incremento continuado dos prezos do aluguer e de crecente dificultade para atopar vivendas dispoñibles a prezos asumibles. Galicia conta cun parque de máis de 500.000 vivendas baleiras, o que evidencia unha grave falta de eficiencia estrutural na mobilización deste recurso residencial cara ao mercado do aluguer.

A Xunta de Galicia puxo en marcha o programa denominado “Fogar Vivo” como instrumento para incentivar a incorporación de vivendas baleiras ao mercado mediante a concesión de axudas ás persoas propietarias. Segundo os propios datos do goberno galego do Sr. Rueda, este programa beneficiou a 238 persoas e contou cun crédito total de 1,4 millóns de euros. Trátase dun esforzo orzamentario claramente insuficiente se se compara coa magnitude do problema existente e co volume de vivendas baleiras na nosa Comunidade Autónoma.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia rexeitou as propostas formuladas polo Grupo Parlamentario Socialista para a posta en marcha dun Banco Público de Aluguer ou doutros instrumentos de mobilización estrutural da vivenda baleira, argumentando que xa dispoñía do seu propio plan, Fogar Vivo. Porén, os datos coñecidos amosan que estamos ante unha medida de alcance moi limitado, incapaz de incidir de maneira significativa no mercado do aluguer nin de dar resposta ás necesidades reais da cidadanía.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)

Asinado o día 23/02/2026 ás
11:10
Por Carlos López Font

Asinado o día 23/02/2026 ás
11:10
Por Aitor Bouza Manso





Ademais, existen importantes interrogantes sobre o funcionamento efectivo do programa, en particular no que atinxe á determinación e control dos prezos dos alugueres das vivendas incorporadas, á verificación de que estas vivendas se puxeron efectivamente en aluguer nas condicións esixidas e ao seguimento posterior para garantir que non se produce un uso meramente instrumental da axuda sen impacto real no acceso á vivenda. Resulta igualmente necesario coñecer cales foron os prezos finais dos contratos formalizados e que mecanismos de inspección e control se están a aplicar.

Á vista do exposto, é lexítimo cuestionar se a Xunta de Galicia considera suficiente e exitoso un plan que beneficiou a 238 persoas nun territorio con máis de medio millón de vivendas baleiras, así como cal é a avaliación real do impacto desta medida sobre o mercado do aluguer en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai a Xunta de Galicia publicar datos agregados e verificables sobre a duración e os prezos e dos alugueres resultantes do programa por concello e tipoloxía de vivenda para garantir transparencia e avaliación pública?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 23/02/2026 11:10:21

Carlos López Font na data 23/02/2026 11:10:43





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 11:22:25

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O acceso á vivenda constitúe un dos principais problemas sociais de Galicia, especialmente para a mocidade e as familias con menos recursos, nun contexto de incremento continuado dos prezos do aluguer e de crecente dificultade para atopar vivendas dispoñibles a prezos asumibles. Galicia conta cun parque de máis de 500.000 vivendas baleiras, o que evidencia unha grave falta de eficiencia estrutural na mobilización deste recurso residencial cara ao mercado do aluguer.

A Xunta de Galicia puxo en marcha o programa denominado “Fogar Vivo” como instrumento para incentivar a incorporación de vivendas baleiras ao mercado mediante a concesión de axudas ás persoas propietarias. Segundo os propios datos do goberno galego do Sr. Rueda, este programa beneficiou a 238 persoas e contou cun crédito total de 1,4 millóns de euros. Trátase dun esforzo orzamentario claramente insuficiente se se compara coa magnitude do problema existente e co volume de vivendas baleiras na nosa Comunidade Autónoma.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia rexeitou as propostas formuladas polo Grupo Parlamentario Socialista para a posta en marcha dun Banco Público de Aluguer ou doutros instrumentos de mobilización estrutural da vivenda baleira, argumentando que xa dispoñía do seu propio plan, Fogar Vivo. Porén, os datos coñecidos amosan que estamos ante unha medida de alcance moi limitado, incapaz de incidir de maneira significativa no mercado do aluguer nin de dar resposta ás necesidades reais da cidadanía.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)

Asinado o día 23/02/2026 ás
11:10
Por Carlos López Font

Asinado o día 23/02/2026 ás
11:10
Por Aitor Bouza Manso





Ademais, existen importantes interrogantes sobre o funcionamento efectivo do programa, en particular no que atinxe á determinación e control dos prezos dos alugueres das vivendas incorporadas, á verificación de que estas vivendas se puxeron efectivamente en aluguer nas condicións esixidas e ao seguimento posterior para garantir que non se produce un uso meramente instrumental da axuda sen impacto real no acceso á vivenda. Resulta igualmente necesario coñecer cales foron os prezos finais dos contratos formalizados e que mecanismos de inspección e control se están a aplicar.

Á vista do exposto, é lexítimo cuestionar se a Xunta de Galicia considera suficiente e exitoso un plan que beneficiou a 238 persoas nun territorio con máis de medio millón de vivendas baleiras, así como cal é a avaliación real do impacto desta medida sobre o mercado do aluguer en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que mecanismos de control, inspección e seguimento aplica a Xunta de Galicia para verificar que a vivenda se puxo en aluguer nas condicións esixidas e que se mantén durante o período establecido, e con que frecuencia se realizan esas comprobacións?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 23/02/2026 11:10:52

Carlos López Font na data 23/02/2026 11:10:57



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 11:23:23
Nº Rexistro: 51529
Data envío: 23/02/2026 11:23:23.431

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 11:23:24

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 23/02/2026 ás 13:07
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Luis Bará Torres e Secundino Fernández Fernández, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a defensa das comunidades de montes fronte á reclamación de débedas pola Xunta e a garantía dunha devolución xusta da xestión dos montes.

Asinado o día 23/02/2026 ás 13:07
Por Secundino Fernández
Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia xestiona na actualidade preto de 230.000 hectáreas de monte privado mediante antigas figuras xurídicas de consorcios e convenios, creadas a partir dos anos cincuenta, polas que a Administración asumía os gastos de repoboación e ordenación forestal a cambio de quedarse cos ingresos da venda da madeira e outros aproveitamentos.

A pesar desta cesión longa no tempo, o Goberno galego non deu por recuperada a totalidade dos supostos “investimentos” realizados e pretende devolver agora a xestión destes montes aos seus titulares —na súa maioría comunidades de montes veciñais en man común— condicionando esa devolución ao pagamento dunha débeda que estas entidades consideran, en boa medida, allea á súa responsabilidade e derivada dunha mala planificación e execución da propia Administración.

A Organización Galega de Comunidades de Montes advertiu de que esta situación afecta arredor de 150.000 hectáreas de monte veciñal e outras figuras de titularidade colectiva, cunhas contías reclamadas que, segundo os seus cálculos, oscilan entre os 15.000 e os 165.000 euros por comunidade. Esta carga económica resulta

Asinado o día 23/02/2026 ás 13:07
Por Montserrat Valcárcel Armesto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inasumíbel para moitas mancomunidades e comunidades de montes, que se ven colocadas ante a disxuntiva de pagar unhas débedas que non recoñecen ou continuar baixo fórmulas de xestión pública deseñadas unilateralmente pola Xunta.

En 2018 estimouse que a suma global destas débedas acadaba os 42 millóns de euros, sen que a Consellería do Medio Rural publicase desde entón actualización desagregada das contas, investimentos, ingresos e saldos por monte ou por comarca. Esta opacidade dificulta o dereito das comunidades a coñecer con precisión a situación económica real derivada dos convenios e consorcios, así como a eventual existencia de saldos favorábeis ás propias comunidades polo conxunto de rendas xeradas ao longo das décadas.

Paralelamente, o Plan Forestal de Galicia 2021 2040 e o proxecto de decreto polo que se aproba o regulamento dos contratos temporais de xestión pública prevén a cancelación progresiva dos actuais convenios e consorcios e a súa substitución por novos contratos temporais de xestión pública cunha duración de arredor de 10 anos, nos que a Administración adianta investimentos que logo deben ser reintegrados polos titulares cando perciban os beneficios da explotación, aínda que cunha porcentaxe de cobertura mediante axudas públicas que podería situarse entre o 50% e o 80%.

Estes novos contratos preséntanse como máis flexíbeis que os antigos consorcios, mais, na práctica, para aquelas comunidades ás que se lles esixen débedas elevadas, poden converterse nun mecanismo de presión que obriga a manter a cesión da xestión, limitando a súa capacidade para desenvolver proxectos propios de silvicultura sustentábel, diversificación de usos do monte, prevención de incendios ou iniciativas de economía local vinculadas ao territorio.

Cómpre lembrar que o modelo de consorcios e convenios foi impulsado nun contexto histórico centralista, no que as comunidades de montes tiveron unha capacidade moi limitada de decisión, e que numerosos estudos e análises teñen sinalado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que esas fórmulas supuxeron, en moitos casos, a substitución de usos tradicionais do monte, o empobrecemento das comunidades rurais e a perda de oportunidades de desenvolver unha xestión multifuncional adaptada ás necesidades locais.

No momento actual, a prioridade das políticas públicas debería ser fortalecer a gobernanza democrática dos montes veciñais, recoñecer o papel chave das comunidades na prevención de incendios, na conservación da biodiversidade e na loita contra o despoboamento, e facilitar a recuperación da xestión directa dos montes sen impor cargas económicas desproporcionadas nin reproducir relacións de dependencia co sector privado.

A prórroga de dous anos adicionais, até decembro de 2027, para proceder á liquidación das débedas e á cancelación dos antigos convenios e consorcios, acordada pola Consellería do Medio Rural, abre unha xanela de oportunidade para redefinir este proceso en termos xustos, transparentes e participados coas comunidades de montes e coas súas organizacións representativas.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia debe posicionarse claramente a favor da defensa das comunidades de montes veciñais en man común, da transparencia na contabilidade dos convenios e consorcios e dun modelo de xestión forestal que poña no centro a titularidade e a decisión das comunidades rurais.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para evitar que a reclamación de débedas pola xestión de antigos convenios e consorcios forestais impida ás comunidades de montes veciñais recuperar a xestión directa dos seus montes?

Santiago de Compostela, á data da sintaura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 23/02/2026 13:07:05

Secundino Fernández Fernández na data 23/02/2026 13:07:15

Luis Bará Torres na data 23/02/2026 13:07:24



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 13:09:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 13:09:11
Nº Rexistro: 51540
Data envío: 23/02/2026 13:09:11.461

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O traballo que realizan as enfermeiras e os enfermeiros nos centros de atención a persoas dependentes da cidade de Vigo, resulta esencial para garantir unha atención integral, digna, humana, segura e centrada nas persoas que están nos devanditos centros.

Porque as enfermeiras e os enfermeiros nos centros de atención a persoas dependentes desempeñan un labor fundamental no coidado integral das persoas residentes, asumindo funcións asistenciais, preventivas e de seguimento clínico, pero tamén no control e administración de tratamentos, na prevención de complicacións e na coordinación co resto do equipo sociosanitario, ademais de ofrecer un acompañamento humano imprescindible ás persoas usuarias e ás súas familias.

A súa intervención resulta clave para manter a autonomía, a dignidade e a calidade de vida das persoas en situación de dependencia, especialmente nos caos de maior vulnerabilidade

Por isto e moitas máis razóns, consideramos necesario o recoñecer, apoiar e reforzar o seu labor, o papel das enfermeiras e dos enfermeiros nestes centros, promovendo recursos suficientes e condicións laborais axeitadas que garantan unha atención de calidade e un sistema de coidados sólido e sostible.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)

Asinado o día 23/02/2026 ás
16:45
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 23/02/2026 ás
16:45
Por Elena Espinosa Mangana





Pero a realidade que viven hoxe en día non é a mellor. A sobre carga de traballo asistencial, somete a estes profesionais a un esgotamento extremo, ata o límite, que temen poñer en risco a seguridade non só das traballadoras senón tamén dos residentes. E esta sobrecarga asistencial que viven impídelles ofrecer unha atención adecuada ao residentes.

E a esta situación, súmanse, nalgúns ocasións, agresións verbais ou mesmo físicas por parte de residentes e dos seus familiares.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Vai a Xunta de Galicia modificar os cocientes actuais en enfermeiras e enfermeiros nos centros de atención a dependencia de Vigo, para que poidan levar a cabo unha atención integral e digna ás persoas residentes nos devanditos centros?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



PSG^{DE}
PSOE



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 16:47:58
Nº Rexistro: 51565
Data envío: 23/02/2026 16:47:58.590



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 23/02/2026 16:45:24

Silvia Longueira Castro na data 23/02/2026 16:45:31



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 16:47:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 16:47:58
Nº Rexistro: 51565
Data envío: 23/02/2026 16:47:58.590

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Recursos de Galicia (RDG) constitúese como unha sociedade mercantil na que a Xunta de Galicia participa nun 30 % do seu accionariado, exercendo unha influencia pública significativa tanto pola súa presenza no capital social como pola súa participación na orientación estratéxica da entidade.

Recentemente, RDG adquiriu o parque eólico Mondigo por un importe de 75 millóns de euros, operación que supón un investimento de gran relevancia económica e estratéxica no ámbito enerxético galego. Esta adquisición, pola súa contía e impacto, afecta de maneira directa ao interese público, non só pola participación accionarial da Xunta, senón tamén polas implicacións económicas, sociais e territoriais do proxecto.

Porén, a información pública facilitada sobre esta operación foi limitada e insuficiente. Non se fixo pública a documentación íntegra da adquisición, nin os informes de valoración independentes, nin o plan de negocio que sustenta a rendibilidade prevista do investimento. Tampouco se detallou con claridade cal é a exposición real de fondos públicos nin os mecanismos de control e seguimento da operación.

Cómpre lembrar que o Consello de Contas de Galicia ten sinalado que, nos supostos nos que exista unha influencia pública significativa por parte da Administración autonómica nunha sociedade mercantil, esta debe reforzar as

Asinado o día 23/02/2026 ás
16:53
Por Lara Méndez López

Asinado o día 23/02/2026 ás
16:53
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





súas obrigas de transparencia, rendición de contas e sometemento aos principios de publicidade e control propios do sector público.

A participación do 30 % da Xunta en RDG, xunto coa natureza estratéxica dos proxectos nos que intervén, evidencia a necesidade de garantir estándares reforzados de transparencia, acceso á información, control parlamentario e fiscalización pública.

A cidadanía galega ten dereito a coñecer con claridade:

- Cal é o alcance real do investimento público.
- Que riscos económicos se asumen.
- Como se financian as medidas anunciadas, como a bonificación do 80 % da factura eléctrica ás familias da contorna.500 veciños. Falase de consumo, non de factura
- Que mecanismos existen para garantir a sustentabilidade económica da operación.

A ausencia de información detallada erosiona a confianza institucional e dificulta o exercicio das funcións de control que corresponden ao Parlamento de Galicia. Por todo o exposto, resulta necesario reforzar os mecanismos de transparencia e rendición de contas de Recursos de Galicia, garantindo a súa suxeición efectiva aos principios de publicidade, control e responsabilidade pública.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Pode o Goberno galego detallar canto diñeiro público, directa ou indirectamente, foi comprometido na operación de adquisición por 75 millóns de euros do parque eólico de Mondigo pola sociedade Recursos de Galicia, na que a Xunta ten o 30 % do accionariado, e explicar por que non se fixo pública toda a información necesaria para garantir a transparencia e a rendición de contas desta operación?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 23/02/2026 16:53:40

Lara Méndez López na data 23/02/2026 16:53:46



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 16:58:37
Nº Rexistro: 51573
Data envío: 23/02/2026 16:58:37.650

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 16:58:38

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia constata que, nos últimos tempos, detectáronse prácticas reiteradas de adxudicación de contratos públicos sen concorrencia ou “a dedo” por parte de distintas entidades do Sector público Autonómico baixo o gobernos do Partido Popular, con coincidencias que evidencian un patrón de falta de transparencia e conflitos de interese.

Estas prácticas evidencian a necesidade de adoptar medidas estruturais que garanten a transparencia, a integridade institucional e a prevención de conflitos de interese nas contratacións públicas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas concretas adoptará a Xunta para garantir a transparencia e prevención dos conflitos de intereses nos contratos públicos do Goberno galego?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro do 2026





Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 23/02/2026 17:25:33

Paloma Castro Rey na data 23/02/2026 17:25:39

Elena Espinosa Mangana na data 23/02/2026 17:25:45



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 17:29:57
Nº Rexistro: 51584
Data envío: 23/02/2026 17:29:57.118

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 17:29:57

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a afectación dos temporais no marisqueo da ría de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días mergulladores e o sector do marisqueo principalmente da Illa de Arousa, mais tamén do resto da ría de Arousa, Cambados, Vilanova, Vilaxoán e Carril, daban a voz de alarma diante da situación catastrófica dos bancos.

Describen como cemiterio de navallas e longueiróns o que se están atopando, centos de quilos de produto morto. Situación similar é a do marisqueo e das algas.

As confrarías están avaliando en miles de euros as perdas, as empregadas na rexeneración, xa non no presente senón de cara aos vindeiros anos, cunhas repercusións moi negativas no emprego no sector extractivo e no das propias confrarías.

A orixe do problema está na baixada da salinidade da auga motivada polas abundantes choivas máis tamén sospeitan da apertura de encores, especialmente Portodemouros, dado que en pouco máis de dúas horas a salinidade baixou de 20 a 0.

O Partido na Xunta de Galiza ten que deixar a súa pasividade e poñerse do lado do sector dunha vez por todas; está en xogo o medio de vida de miles de familias da comarca do Salnés.

Asinado o día 23/02/2026 ás
18:31
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado o día 23/02/2026 ás
18:31
Por María Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai poñer a Xunta en marcha liñas de axudas directas e urxentes para os sectores afectados das confrarías afectadas, Cambados, Illa de Arousa, Vilanova, Vilaxoán, Carril...?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/02/2026 18:31:14

Rosana Pérez Fernández na data 23/02/2026 18:31:23



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51601
Data envío: 23/02/2026 18:32:00.610

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 18:32:01

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Nos últimos anos tense observado un incremento significativo da utilización por parte da Xunta de Galicia e das entidades integrantes do sector público autonómico da figura do contrato privado de patrocinio —ou de supostos “convenios de colaboración” con finalidade de patrocinio— para financiar eventos deportivos, congresos, feiras, seminarios e diversas actividades organizadas por entidades privadas.

A diferenza das subvencións públicas sometidas a principios de publicidade, igualdade e concorrencia competitiva, ou dos convenios administrativos baseados nun interese mutuo real e recíproco, a figura do patrocinio funciona como un contrato privado orientado ao retorno publicitario, no que a Administración actúa como se fose un operador económico máis, pero utilizando recursos públicos. Esta figura, mal regulada e escasamente acoutada normativamente, vén empregándose con frecuencia pola Xunta para achegar fondos sen concorrencia, sen publicidade previa e sen criterios obxectivos coñecidos, a través de procedementos negociados sen publicidade ou acordos directos.

Particularmente significativo foi o caso da regata Juan Carlos I en Sanxenxo, que recibiu 140.000 euros de fondos públicos —60.000 euros da Xunta e 81.818,18 euros da Deputación de Pontevedra—, ambos mediante procedementos opacos e sen posibilidade de control real por parte da cidadanía. Non existe unha





plataforma pública que permita coñecer os detalles destes convenios ou contratos, nin os criterios polos que se decide patrocinar un evento e non outro.

Esta práctica está lonxe de ser un caso illado. No ámbito autonómico existen decenas de achegas económicas efectuadas baixo a figura do patrocinio por parte de consellerías, organismos autónomos, consorcios, fundacións públicas e sociedades públicas autonómicas, sen que exista unha planificación estratéxica, unha convocatoria transparente nin un marco regulador que garanta o respecto aos principios básicos de publicidade, concorrència e igualdade de trato.

Este uso discrecional do patrocinio permítelle á Xunta repartir fondos públicos “a dedo”, reproducindo un patrón similar ao das subvencións de concesión directa aos concellos afíns, afastándose dos estándares de transparencia e bo goberno que deben presidir a xestión dos recursos públicos.

Resulta por tanto imprescindible que o Parlamento galego impulse unha ordenación integral da figura do patrocinio no sector público autonómico, garantindo transparencia, publicidade activa e control parlamentario, e recoñecendo a obriga de publicar todos os convenios, contratos e achegas vinculadas a esta figura.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é a normativa interna ou marco regulador que utiliza actualmente a Xunta de Galicia para tramitar contratos de patrocinio ou convenios con finalidade de patrocinio?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 24/02/2026 10:25:27

Paloma Castro Rey na data 24/02/2026 10:25:35

Elena Espinosa Mangana na data 24/02/2026 10:25:42



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 10:28:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 10:28:43
Nº Rexistro: 51612
Data envío: 24/02/2026 10:28:43.491

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Lara Méndez López, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A reforma actualmente en execución na residencia de maiores das Gándaras en Lugo está a xerar unha profunda preocupación entre as persoas residentes, as súas familias e o persoal do centro segundo a información trasladada polos propios usuarios e usuarias e da análise comparativa dos planos do estado actual e do estado reformado despréndese unha transformación relevante do modelo residencial existente que implica a conversión sistemática de habitacións individuais en habitacións dobres así como unha redución aproximada de trinta prazas no conxunto das cinco plantas ao tempo que se elimina un número significativo de espazos de uso individual que ata o de agora constituían o ámbito privado das persoas residentes

As persoas usuarias levan semanas manifestando publicamente o seu desacordo coa reforma ao considerar que a nova distribución non garante condicións adecuadas de intimidade nin respecto ao seu dereito a dispoñer dun espazo propio nun centro que constitúe o seu fogar permanente e non un recurso asistencial de carácter temporal cómpre lembrar que a dignidade a autonomía persoal e o dereito á participación nas decisións que afectan á propia vida están recoñecidos tanto no marco constitucional como na normativa autonómica e nos instrumentos internacionais de protección de dereitos das persoas maiores polo que calquera intervención estrutural nun centro destas características debe contar cun proceso real de información diálogo e escoita activa

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Segundo trasladan os propios residentes non existiu un proceso previo de consulta nin mecanismos formais de participación antes da aprobación do proxecto de execución o que incrementa a sensación de indefensión e agravio ao entender que se está a modificar de maneira substancial o seu modo de convivencia sen ter en conta a súa opinión nin valorar o impacto emocional e social que pode derivarse da perda de habitacións individuais e da implantación dun novo modelo de residencia.

Os novos modelos de atención centrada na persoa e de unidades de convivencia promovidos polas propias administracións públicas deben asentarse na personalización do coidado na preservación da intimidade e no respecto ás preferencias individuais polo que resulta necesario avaliar se a reforma prevista se axusta efectivamente a estes principios ou se pola contra supón unha regresión cara a esquemas organizativos máis próximos a modelos asistenciais hospitalarios que non responden ás demandas actuais de humanización e calidade de vida nas residencias públicas

Por todo o exposto considérase imprescindible abrir un proceso de diálogo institucional que permita escoitar ás persoas afectadas analizar o impacto real da reforma e estudar posibles modificacións que garantan plenamente a dignidade e os dereitos das persoas residentes.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai a manter de maneira inmediata unha canle formal de diálogo directo coa representación das persoas residentes da Residencia das Gándaras coas súas familias e co persoal técnico do centro?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 24/02/2026 11:25:47

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 11:25:53

Elena Espinosa Mangana na data 24/02/2026 11:25:59



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 11:34:56
Nº Rexistro: 51618
Data envío: 24/02/2026 11:34:56.690

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 11:34:57

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer coa seguridade viaria e peonil na estrada AC-164 ao seu paso por Bergondo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada autonómica AC-164, ao seu paso polo termo municipal de Bergondo, soporta diariamente gran cantidade de tráfico, xa que é acceso ao polígono industrial da localidade, entrada e saída da autoestrada AP9, e atravesa importantes núcleos de poboación dende Guísamo, pasando por Santa Marta de Babío, San Cidre ou Fiobre, ata chegar á Ponte do Pedrido.

Esta estrada conecta, ademais, coa cidade de Ferrol, e discorre por unha zona de importantes servizos públicos como a Casa do Concello, o centro de saúde ou varias infraestruturas deportivas e de ocio, ata confluír coa estrada estatal N-VI.

A alta densidade viaria está confirmada polos datos de tráfico, 12.000 vehículos/día de media circulan por esta estrada, sen contar moitos ciclistas diariamente, especialmente nas fins de semana.

Por outra banda, cómpre salientar que, polas súas características, son frecuentes as queixas pola excesiva velocidade dos vehículos que a atravesan, especialmente na zona de Fiobre, onde xa se teñen dado accidentes de relevancia, como un atropelo e un falecemento. Neste tramo, como resposta a unha iniciativa do BNG en novembro de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2024, a Xunta de Galiza comprometeuse a actuar, mais cuns prazos demasiado tardíos para un asunto tan importante como a seguridade viaria.

A alternativa para o tránsito peonil seguro é dispar segundo a zona, é dicir, non ten continuidade. Dende a Ponte do Pedrido ata o seu remate na confluencia coa N-VI esta estrada ten tramos de beirarrúas na zona de Fiobre, e tamén no tramo máis próximo á casa consistorial, en parte por unha marxe, en parte polas dúas; ademais, o Concello de Bergondo executou na zona do polígono industrial unha pequena senda, pero non se dá unha continuidade que conecte os diferentes lugares entre si con seguridade.

Por outra banda, atopámonos con outra particularidade na zona de Santa Marta de Babío, onde a estrada AC-164 forma unha especie de “scalextri” que regula o tráfico para poder continuar por esta, ou derivarse a outra estrada que serve para chegar ata a entrada e saída da AP9.

Esta configuración foi obxecto de debate, xa que, actualmente, o tráfico pesado procedente maioritariamente do polígono industrial non pode facer o xiro á dereita para acceder á AP9, co cal utilizan para isto a rede viaria local, que non está preparada para este tipo de vehículos polas súas dimensións, co perigo que supón para o tránsito en xeral, pero especialmente para o peonil. Neste sentido, a corporación municipal aprobou unha proposta en setembro de 2022 instando a Xunta a corrixir esta situación.

Para a mellora da seguridade, sobre todo peonil, e convertela nunha estrada funcional, cómpre construír unha senda peonil en toda a súa extensión, dende a Ponte do Pedrido ata a confluencia coa N-VI, que dea continuidade aos tramos que xa contan con beirarrúa, xa que sen esta conectividade perde sentido, ademais de revisar o “scalextri” da zona de Santa Marta de Babío para corrixir as eivas referidas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese a Xunta a atender as melloras na seguridade viaria e peonil demandadas para a estrada AC164 ao seu paso por Bergondo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/02/2026 12:09:46

Paulo Ríos Santomé na data 24/02/2026 12:09:54

Daniel Castro García na data 24/02/2026 12:10:00

Luis Bará Torres na data 24/02/2026 12:10:06



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 12:11:36
Nº Rexistro: 51624
Data envío: 24/02/2026 12:11:36.072

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 12:11:36

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 12:54:11
Nº Rexistro: 51629
Data envío: 24/02/2026 12:54:11.269

Asinado o día 24/02/2026 ás 12:53
Por Iria Carreira Pazos

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación na que se atopa o servizo de urxencias do HULA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Persoal do servizo de urxencias do Hospital Lucus Augusti (HULA) vén denunciando nas últimas semanas tanto publicamente como a través de escritos dirixidos á dirección do hospital, os prexuízos que está a ocasionar a falta de medios humanos e materiais.

Neste senso, denuncian tempos de espera de máis de dúas horas e amoreamentos nos corredores das Urxencias para persoas adultas pola imposibilidade de lles asignaren unha cama aos pacientes, mesmo trascendeu recentemente o falecemento dunha persoa mentres se atopaba nesa situación.

Para o Bloque Nacionalista Galego esta situación é inadmisíbel pois supón unha vulneración dos dereitos fundamentais das persoas usuarias de urxencias. Así mesmo, a saturación deste servizo ten moito a ver coa falta de medios en atención primaria.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai dotar a Xunta de máis recursos humanos e materiais as urxencias do HULA?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asinado o día 24/02/2026 ás 12:52
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 24/02/2026 ás 12:52
Por Olalla Rodil Fernández





Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/02/2026 12:52:52

Montserrat Valcárcel Armesto na data 24/02/2026 12:52:58

Iria Carreira Pazos na data 24/02/2026 12:53:05





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 12:54:12



Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Montserrat Valcárcel Armesto e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o novo proxecto para a prevención das inundacións no concello de Gondomar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xaneiro Gondomar viviu unha nova xornada de asolagamentos no centro da vila. Máis unha vez a praza de abastos, locais comerciais, baixos de vivendas, garaxes, aparcadoiros, parques e equipamentos municipais inundados e, de novo, a veciñanza vivindo momentos de moito medo e preocupación. Unha veciñanza á que non lle vale a escusa de que a chuvia foi moita e que pasou así tamén noutros lugares.

E non lles vale porque en Gondomar están pendentes de realizar unhas obras que tanto o goberno local como o da Xunta prometeron en infinidade de ocasións senón como solución definitiva, si cando menos como unha actuación que paliaría en grande medida os efectos das enchentes do río Miñor.

Porén, como reiteradamente vén denunciando o BNG, Xunta e Concello levan anos de desencontros e acusacións cruzadas, poñendo os seus intereses partidistas por diante do interese xeral do concello, e os continuos atrasos desas obras veñen ser agora a causa das inundacións en Gondomar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unhas obras que afectan á confluencia dos ríos Miñor e Zamáns proxectadas en 2012, que non foron adxudicadas até novembro de 2022, que nunca se levaron a cabo porque goberno galego do PP e goberno local do PSOE non deron acordado un plan de execución do proxecto, e dous anos despois quedou desbotado, mentres en Gondomar, anos tras ano, se seguen a suceder os desbordamentos.

En febreiro de 2025 a Xunta anuncia a remodelación do proxecto inicial, e en xullo publica que vai sacar a licitación un novo proxecto por un valor de 3,5M€ e que pretende que se poidan iniciar as obras no verán de 2026, pero nos medios de comunicación continúan os reproches, dunha parte e doutra, o que non dá tranquilidade á veciñanza de Gondomar afectada polas inundacións, que se pregunta se desta vez vai ir adiante ou non.

As continuas escusas e as acusacións cruzadas entre a Xunta de Galiza e o Goberno municipal só fan medrar a preocupación da veciñanza afectada. Nin un nin outro está a facer nada para evitar que se produzan máis danos materiais e situacións de risco que poden ter aínda peores consecuencias.

Diante desta situación, a veciñanza de Gondomar precisa ter certezas e non máis promesas. Precisa información do contido do proxecto, do seu estado de tramitación, da previsión temporal da súa execución.

Tamén cómpre coñecer se o novo proxecto despexa as dúbidas do previsto no anterior que, se ben se estimaba que as obras poderían aliviar as inundacións no centro da vila, non prevía ningunha actuación na ponte de Mañufe e río abaixo, o podería supoñer que o caudal das crecidas se vira incrementado, con máis auga en menos tempo e con máis forza, poñendo máis en perigo persoas e propiedades do barrio da Ponte desa parroquia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando ten previsto o Goberno Galego iniciar as actuacións necesarias para paliar o risco de inundacións e evitar os danos provocados polas mesmas no concello de Gondomar que afecta?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 24/02/2026 13:41:15

Montserrat Valcárcel Armesto na data 24/02/2026 13:41:23

Luis Bará Torres na data 24/02/2026 13:41:29



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 13:42:27
Nº Rexistro: 51639
Data envío: 24/02/2026 13:42:27.318

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 13:42:28

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

O CEIP Armenteira, situado no concello de Meis, é un centro público de ensino que constitúe un claro exemplo de escola rural de referencia, fundamental para garantir a igualdade de oportunidades, a cohesión territorial e o dereito a unha educación pública de calidade no medio rural galego. Ademais, atópase nun enclave natural e patrimonial de alto valor, que reforza o seu papel educativo e social na comarca do Salnés.

Porén, desde hai anos, dende o concello se vén reclamando á Xunta de Galicia actuacións urxentes para corrixir importantes deficiencias nas instalacións do centro. Estas demandas, reiteradas ao longo do tempo, non recibiron unha resposta adecuada por parte do Goberno autonómico, malia tratarse de actuacións que son competencia directa da Consellería de Educación.

Non foi ata o ano 2023 cando a Xunta de Galicia acometeu unha intervención parcial na cuberta do edificio, dentro do denominado *Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica 2021-2024*, cun investimento de 43.000 euros, que permitiu actuar sobre aproximadamente 600 metros cadrados do tellado. Esta actuación realizouse, ademais, tras anos de advertencias, debido ao risco evidente para a seguridade do alumnado pola caída de tellas.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





A pesar desta intervención puntual, persisten numerosos problemas estruturais sen resolver, que afectan gravemente ás condicións de habitabilidade, seguridade e eficiencia enerxética do centro. Entre eles destacan:

- O deficiente estado das ventás, que permiten a entrada de frío e humidades.
- A existencia de falsos teitos deteriorados, algúns dos cales tiveron que ser substituídos polo propio Concello de Meis por razóns de seguridade, asumindo actuacións que non son da súa competencia.
- A consecuencia directa destas carencias é un desperdicio de calefacción e de recursos públicos, agravando ademais as condicións térmicas nas aulas.
- O mal estado das tubaxes e dos sanitarios, que teñen 40 anos e desprenden cheiros persistentes e desagradables, incompatibles cun entorno educativo axeitado.

Desde o PSdeG-PSOE consideramos que a educación pública, especialmente no medio rural, debe ser unha prioridade real e non só retórica, e que a Xunta de Galicia ten a obriga de garantir centros educativos seguros, dignos e adaptados ás necesidades actuais do alumnado e do profesorado.

A falla de investimento suficiente e planificado no CEIP Armenteira é un exemplo máis do abandono das infraestruturas educativas rurais, unha política que contribúe á perda de poboación e ao deterioro dos servizos públicos no rural galego.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Ten previsto a Consellería de Educación executar un plan integral de reforma do CEIP Armenteira de Meis, que dea solución definitiva ás deficiencias existentes nas ventás, falsos teitos, tubaxes e sanitarios?

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)

CSV: BOPGDSPG-6jHEniXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/02/2026 13:48:47

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:48:56

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:49:05



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 13:51:56
Nº Rexistro: 51644
Data envío: 24/02/2026 13:51:56.932

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 13:51:57

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51648
Data envío: 24/02/2026 14:06:28.721

Asinado o día 24/02/2026 ás
14:06
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, para instalar pasos de peóns na AC-445, en Estorde (Cee).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano pasado o BNG interpelou ao Director da Axencia de Infraestruturas de Galiza na Comisión segunda sobre as medidas de seguridade que se ían tomar na estrada complementaria da Rede autonómica de estradas de Galiza, AC-445, que vai de Cee a Fisterra, ao seu paso polo lugar de Estorde, e en concreto sobre a instalación de dous pasos de peóns. A resposta do Director foi insatisfactoria e limitouse a informar de que na axencia só aplicaban a instrución 1/2024 pola que se establecen recomendacións para a implantación de novos pasos de peóns na rede autonómica de estradas de Galiza.

Entre os puntos quilométricos 5.5 e 6.5 non existe ningún paso de peóns nin sinais de tráfico para reducir a velocidade a menos de 50 Km/h, para que os veciños e veciñas que teñen a súa vivenda a calquera marxe da mesma, poidan acceder ademais das súas casas, á costa e á praia, cruzando a estrada coa seguridade necesaria.

A vía, de titularidade autonómica, discorre a escasos metros da praia que recibe o nome do lugar, praia de Estorde, e que en época estival é moi concorrida pola veciñanza da zona e visitantes que veranean no lugar e arredores. Na beira da praia, existen dous establecementos de hostalaría, e do outro lado da estrada un cámping, namentres que a ambos lados da vía, están marcados numerosos aparcamentos para vehículos que no verán resultan insuficientes.

Asinado o día 24/02/2026 ás
14:06
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 24/02/2026 ás
14:06
Por Oscar Insua Lema



No tramo de vía entre a saída da VG 1.4 de Cee-Fisterra e a saída que vai ao lugar de Estorde, non existe nin un só paso de peóns, polo que o cruzamento da vía queda ao parecer de cada quen, o que supón un claro perigo para viandantes, cando teñen que ir tirar o lixo, acceder a un aparcadoiro e sobre todo, na época do verán, cruzala nas horas de saída e entrada á praia. É mais, hai anos si existiron eses pasos, mais non foron borrados na súa totalidade, polo que lonxe de resultar útiles son un auténtico perigo engadido. Cabe engadir, que nese tramo, só existen sinais de prohibida a velocidade a máis de 70 km/h, e o sinal de poboado de Estorde, mais ningunha que indique propiamente a prohibición da velocidade a menos de 50 Km/h, como noutros tramos urbanos existentes na mesma estrada AC-445, e que si é necesario instalar co fin de ofrecer máis seguridade aos peóns, e advertir mellor aos condutores.

As únicas novidades que temos a respecto da situación que tiñamos o ano pasado, é que a Xunta de Galiza instalou dúas marquesiñas en dúas paradas, unha en cada sentido da estrada, mais non instalaron un paso de peóns ao lado de cada unha delas, creando unha situación de perigo latente, porque a maioría dos peóns teñen necesidade de cruzar a vía e acaban cruzándoa.

Cómpre ter en conta que na mesma vía, e tan só uns centros de metros máis adiante, no lugar de Sardiñeiro, no municipio de Fisterra, as sinalizacións viais para peóns e as restricións de velocidade si existen, nun tramo tamén de travesía e moi preto igualmente da praia. Recentemente, na mesma vía, á altura do lugar da Anchoa, tamén no municipio de Fisterra, a AXI, despois de numerosas peticións, concentracións e mobilizacións e despois do atropelo mortal dun veciño hai dous anos, aprobou a instalacións de tres pasos de peóns, nos puntos quilométricos 11+380, 11+870 e 12+490, ademais da redución da velocidade a 50 Kms/hora.

Á vista da situación existente, é preciso e urxente dotar de cando menos tres pasos de peóns no tramo da AC-445 entre os puntos quilométricos 5.5 e 6.5, ao lado das marquesiñas establecidas recentemente, ademais da redución da velocidade cos sinais oportunos, para dotar de máis seguridade aos viandantes que queren ou deben cruzar a estrada, ao igual que se fixo noutros tramos con idéntica necesidade. O cruzamento da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51648
Data envío: 24/02/2026 14:06:28.721

estrada non é un acto optativo, pois hai veciñanza que debe cruzala obrigatoriamente para ir tirar o lixo aos contedores, ir á casa doutro veciño ou familiar, ou ir á praia.

Por todo o exposto fórmulanse a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Considera o goberno galego que a situación actual da AC-445 ao seu paso por Estorde (Cee) garante a seguridade viaria e peonil?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 24/02/2026 14:05:24

Luis Bará Torres na data 24/02/2026 14:05:30

Paulo Ríos Santomé na data 24/02/2026 14:05:41



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 14:06:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51648
Data envío: 24/02/2026 14:06:28.721

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a mellora na seguridade viaria na PO-344 ao seu paso polo concello de Tomiño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada autonómica PO-344 constitúe unha das vías fundamentais de comunicación do Baixo Miño, atravesando o concello de Tomiño e conectando parroquias como Tebra, Barro ou Seixo co resto da comarca e coa fronteira portuguesa. Trátase dunha infraestrutura de titularidade da Xunta de Galicia, polo que o seu mantemento, mellora e adaptación ás necesidades da cidadanía son responsabilidade directa do Goberno galego.

Non obstante, a realidade sobre o terreo mostra un abandono sistemático desta vía por parte do executivo galego. No tramo que discorre polas parroquias de Santa María e San Salvador de Tebra, a PO-344 presenta graves déficits en materia de seguridade viaria: ausencia total de sendas peonís, falta de elementos de contención en zonas con desniveis pronunciados, sinalización deficiente e ausencia de iluminación, obrigando a veciños e veciñas —entre eles menores que acoden aos centros escolares e persoas maiores— a camiñar pola propia calzada.

Esta situación de risco non é teórica xa que o 23 de xaneiro de 2026 produciuse unha colisión con múltiples feridos na PO-344 á altura de Tebra, requirindo a intervención da Garda Civil, Policía Local e Protección Civil de Tomiño. Poucos días





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

antes, un turismo saíuse da vía no quilómetro 10, precipitouse por un desnivel de catro metros envorcando, sendo necesario excarcelar a un dos ocupantes grazas á intervención do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES).

Fronte a este abandono autonómico o goberno local executou melloras integrais no asfaltado e sinalización da PO-344 no tramo Cotro-Pedra, instalou pasos de peón seguros nas zonas escolares e conseguiu en 2020 que a Xunta transferise ao concello a titularidade dun treito da PO-344 —unha variante no Seixo que eliminou o tráfico pesado do núcleo urbano e reduciu drasticamente a sinistralidade.

Ademais, a propia cidadanía de Tebra non se cruzou de brazos: recolleu máis de 600 firmas nunha demanda veciñal formal dirixida á Xunta para esixir a construción dunha senda peonil na PO-344. Curiosamente, esta senda xa contaba cun proxecto elaborado polo Goberno galego hai máis de dez anos, existindo incluso terreo dispoñible para a súa execución.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o Goberno galego executar na maior brevidade a senda peonil en Tebra, utilizando o propio proxecto que se elaborou hai dez anos como base técnica dun novo proxecto actualizado ás necesidades e regulacións actuais?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 24/02/2026 14:25:50

Paulo Ríos Santomé na data 24/02/2026 14:25:56

Luis Bará Torres na data 24/02/2026 14:26:03



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51652
Data envío: 24/02/2026 14:26:39.346

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 14:26:40

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Dispón a Xunta de Galicia dun plan autonómico específico para a atención a fogares en risco de desafuzamento?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:48:03

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:48:09

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:48:14



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51654
Data envío: 24/02/2026 15:36:44.018

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:36:45

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Pode indicar a Xunta de Galicia cantas vivendas do parque público autonómico están actualmente cualificadas como vivenda social ou de emerxencia habitacional?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:48:22

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:48:28

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:48:34



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51655
Data envío: 24/02/2026 15:37:10.384

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:37:11

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Existe un rexistro de demandantes de vivenda social dependente da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:48:42

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:48:47

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:48:53



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:39:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51656
Data envío: 24/02/2026 15:39:35.436

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é o tempo medio de espera desde a solicitude ata a adxudicación por parte da Xunta de Galicia dunha vivenda social nos casos motivados por procesos de desafiuzamento?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:48:59

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:49:04

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:49:10



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51657
Data envío: 24/02/2026 15:39:52.543

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:39:53

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é a contía total destinada pola Xunta de Galicia ao Programa 13 do Plan Estatal de Vivenda?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:49:16

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:49:24

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:49:29



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:40:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51658
Data envío: 24/02/2026 15:40:08.435

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Existen remanentes non executados do Programa 13 do Plan Estatal de Vivenda xestionado pola Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:49:36

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:49:41

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:49:47



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:40:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51659
Data envío: 24/02/2026 15:40:23.365

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que mecanismos de control, seguimento e auditoría aplica a Xunta de Galicia ao uso dos fondos do Programa 13 do Plan Estatal de Vivenda?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:49:54

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:50:00

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:50:06



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51660
Data envío: 24/02/2026 15:40:40.525

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:40:41

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que entidades, públicas ou privadas, resultaron beneficiarias de contratos ou subvencións outorgadas pola Xunta de Galicia vinculadas a programas de realoxo, axudas ao alugueiro, atención social ou captación de vivendas con cargo ao Programa 13 do Plan Estatal de Vivenda?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:50:14

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:50:28

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:50:44



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:41:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51661
Data envío: 24/02/2026 15:40:59.748

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Como articula a Xunta de Galicia a coordinación entre os servizos sociais autonómicos e os servizos sociais municipais nos casos de desafiuzamento?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:50:50

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:50:55

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:51:03



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:41:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51662
Data envío: 24/02/2026 15:41:13.803

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Dispón o Goberno galego dun protocolo específico de actuación para os traballadores e traballadoras sociais ante un aviso de lanzamento xudicial?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:51:11

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:51:17

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:51:21



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:41:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51663
Data envío: 24/02/2026 15:41:28.966

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantos profesionais de servizos sociais están asignados especificamente pola Xunta de Galicia á atención de emerxencias habitacionais?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:51:29

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:51:34

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:51:40



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51664
Data envío: 24/02/2026 15:41:44.914

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:41:45

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que formación específica reciben os profesionais de servizos sociais están asignados especificamente pola Xunta de Galicia en materia de dereito á vivenda e mediación con entidades financeiras ou propietarios/as?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:51:47

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:51:52

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:51:58



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:42:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51665
Data envío: 24/02/2026 15:42:00.692

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantas familias foron atendidas polos servizos sociais autonómicos dependentes da Xunta de Galicia en relación con procesos de desafuzamento no último ano?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:52:05

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:52:10

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:52:21



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51666
Data envío: 24/02/2026 15:42:16.240

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:42:17

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

PQue tipo de axudas económicas directas concede actualmente a Xunta de Galicia en materia de vivenda vinculadas a situacións de desafiuzamento?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:52:33

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:52:41

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:52:47



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51667
Data envío: 24/02/2026 15:42:31.011

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:42:31

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantas solicitudes de acceso á información pública relativas a vivenda e desafiuzamentos recibiu a Xunta de Galicia nos últimos dous anos?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:52:53

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:52:59

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:53:04



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:42:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51668
Data envío: 24/02/2026 15:42:45.504

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas específicas adoptou a Xunta de Galicia para garantir a igualdade de trato a colectivos vulnerables, nomeadamente familias monoparentais, persoas migrantes e vítimas de violencia de xénero, en situacións de desafiuzamento desagregadas por cada un dos colectivos reseñados?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:53:36

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:53:41

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:53:47



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51669
Data envío: 24/02/2026 15:43:22.670

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:43:23

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que obxectivos cuantificables, con indicadores concretos, fixou a Xunta de Galicia nos programas orzamentarios e nos plans de actuación vinculados ao Programa 13 do Plan Estatal de Vivenda ao inicio do exercicio?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:53:57

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:54:02

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:54:07



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51670
Data envío: 24/02/2026 15:43:52.007

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:43:52

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia que a súa actuación en materia de prevención e atención aos desafiuzamentos garante efectivamente o dereito constitucional a unha vivenda digna?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 13:54:14

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 13:54:19

Carlos López Font na data 24/02/2026 13:54:25



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51671
Data envío: 24/02/2026 15:44:12.540

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 15:44:13

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as accións que debe tomar o Goberno galego ao respecto dun novo proxecto eólico na serra da Groba e as alternativas para este espazo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Serra da Groba constitúe un dos espazos montañosos atlánticos de maior valor ecolóxico, paisaxístico e cultural do sur de Galicia. Situada entre as Grandes Áreas Paisaxísticas das Rías Baixas e a Costa Sur-Baixo Miño, esta serra perilitoral acolle biodiversidade única, hábitats de interese comunitario, patrimonio arqueolóxico excepcional e un modelo de aproveitamento multifuncional do monte que compatibiliza actividades forestais, gandeiras, apícolas e turísticas.

Non obstante, a Xunta de Galicia vén de someter a información pública, mediante acordo do 27 de xaneiro de 2026 publicado no DOG nº 23 do 4 de febreiro, as solicitudes de autorización administrativa para catro novos proxectos eólicos —"Margarita 18", "Cote 25", "Nao 19" e "Galera 25"— promovidos polas empresas Savanna Power Solar 21, S.L.U., Savanna Power Solar 22, S.L.U. e Arena Power Solar 9, S.L.U., todas elas con sede en Sevilla. Estes proxectos, que contemplan a instalación de catro aeroxeradores de 4,99 MW cada un no concello de Oia, e unha liña de evacuación de 10,7 km até a SE UFD Gondomar, supoñen un novo intento de atentar neste espazo de alto valor natural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta nova tramitación prodúcese apenas dous anos despois de que a propia Consellería de Medio Ambiente emitise declaracións de impacto ambiental desfavorables para proxectos substantivamente análogos na mesma zona, fundamentadas en impactos "críticos" e "irreversibles" sobre a paisaxe, a biodiversidade e o patrimonio cultural. A reiteración de iniciativas similares, agora fragmentadas artificialmente en proxectos individuais para eludir controis ambientais máis esixentes, evidencia unha práctica administrativa cuestionábel que vulnera o principio de precaución e a normativa de avaliación ambiental.

Os argumentos que xustifican a oposición a estes proxectos son contundentes e están amplamente documentados:

1.Impacto ambiental crítico: O estudo de impacto ambiental reconece afectacións significativas a 9 cursos fluviais, a 4 hábitats de interese comunitario (HIC 4020, 4030, 3160 e 7140), e a especies protexidas como *Emberiza schoeniclus* ou *Narcissus cyclamineus*. A perda de vexetación, a fragmentación de hábitats e o risco de colisións para aves e quirópteros son impactos non mitigábeis.

2.Ameaza ao patrimonio cultural: A zona acolle bens catalogados como os Petróglifos da Cerradiña ou o Hórreo de Urgal, ademais de estar próxima ao Camiño Portugués da Costa. A Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia exige a protección destes espazos, incompatíbel coa instalación de infraestruturas industriais de gran impacto visual e acústico.

3.Prexuízo socioeconómico: A Serra da Groba é un espazo con forte vocación turística e agrogandeira. A implantación eólica comprometería actividades económicas sostibles, afectaría ás mancomunidades de montes de Burgueira, Viladesuso, Mougás e Belesar, e poría en risco as poboacións de cabalo de pura





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

raza galega ("garranos"), especie en perigo de extinción e elemento clave na prevención de incendios.

4.Falta de planificación territorial e enerxética: Estes proxectos non se enmarcan nunha ordenación territorial previa, nin responden a criterios de eficiencia enerxética, aforro ou fomento do autoconsumo. Constitúense como iniciativas especulativas orientadas ao reforzo dun modelo oligopolista de xeración, sen beneficio real para as comunidades locais.

5.Incumprimento da normativa europea e estatal: A tramitación destes proxectos contradí a Directiva 92/43/CEE de hábitats, a Directiva 2009/147/CE de aves, a Lei 21/2013 de avaliación ambiental (art. 39.4.c) sobre inadmisión de proxectos análogos), e a Estratexia da UE sobre Biodiversidade 2030.

A mobilización social contra estes proxectos no pasado foi masiva: máis de 100.000 sinaturas, o rexeitamento unánime dos concellos afectados e o traballo incansábel de entidades como SOS Groba, o Instituto de Estudos Miñoráns e ADEGA demostran que a cidadanía non acepta a depredación do seu patrimonio natural e cultural en nome dunha transición enerxética mal entendida.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o Goberno galego inadmitir a trámite os novos proxectos eólicos proxectados na serra da Groba, e pensa dar alternativa para poñer en valor este espazo en colaboración cos entes locais?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 24/02/2026 16:12:37

José Manuel Golpe Acuña na data 24/02/2026 16:12:45

Luis Bará Torres na data 24/02/2026 16:13:17



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51711
Data envío: 24/02/2026 16:16:17.075

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 16:16:17

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Lara Méndez López, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A estación de autobuses de Vilalba leva anos nunha situación de deterioro progresivo e abandono por parte da Xunta de Galicia, administración competente en materia de transporte interurbano e das infraestruturas vinculadas ao mesmo.

O 1 de agosto de 2023 a Xunta comunicou ao Concello a súa intención de proceder ao peche das instalacións sen ofrecer unha alternativa que garantise condicións mínimas de uso, iniciándose desde ese momento un período de indefinición que se prolonga ata a actualidade.

Desde novembro de 2023 ata febreiro de 2026 o Concello de Vilalba, a través da súa alcaldesa Marta Rouco, desenvolveu unha actividade institucional constante e documentada para reclamar solucións, remitindo múltiples solicitudes formais de reunión á Dirección Xeral de Mobilidade, mantendo encontros presenciais coa administración autonómica, formulando propostas técnicas concretas e solicitando actuacións mínimas que permitisen garantir un servizo digno á veciñanza.

O Concello propuxo manter as dársenas actuais operativas para todas as empresas concesionarias, habilitar un espazo cuberto de agarda, garantir o acceso a aseos públicos e instalar paneis informativos cos horarios e rutas actualizadas, propostas que non recibiron resposta efectiva nin compromiso formal por parte da Xunta.





Durante este período a única comunicación pública da administración autonómica foi o anuncio, en xullo de 2025, da intención de construír unha nova parada condicionada á cesión de terreos municipais, proposta que suporía o peche definitivo da estación actual e que non resolve as necesidades básicas de abrigo, información e servizos que demanda a cidadanía. Seis meses despois dese anuncio non se produciu ningún avance concreto nin comunicación oficial que permita coñecer o estado da tramitación, mantendo a infraestrutura nas mesmas condicións de abandono.

Vilalba é capital comarcal da Terra Chá e un nó estratéxico de comunicacións no interior da provincia de Lugo, cun movemento relevante de viaxeiros que inclúe estudantes, persoas maiores, traballadores e peregrinos. Non pode ser tratada como unha simple parada residual nin pode aceptarse que unha infraestrutura pública desta relevancia permaneza sen servizos básicos, sen aseos, sen espazo cuberto de espera, sen información adecuada e cun mantemento claramente insuficiente.

A situación actual non só supón unha degradación do servizo público de transporte senón tamén unha falta de respecto institucional cara ao Concello de Vilalba e á súa veciñanza, que durante máis de dous anos ve como as súas demandas non reciben resposta efectiva por parte da administración competente.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai atender de maneira inmediata as peticións formuladas polo Concello de Vilalba, abrindo un proceso de diálogo real e efectivo coa alcaldía e co Goberno municipal?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 24/02/2026 16:55:50

Carlos López Font na data 24/02/2026 16:55:56

Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 16:56:02



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:57:13
Nº Rexistro: 51716
Data envío: 24/02/2026 16:57:13.745

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 16:57:14

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a falta de aprobación dun novo protocolo educativo de atención á diversidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A proliferación de discursos abertamente LGBTfóbicos que se está a dar actualmente, a través das redes sociais e co arroupo e altofalante incluso de certas formacións políticas, pon unha vez máis a un colectivo vulnerábel no albo desta violencia.

Neste senso, cómpre ter presente que os centros de ensino non son espazos illados do resto da sociedade. Os datos amosan que os centros de ensino galegos, ao igual que no resto do mundo, non son espazos libres de violencia LGBTfóbica.

Nos últimos anos veñen xurdindo diferentes estudos que sinalan a preocupante situación do ensino galego no que se refire á educación na diversidade. Análises que mostran a violencia á que se enfrontan crianzas, profesorado e familias LGBT nos centros de ensino, sen que a Consellería de Educación teña mostrado intención de mudar a súa actuación ou enfrontar minimamente a situación.

E fronte a esta realidade, o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza vén encarnando unha oposición firme a calquera avance que se poida dar nas aulas en materia de igualdade, ata o punto de chegar a suprimir a materia desa mesma temática que viña formando parte do currículo escolar. As iniciativas realizadas pola comunidade educativa parten sempre da voluntariedade do profesorado ou das ANPAs,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sen que a Consellería teña dado pasos efectivos para garantir a erradicación do machismo e a LGBTfobia das aulas.

Neste senso, o novo protocolo de atención educativa á diversidade da identidade de xénero leva meses en proceso de actualización. De feito, foi valorado no pleno do Observatorio galego contra a LGBTfobia en xuño de 2024, sen que se tivesen dado novos pasos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai o goberno galego aprobar o novo protocolo de actuación educativa á diversidade na identidade de xénero?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 24/02/2026 17:16:41

Cristina Fernández Davila na data 24/02/2026 17:16:47



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:18:52
Nº Rexistro: 51722
Data envío: 24/02/2026 17:18:52.409

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 17:18:53

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:30:20
Nº Rexistro: 51726
Data envío: 24/02/2026 17:30:20.296

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno** sobre o estado das Unidades de Reprodución Humana Asistida do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das primeiras medidas anunciadas en materia sanitaria polo presidente da Xunta de Galiza unha vez tiveron lugar as eleccións de 2024 foi a ampliación das unidades de reprodución humana asistida do Sergas. Anunciou a posta en marcha dun novo plan de reprodución humana asistida que contemplase, entre outras cuestións, o incremento da idade máxima de acceso.

Pese a isto, persiste un profundo desequilibrio para as persoas que queiran acceder a estas prestacións, pois só existen nos hospitais da Coruña, Santiago e Vigo. As persoas de Lugo e Ourense que precisen un tratamento de reprodución asistida teñen que desprazarse a outras provincias para o mesmo, sabendo ademais que estas non son consultas puntuais, pois requiren múltiples asistencias aos centros sanitarios para a realización de revisións, probas e procedementos.

Este novo plan de reprodución asistida, publicado no 2024 e cunha previsión de duración ata 2028, leva consigo unha serie de calendarios e orzamentos previstos para desenvolver as medidas recollidas no mesmo. Neste sentido, estando a comezos de 2026, o SERGAS debería ter contratado 5 embriólogas, 4 FEA de xinecoloxía, 4 técnicas de laboratorio, 3 TCAE, 2 enfermeiras e 2 administrativas para os tres hospitais con unidades destas características. Ademais, son precisos novos equipamentos e a

Asinado o día 24/02/2026 ás
17:29
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 24/02/2026 ás
17:29
Por Iria Carreira Pazos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adecuación dos espazos existentes para poder materializar os obxectivos recollidos neste plan.

Mais algo que non se reflicte no plan xa en vigor é unha solución ás listas de espera que existen en determinados procedementos da reprodución asistida, e que chegan a condicionar a posibilidade de acceso ou non de determinadas persoas, por ser superior o tempo de espera que o tempo ata acadar a idade límite de acceso.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o grao de cumprimento do Plan Galego de Reprodución Humana Asistida 2024-2028 a día de hoxe?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 24/02/2026 17:29:23

María Montserrat Prado Cores na data 24/02/2026 17:29:29



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:30:20
Nº Rexistro: 51726
Data envío: 24/02/2026 17:30:20.296

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 17:30:21

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:50:35
Nº Rexistro: 51732
Data envío: 24/02/2026 17:50:35.840

Asinado o día 24/02/2026 ás 17:49
Por Saleta Chao Riva

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Saleta Chao Rivas e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o estado do CS de Negreira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Negreira é un concello da comarca da Barcala onde as cifras de poboación se sitúan en 6.969, segundo os datos oficiais máis recentes. Persoas que nalgunha ocasión rematan pasando polo centro de saúde que hai neste concello, e ás que se lle suman as do concello da Baña cando falamos do PAC, por estar este servizo centralizado en Negreira.

Mais este centro de saúde atópase nun estado deplorable. Mal illado, con humidades, mal ventilado, con pouco espazo nas consultas, pouco accesible, etc. Situación que se agrava no caso do PAC, con problemas obvios de falta de espazo e de ventilación. Abonda con achegarse a esta infraestrutura e ver toda a vexetación que medra nos tellados ou as humidades visibles nas fachadas para darse conta de que o estado no que se atopa é, cando menos, subóptimo.

Os propios técnicos da Consellería valoraron primeiramente que a reforma integral do centro para corraxir todas estas eivas superaría os 600.000€, mais uns anos máis tarde esa valoración ascende xa ao millón de euros, orzamento claramente inasumbible para calquera concello pequeno. Ata o punto no que estamos a día de hoxe, próximas a que teña que deixar de utilizarse polo mal estado da infraestrutura. O pleno municipal aprobou por unanimidade a transferencia do centro ao SERGAS, mais sen que se teñan producido avances ao respecto.

Asinado o día 24/02/2026 ás 17:49
Por Maria Montserrat Prado Cores

Asinado o día 24/02/2026 ás 17:49
Por Iria Carreira Pazos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais non son só problemas de infraestruturas os que ten a sanidade en Negreira. Unha situación que non é allea ao resto do País, en Negreira están a darse problemas constantes de falta de persoal. Por exemplo, das 5 médicas de cabeceira que debería haber pasando consulta, faltan dúas. E isto súmase á praza de nutricionista que había neste centro e que hai un ano o Partido Popular decidiu suprimir, concentrando as pacientes no centro de saúde das Fontiñas, en Compostela.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas que o goberno ten posto en marcha para garantir unha infraestrutura sanitaria digna en Negreira?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 24/02/2026 17:49:16

María Montserrat Prado Cores na data 24/02/2026 17:49:23

Saleta Chao Rivas na data 24/02/2026 17:49:30



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:50:35
Nº Rexistro: 51732
Data envío: 24/02/2026 17:50:35.840

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 17:50:37

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Dende finais do ano 2025 véñse producindo unha situación grave e reiterada no servizo de Oncoloxía do Hospital Provincial de Pontevedra que atende á área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, que está a afectar de maneira directa á calidade asistencial e ás condicións nas que as persoas pacientes reciben os seus tratamentos.

Segundo a información trasladada aos pacientes e familiares, a cabina de seguridade biolóxica (CSB) do Hospital Provincial de Pontevedra non está operativa, polo que a preparación de tratamentos de quimioterapia está a se realizar nas CSB do Hospital Montecelo.

Algúns doentes afirman que o motivo é a presenza dun fungo identificado como *aspergillus*, aspecto que está sen confirmar pola xestión do servizo, que se mantén hermética.

Esta situación está a provocar atrasos moi importantes na administración dos tratamentos, con esperas de varias horas, nun contexto no que moitas persoas pacientes se atopan debilitadas pola enfermidade ou polos efectos secundarios da quimioterapia. Cómpre lembrar que moitas destas persoas se desprazan desde distintos concellos da comarca de Pontevedra e do Salnés, o que supón dificultades adicionais de transporte e conciliación.





O hospital de día dispón de asentos para administrar ata 28 tratamentos simultáneos, máis a incapacidade de preparar a medicación con normalidade está a xerar colapsos e unha presión asistencial crecente, como indican os propios indicadores do servizo.

Ademais, a sala de espera do Hospital Provincial, onde os pacientes oncolóxicos agardan a súa quenda para consulta ou tratamento, presenta unha situación de saturación que os propios usuarios describen como “inhumana”. Trátase dun espazo moi reducido, cunha pequena sala e un corredor con poucas cadeiras, no que decenas de persoas agardan en condicións inadecuadas, chegando nalgúns casos a esperar de pé ou nas escaleiras de acceso á cuarta planta.

Esta problemática non é nova, senón que vén sendo denunciada desde hai anos, sen que se adoptasen medidas estruturais suficientes. A elevada demanda asistencial —cunha media de arredor de 85 terapias diarias—, a falta de especialistas e a rotación continuada de profesionais contribúen a agravar a situación.

Cómpre lembrar que a quimioterapia require unha preparación estéril e personalizada en cabinas de seguridade biolóxica, fundamentais para garantir a seguridade do paciente e do persoal sanitario. A falta de operatividade destas instalacións non só provoca atrasos, senón que xera preocupación e ansiedade entre os pacientes, que non reciben información clara nin suficiente sobre o que está a suceder.

Ante esta situación, resulta imprescindible adoptar medidas urxentes que garantan a continuidade asistencial, melloren a información ás persoas pacientes e permitan reducir o colapso do servizo.



Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas concretas e inmediatas vai adoptar a Consellería de Sanidade para resolver o colapso do servizo de quimioterapia derivado da falla de funcionamento da cabina de seguridade biolóxica do Hospital Provincial de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/02/2026 18:27:40

Elena Espinosa Mangana na data 24/02/2026 18:27:48

Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 18:27:55



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 18:30:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51740
Data envío: 24/02/2026 18:30:17.596

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 24/02/2026 ás 18:55
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Rosana Pérez Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o estado dos traballos para a recuperación de especies marisqueiras na Ría do Burgo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de febreiro, aprobouse por unanimidade unha proposición de lei do BNG para demandar ao goberno galego o estudo da situación da produción de marisco na ría do Burgo e que poña en marcha as medidas necesarias para mellorar a produtividade do marisco nesta ría, co obxectivo de garantir a súa sostibilidade produtiva e ambiental.

Tal e como se indicou no debate da iniciativa, os meses da primavera son críticos para este asunto, xa que é o momento no que se debería sementar o marisco para que poida estar en condicións de ser comercializado para a campaña de Nadal. De non facerse a semente nesta época, existe un serio perigo de que a actividade marisqueira desapareza por completo da Ría do Burgo, tanto por tempo como porque a cantidade de persoas que a día de hoxe están de alta na actividade marisqueira é moi reducido, e a falta de solucións para a escaseza de marisco non resulta alentadora nin chama a novas mariscadoras e mariscadores a incorporarse á profesión nesta ría.

Outras rías galegas están a sufrir cambios da produción por diferentes motivos, especialmente ambientais, polo que existen razóns máis ca suficientes para que a Xunta

Asinado o día 24/02/2026 ás 18:55
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 24/02/2026 ás 18:55
Por Iria Taibo Corsanego





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Galiza, institución á que corresponden as competencias de marisqueo, invista na semente de marisco na Ría do Burgo, para potenciar a súa biodiversidade e recuperar a súa produtividade, co obxectivo principal de garantir o futuro da actividade marisqueira, mais tamén desde o punto de vista ambiental.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai facerse cargo a Xunta de Galiza de sementar marisco na Ría do Burgo nun prazo suficiente para garantir a campaña de Nadal de 2026?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2026





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 24/02/2026 18:55:19

Mercedes Queixas Zas na data 24/02/2026 18:55:27

Rosana Pérez Fernández na data 24/02/2026 18:55:38



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51747
Data envío: 24/02/2026 18:57:32.661

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 18:57:33

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 25/02/2026 ás 09:14
Por Ariadna Fernández

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a decisión da Xunta de Galiza de identificar o titular das parcelas de máis dunha hectárea na PAC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios de ano, no mes de xaneiro, chegou a traveso dos medios de comunicación a nova doutro requirimento da consellería do medio rural as explotacións agrogandeiras galegas. Concretamente este novo requirimento era a esixencia de identificar o titular das parcelas de mais dunha hectárea na solicitude da PAC.

Aproveitando a presenza na comisión sétima de agricultura gandeira e montes do director xeral da PAC dende o BNG demandámoslle unha resposta clara e rotunda contraria a esta obriga que traerá un grave problema burocrático que trae de cabeza a moitas explotacións agrogandeiras galegas e que afecta a todos sen excepción.

Un problema que está a preocupar as mulleres e homes que teñen explotacións en todo o país, afectando en maior grado as explotacións gandeiras das zonas de montaña onde hai cada vez mais abandono.

Unha obriga de identificación das parcelas que se inclúen na PAC que traerá moitos problemas as explotacións agrogandeiras, un incremento da burocracia totalmente innecesario xa que estes datos xa os ten a administración a traveso do catastro. Unha obriga, en definitiva, que prexudicará as explotacións pola obrigación de conseguir estes datos.

Asinado o día 25/02/2026 ás 09:13
Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 25/02/2026 ás 09:13
Por Secundino Fernández Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O director xeral na súa resposta despois de indicar numerosas normas e decretos deu a entender de que se ía obrigar aos titulares das explotacións agrogandeiras a identificar os titulares das parcelas de máis dunha hectárea mediante o NIF do titular.

O pasado 20 de febreiro publicouse a *Orde do 13 de febreiro de 2026 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (códigos de procedemento MR250A, MR239G, MR239K, MR239O, MR239Q, MR240D, MR241C e MR241D)*. Unha orde que serve para regular a tramitación das axudas da PAC, mais na que non aparece reflectida claramente a esixencia desta identificación das parcelas; pero tampouco di nada en contra.

Posteriormente a propia Consellería emitía unha nota de prensa na que indicaba que en relación coa obrigatoriedade de indicar o NIF dos propietarios das parcelas de máis dunha hectárea na solicitude da PAC 2026: *-No caso de parcelas explotadas en réxime de arrendamento ou parcería situadas en recintos de máis dunha hectárea, a normativa esixe indicar na solicitude o NIF do arrendador ou cedente parceiro. Esta obriga é de carácter declarativo e ten como finalidade reforzar a trazabilidade e o control da dispoñibilidade das superficies.*

Agora parece claro, pero na Orde non aparece así de claro nin tampouco hai un artigo que indique esa obriga.

No Grupo Parlamentar do BNG non entendemos que o PP desde a Xunta de Galiza siga esixindo burocracia absurda ás explotacións, unha esixencia de información que xa ten a administración e que non aportan máis ca voltas para mulleres e homes que están traballando e vivindo no rural e que decidiron apostar por unha explotación agrogandeira.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que as explotacións agrogandeiras galegas deben identificar os titulares das parcelas de mais dunha ha. mediante o NIF na declaración da PAC e que vantaxes lles trae esta normativa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 25/02/2026 9:13:40

Sonia Vidal Lamas na data 25/02/2026 9:13:54

Ariadna Fernández González na data 25/02/2026 9:14:09



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51753
Data envío: 25/02/2026 09:17:13.697

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 9:17:14

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51758

Data envío: 25/02/2026 09:22:56.030

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a xestión das listas de espera.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Popular á fronte da Xunta de Galiza non foi quen de recuperar a situación das listas de espera a niveis previos á pandemia da COVID19, a pesar dos esforzos propagandísticos que destina a este fin.

Á data da sinatura desta iniciativa, os últimos datos dispoñíbeis na páxina web do Sergas sobre listas de espera corresponden a xuño de 2025. Naquel momento, eran 49.223 persoas as que estaban agardando por unha cirurxía, cun tempo medio de espera de 69,3 días, fronte aos 54,5 días ao remate de 2019, con 35.720 pacientes nestas listaxes. No caso das primeiras consultas hospitalarias, o panorama resulta similar. En xuño eran 193.336 persoas agardando, cunha media de 57,3 días de agarda, fronte ás 166.827 persoas e 41,5 días de tempo medio de espera.

Mais esta realidade non é fidedigna, ao non estar reflectida nin nesta recompilación nin en ningunha información feita pública pola Xunta de Galiza o número de pacientes incluídas en lista de espera non estrutural. Dato que o Partido Popular se nega de xeito reiterado a facilitar e facer público, vulnerando incluso o artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza.

A toda esta situación cómpre engadirlle a práctica habitual no SERGAS á hora de adxudicar as citas: deixalas “en buzón”. A situación de saír dun centro sanitario cunha cita marcada para unha consulta ou unha proba complementaria en hospital é a día de hoxe anecdótica, o que contribúe a incrementar o malestar das pacientes ao non

Asinado o día 25/02/2026 ás
09:21
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 25/02/2026 ás
09:21
Por Iria Carreira Pazos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51758

Data envío: 25/02/2026 09:22:56.030

coñecer a data na que terán esa cita, restándolles ademais a autonomía ao furtarlles a posibilidade de anticipación e planificación. A maiores, dificulta a conciliación pois esas citas son adxudicadas sen ter en conta as preferencias desas pacientes, polo que teñen que ser cambiadas en moitas ocasións.

Esta cuestión foi denunciada de xeito reiterado por organizacións de todo tipo, mais sen que ata o día de hoxe se teña experimentado ningún cambio a este respecto.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas previstas para deixar de utilizar este método de citación e informar a todas as pacientes da día e hora concretas da quenda que lles corresponde, garantindo así o seu dereito á información e a transparencia?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 25/02/2026 9:21:09

María Montserrat Prado Cores na data 25/02/2026 9:21:16



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51758
Data envío: 25/02/2026 09:22:56.030

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 9:22:56

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:55:11
Nº Rexistro: 51765
Data envío: 25/02/2026 09:55:11.479

Asinado o día 25/02/2026 ás
09:53
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a posibilidade de as persoas emigradas usaren a lingua galega nos seus trámites.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas que viven fóra do país deberían ver protexidos os seus dereitos lingüísticos na mesma medida que as residentes en Galiza. Na actualidade, moitas destas persoas que residen no exterior non teñen coñecemento da lingua galega por diferentes motivos, polo que sería preciso facilitar cursos de lingua galega, ademais do envío de materiais para facilitar a aprendizaxe e o contacto coa lingua, especialmente no caso das crianzas, xa que a dispoñibilidade destes materiais fóra do país é moita máis limitada. Neste sentido, a Lei da galegitude, aprobada en 2013, establece que “a Comunidade Autónoma de Galicia garantirá a adquisición, con destino ás comunidades galegas, dun fondo editorial tendente a facilitar o coñecemento da historia, da arte, da lingua e da realidade social de Galicia”.

Por outra banda, os consulados non permiten levar a cabo os seus trámites en lingua galega, vulnerando os seus dereitos lingüísticos. A Lei de normalización lingüística establece, no seu Título V, dedicado especificamente ao galego exterior, que “o Goberno Galego fará uso dos recursos que lle confiren a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía para que os emigrantes galegos poidan dispoñer de servicios culturais e lingüísticos en lingua galega”. Así, 40 anos despois da súa aprobación é preciso que o goberno galego poña en marcha todas as medidas necesarias para que estes trámites poidan levarse a cabo en galego desde calquera territorio da emigración.

Asinado o día 25/02/2026 ás
09:53
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 25/02/2026 ás
09:52
Por Iria Taibo Corsanego





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:55:11
Nº Rexistro: 51765
Data envío: 25/02/2026 09:55:11.479

O Plan Xeral de Normalización da Lingua galega tamén inclúe unha área específica centrada na emigración, mais practicamente ningunha das medidas propostas no Plan comezaron, até hoxe, máis de 20 anos despois da súa aprobación por unanimidade no Parlamento Galego, a pórse en marcha. Entre elas, hai un grupo de medidas destinadas especificamente aos centros galegos no exterior, precisamente co obxectivo de favorecer o seu papel de transmisión da cultura e lingua galegas.

A Lei da galegitude establece que “o marco das competencias da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá, en cooperación coas comunidades galegas, o coñecemento e a formación na lingua, na historia e na cultura galegas nos territorios onde as comunidades galegas estean asentadas”.

O decreto 66/2014, que regula o recoñecemento e revogación da condición de comunidade galega e de centro colaborador da galegitude, o Rexistro da Galegitude e o seu funcionamento, indica entre os requisitos para que as entidades galegas asentadas fóra de Galicia poidan solicitar o recoñecemento da condición de comunidade galega a entrega da súa “memoria de actividades prevista no artigo 9.2.e) da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude”, que “deberá conter unha descrición das actividades desenvolvidas anualmente pola entidade, ao menos, dos últimos dez anos e a relación destas co obxecto principal da entidade, tal e como se define no artigo 6.1 da lei e cos fins relacionados no artigo 8.1 d) dela, con especial referencia ás de carácter divulgativo da cultura e a lingua galegas”.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten previstas o goberno galego co obxectivo de facilitar o uso do galego para as persoas emigradas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 25/02/2026 9:52:58

Mercedes Queixas Zas na data 25/02/2026 9:53:09

Daniel Castro García na data 25/02/2026 9:53:17



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:55:11
Nº Rexistro: 51765
Data envío: 25/02/2026 09:55:11.479

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 9:55:12

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:58:57
Nº Rexistro: 51772
Data envío: 25/02/2026 09:58:57.129

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a posición do goberno galego ante os abusos do ICE, nos Estados Unidos, e sobre situación dos galegos e galegas que poidan ser vítimas deste corpo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno dos Estados Unidos, dirixido por Donald Trump, creou un corpo policial denominado ICE (US Immigration and Customs Enforcement), dependente do Departamento de Interior, dedicado ás aduanas e á inmigración no interior dese país. O ICE ten entre as súas principais atribucións a de deter e deportar inmigrantes que non teñan documentación.

O ICE recibe unha importante cantidade de críticas, tanto no primeiro mandato como no actual de Donald Trump. Neste segundo mandato do presidente Trump, o ICE pasou a ser o maior órgano policial e o que conta co maior financiamento da historia dese país. As súas actuacións, ademais das súas campañas de publicidade, están a ser amplamente cuestionadas tanto en relación coa súa legalidade como polo respecto aos dereitos civís.

Os axentes do ICE van enmascarados e visten roupa civil, ademais de utilizaren vehículos sen identificar, e este corpo policial está a recibir, desde o inicio do segundo mandato de Donald Trump, críticas pola súa actuación a xeito dun corpo paramilitar. O obxectivo deste departamento é o de contratar 10.000 empregados e empregadas en 2026, e ten un orzamento de 100 millóns de dólares para esta fin.

Asinado o día 25/02/2026 ás
09:57
Por Daniel Castro García

Asinado o día 25/02/2026 ás
09:57
Por Iria Taibo Corsanego



Existen moitos incidentes documentados de uso excesivo da forza por parte dos axentes do ICE en resposta a manifestantes e migrantes, desde o claro inicio dunha nova estratexia deste corpo, moi agresiva. O 7 de xaneiro deste ano, o ICE asasinou a activista René Nicole Good en Minneapolis, no contexto dunha protesta cidadá contra o aumento da actividade dese corpo policial. ICE detivo miles de persoas desde o regreso de Donald Trump á Casa Branca en xaneiro de 2025.

O ICE está a ser un dos principais brazos executores da iniciativa de deportación masiva que fora unha das promesas electorais máis importantes da campaña electoral de Trump. Este feito, xunto coa agresiva política exterior de Donald Trump, fai que a situación dos Estados Unidos resulte extremadamente preocupante.

Nos Estados Unidos, viven máis de 25.000 galegos e galegas, o que xustifica aínda máis a necesidade de que o goberno galego se pronuncie en relación con este corpo policial que traballa, de xeito activo e extremadamente agresivo, contra os inmigrantes que viven nese país. Alén disto, o goberno galego debe actuar para atender as persoas que poidan ser vítimas desta nova política contra as persoas migrantes.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a posición do goberno galego en relación coa agresiva política do departamento do ICE dos Estados Unidos, nomeadamente no que ten que ver coa presenza de galegos e galegas nese país?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 25/02/2026 9:57:09

Daniel Castro García na data 25/02/2026 9:57:16



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:58:57
Nº Rexistro: 51772
Data envío: 25/02/2026 09:58:57.129

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 9:58:58

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

A atención á diversidade constitúe un dos piares fundamentais do sistema educativo público. O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo require recursos humanos suficientes e especializados que permitan garantir unha educación inclusiva, personalizada e de calidade. Neste contexto, o profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) desempeña un papel esencial na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, trastornos da comunicación, dificultades específicas de aprendizaxe e outras situacións que requiren intervención especializada.

No concello de Ferrol, diferentes centros educativos teñen trasladado á comunidade educativa a insuficiencia de dotación de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe para atender adecuadamente as necesidades reais do alumnado matriculado. Esta situación provoca sobrecarga dos profesionais existentes, dificultades para cumprir cos horarios de atención

Asinado o día 25/02/2026 ás
10:22
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/02/2026 ás
10:21
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





individualizada e, en definitiva, unha merma na calidade da resposta educativa que debe garantir a Administración autonómica.

A planificación do catálogo de postos docentes non pode responder a criterios estáticos nin desactualizados, senón que debe adaptarse ás necesidades reais e actuais do alumnado de cada centro. A falta de cobertura completa das necesidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe supón unha vulneración do principio de equidade e compromete o dereito do alumnado a recibir os apoios que precisa.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia adopte medidas inmediatas para garantir que todos os centros educativos do concello de Ferrol dispoñan da totalidade dos recursos de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe necesarios, asegurando así unha atención educativa digna, suficiente e axustada á realidade do alumnado.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia que a actual dotación de profesorado Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe nos centros educativos do concello de Ferrol é suficiente para atender adecuadamente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/02/2026 10:21:56

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2026 10:22:02



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 10:32:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 10:32:13
Nº Rexistro: 51783
Data envío: 25/02/2026 10:32:13.337

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

A atención á diversidade constitúe un dos piares fundamentais do sistema educativo público. O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo require recursos humanos suficientes e especializados que permitan garantir unha educación inclusiva, personalizada e de calidade. Neste contexto, o profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) desempeña un papel esencial na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, trastornos da comunicación, dificultades específicas de aprendizaxe e outras situacións que requiren intervención especializada.

No concello de Ferrol, diferentes centros educativos teñen trasladado á comunidade educativa a insuficiencia de dotación de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe para atender adecuadamente as necesidades reais do alumnado matriculado. Esta situación provoca sobrecarga dos profesionais existentes, dificultades para cumprir cos horarios de atención

Asinado o día 25/02/2026 ás
10:22
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/02/2026 ás
10:22
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



individualizada e, en definitiva, unha merma na calidade da resposta educativa que debe garantir a Administración autonómica.

A planificación do catálogo de postos docentes non pode responder a criterios estáticos nin desactualizados, senón que debe adaptarse ás necesidades reais e actuais do alumnado de cada centro. A falta de cobertura completa das necesidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe supón unha vulneración do principio de equidade e compromete o dereito do alumnado a recibir os apoios que precisa.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia adopte medidas inmediatas para garantir que todos os centros educativos do concello de Ferrol dispoñan da totalidade dos recursos de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe necesarios, asegurando así unha atención educativa digna, suficiente e axustada á realidade do alumnado.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego incrementar a dotación de profesorado que atenda ás necesidades educativas do alumnado no concello de Ferrol?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/02/2026 10:22:10

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2026 10:22:52



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 10:33:36
Nº Rexistro: 51787
Data envío: 25/02/2026 10:33:36.230

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 10:33:37

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

A atención á diversidade constitúe un dos piares fundamentais do sistema educativo público. O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo require recursos humanos suficientes e especializados que permitan garantir unha educación inclusiva, personalizada e de calidade. Neste contexto, o profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) desempeña un papel esencial na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, trastornos da comunicación, dificultades específicas de aprendizaxe e outras situacións que requiren intervención especializada.

No concello de Ferrol, diferentes centros educativos teñen trasladado á comunidade educativa a insuficiencia de dotación de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe para atender adecuadamente as necesidades reais do alumnado matriculado. Esta situación provoca sobrecarga dos profesionais existentes, dificultades para cumprir cos horarios de atención

Asinado o día 25/02/2026 ás
10:24
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/02/2026 ás
10:24
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





individualizada e, en definitiva, unha merma na calidade da resposta educativa que debe garantir a Administración autonómica.

A planificación do catálogo de postos docentes non pode responder a criterios estáticos nin desactualizados, senón que debe adaptarse ás necesidades reais e actuais do alumnado de cada centro. A falta de cobertura completa das necesidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe supón unha vulneración do principio de equidade e compromete o dereito do alumnado a recibir os apoios que precisa.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia adopte medidas inmediatas para garantir que todos os centros educativos do concello de Ferrol dispoñan da totalidade dos recursos de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe necesarios, asegurando así unha atención educativa digna, suficiente e axustada á realidade do alumnado.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantas solicitudes de incremento de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe foron realizadas polos centros educativos de Ferrol nos cinco últimos cursos escolares, desagregados por curso e por centro?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/02/2026 10:24:29

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2026 10:24:36



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 10:34:44
Nº Rexistro: 51790
Data envío: 25/02/2026 10:34:44.223

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 10:34:45

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

A atención á diversidade constitúe un dos piares fundamentais do sistema educativo público. O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo require recursos humanos suficientes e especializados que permitan garantir unha educación inclusiva, personalizada e de calidade. Neste contexto, o profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) desempeña un papel esencial na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, trastornos da comunicación, dificultades específicas de aprendizaxe e outras situacións que requiren intervención especializada.

No concello de Ferrol, diferentes centros educativos teñen trasladado á comunidade educativa a insuficiencia de dotación de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe para atender adecuadamente as necesidades reais do alumnado matriculado. Esta situación provoca sobrecarga dos profesionais existentes, dificultades para cumprir cos horarios de atención

Asinado o día 25/02/2026 ás
10:24
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/02/2026 ás
10:24
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





individualizada e, en definitiva, unha merma na calidade da resposta educativa que debe garantir a Administración autonómica.

A planificación do catálogo de postos docentes non pode responder a criterios estáticos nin desactualizados, senón que debe adaptarse ás necesidades reais e actuais do alumnado de cada centro. A falta de cobertura completa das necesidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe supón unha vulneración do principio de equidade e compromete o dereito do alumnado a recibir os apoios que precisa.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia adopte medidas inmediatas para garantir que todos os centros educativos do concello de Ferrol dispoñan da totalidade dos recursos de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe necesarios, asegurando así unha atención educativa digna, suficiente e axustada á realidade do alumnado.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantas reclamacións, escritos ou solicitudes de incremento de recursos Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe foron presentadas pola comunidade educativa dos centros de Ferrol nos cinco últimos cursos escolares?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/02/2026 10:24:44

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2026 10:24:51



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 10:35:38
Nº Rexistro: 51793
Data envío: 25/02/2026 10:35:38.108

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 10:35:38

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o CEIP Nosa Señora da Piedade de Vila de Cruces.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Plurilingüe Nosa Señora da Piedade de Vila de Cruces leva anos sendo obxecto da presentación por parte do BNG da localidade, de emendas aos orzamentos da Xunta de Galiza, tratando de conseguir con estas, unha reforma integral das súas instalacións. Malia a necesidade evidente destas melloras o PP vota en contra recorrentemente destas propostas de investimento en Vila de Cruces, de forma que o estado do CEIP non só non muda, senón que empeora curso a curso.

As recentes reunións e comunicacións ao respecto desta situación por parte das representantes dos pais e nais do alumnado non xorden senón da necesidade da solicitude de actuación por parte do goberno da Xunta de Galiza sobre unhas instalacións que presentan un notable deterioro, en parte polas décadas de uso que acumulan e que afectan directamente aos nenos e nenas e aos docentes que desenvolven alí a súa etapa educativa tanto de infantil coma de primaria e a súa labor profesional.

Así mesmo, a ANPA do centro trasladou na pasada semana ditas eivas a varios representantes do BNG, que se comprometeron a elevar as súas xustas demandas ao Parlamento Galego, co obxectivo de que se mellore a calidade das instalacións e se corrixa as deficiencias presentes. Entre esas fallas atópanse goteiras e humidades que afectan a espazos onde están as aulas de educación infantil, nun edificio separado do

Asinado o día 25/02/2026 ás
11:11
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 25/02/2026 ás
11:11
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

principal. Non menos importante é o estado lamentable da caldeira, obsoleta e que impide manter a temperatura correcta neste edificio, de xeito que os máis pequenos teñen que permanecer abrigados para estar dentro das instalacións durante a xornada lectiva.

As familias solicitan espazos de calidade, seguros e adaptados á diversidade do alumnado para os seus fillos e fillas a través dunha reforma integral, sendo conscientes de que a unificación de todo o alumnado no centro pode derivar nun problema, dado que as matriculacións que se prevén e as ratios establecidas fan precisas aulas para as que non hai un espazo axeitado no edificio e que minguarían os espazos comúns de incluírse nese edificio. Dentro das melloras consideradas imprescindibles que trasladan inclúese tamén a demanda de zonas cubertas no patio exterior, que permitan que o alumnado nos meses de inverno poida resgardarse e facer uso delas, sen ter que pasar o tempo de descanso e recreo dentro por as condicións climáticas.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que o estado do CEIP Plurilingüe Nosa Señora da Piedade é o axeitado para garantir espazos de calidade, seguros e adaptados ás necesidades do alumnado que cursa estudos nel, especialmente no caso dos alumnos/as de educación infantil?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 25/02/2026 11:11:41

Cristina Fernández Davila na data 25/02/2026 11:11:47



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 11:12:56
Nº Rexistro: 51800
Data envío: 25/02/2026 11:12:56.588

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 11:12:57

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Castro García, Oscar Insua Lema e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a avaliación das campañas de promoción e incentivación do consumo de produtos do mar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consumo de peixe e marisco caeu un 24% nos últimos 10 anos en Galiza. Un de cada 10 fogares galego non consumen proteína marina en todo o mes e o principal causa deste descenso no consumo de peixe é o incremento do seu prezo nun 26,6%. Antes da pandemia o prezo medio por quilo estaba en 7,9€ e na actualidade é de 10€.

Esta suba de prezos reduce a capacidade de gasto das familias galegas impedíndolles o acceso a un alimento esencial para unha dieta sa e equilibrada. Un descenso no consumo de peixe vai incidir negativamente na saúde das galegas e dos galegos e como consecuencia incrementárase o gasto sanitario.

Ademais esta caída no consumo de produtos do mar afecta ao sector da pesca galego, un sector estratéxico na Galiza que non pasa precisamente por bos momentos debido ás políticas restritivas e ao escaso apoio das distintas administracións.

Para frear esta deriva, o sector demanda medidas de apoio e de incentivación ao consumo de peixe e outros produtos do mar. E con ese obxectivo o Goberno Galego e o Goberno do Estado, así como o propio sector, puxeron en marcha campañas de promoción dos produtos do mar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Co obxectivo de fomentar o consumo de peixe e marisco entre a cidadanía, a Xunta de Galicia lanzou nos últimos anos as campañas “Galicia sabe AMAR”. “Vai de Peixe”, “Fai clic ao teu bocata”, “Ti si que es un bo peixe”, o selo “PescadeRías, ¿de onde se non?” e “Bono peixe”.

Todas estas campañas teñen asignado un orzamento que non en todos os casos é público. Sabemos que “Galiza sabe AMAR” contou con preto de 1,7 millóns de euros para o bienio 2024-2025, que o “Bono peixe” tivo un orzamento de 2,5 millóns de euros, pero non sabemos a cantidade destina o Goberno Galego a programas como “Vai de peixe”, “Fai clic ao teu bocata”, “Ti si que es un bo peixe” ou ao selo “PescadeRías, ¿de onde se non?”

Alén de que non se coñece a avaliación técnica dos resultados acadados, nin do grao de cumprimento dos obxectivos marcados en cada campaña. Isto a pesares da pregunta que o Bloque Nacionalista Galego lle trasladou ao entón Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Antonio Basanta Fernández, na Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo o 20 de decembro de 2024, que evitou dar datos concretos e non confirmou a existencia desa avaliación técnica.

Dada a importancia da promoción do consumo de peixe e marisco, tanto para a saúde das galegas e dos galegos como para o futuro do sector do mar, é fundamental facer unha avaliación técnica dos resultados das campañas que para tal fin se poñan en marcha e que estes resultados se fagan públicos para o coñecemento de toda a cidadanía.

Ate o momento a Consellería do Mar non deu a coñecer os resultados destas campañas, de existiren, polo que non se coñece que repercusións tivo o consumo de produtos do mar na dieta das familias galegas, nin que retorno tivo para o sector do mar, especialmente para a flota pesqueira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o Goberno Galego presentar un informe anual ante a Comisión de Pesca do Parlamento de Galicia sobre a execución, alcance e resultados das campañas de promoción financiadas pola Consellería do Mar, detallando o seu impacto real no consumo do peixe e dos produtos do mar?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 25/02/2026 11:12:56

Rosana Pérez Fernández na data 25/02/2026 11:13:04

Daniel Castro García na data 25/02/2026 11:13:14

Óscar Insua Lema na data 25/02/2026 11:13:20

Paulo Ríos Santomé na data 25/02/2026 11:13:27



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 11:14:35
Nº Rexistro: 51806
Data envío: 25/02/2026 11:14:35.883

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 11:14:36

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto o artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O IES Ferrol Vello, no Concello de Ferrol, carece a día de hoxe dun pavillón deportivo propio para o desenvolvemento normalizado da materia de Educación Física e das actividades deportivas do centro. Esta situación supón unha clara carencia de infraestruturas educativas básicas que afecta directamente ao alumnado e ao normal funcionamento do instituto.

O Concello de Ferrol xa adquiriu o terreo necesario para a construción do pavillón. Porén, a Xunta de Galicia non avanzou nos trámites necesarios para facer realidade o proxecto, xa que non consta a redacción do proxecto técnico, nin a consignación orzamentaria correspondente, nin a licitación das obras.

Cómpre lembrar que o propio conselleiro de Educación anunciou publicamente en decembro de 2023, en contexto preelectoral, o compromiso da Xunta de Galicia coa construción deste pavillón. A día de hoxe, tres anos despois, non se materializou ningún avance efectivo que permita cumprir aquela promesa.

Mentres tanto, o alumnado do IES Ferrol Vello vese obrigado a desprazarse en autobús ata outras instalacións para poder desenvolver as actividades deportivas. Esta circunstancia implica unha perda de tempo lectivo, unha alteración da organización do centro e unha evidente merma na calidade do servizo educativo prestado.

Asinado o día 25/02/2026 ás
11:58
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/02/2026 ás
11:58
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Ademais, o centro educativo está asumindo un custo económico adicional derivado destes desprazamentos, un adianto de fondos que non debería recaer sobre a comunidade educativa por mor da inacción da Xunta de Galicia.

A carencia dun pavillón nun instituto público non pode normalizarse nin prolongarse no tempo. A igualdade de oportunidades tamén se garante a través dunhas infraestruturas dignas e adecuadas, e resulta inaceptable que o alumnado do IES Ferrol Vello continúe en desvantaxe respecto doutros centros educativos que si dispoñen destas instalacións básicas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando vai executar a Xunta de Galicia a construción do pavillón deportivo do IES Ferrol Vello?

Santiago de Compostela, 25 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/02/2026 11:58:16

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2026 11:58:34



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 12:25:24
Nº Rexistro: 51816
Data envío: 25/02/2026 12:25:24.508

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 12:25:25

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto o artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O IES Ferrol Vello, no Concello de Ferrol, carece a día de hoxe dun pavillón deportivo propio para o desenvolvemento normalizado da materia de Educación Física e das actividades deportivas do centro. Esta situación supón unha clara carencia de infraestruturas educativas básicas que afecta directamente ao alumnado e ao normal funcionamento do instituto.

O Concello de Ferrol xa adquiriu o terreo necesario para a construción do pavillón. Porén, a Xunta de Galicia non avanzou nos trámites necesarios para facer realidade o proxecto, xa que non consta a redacción do proxecto técnico, nin a consignación orzamentaria correspondente, nin a licitación das obras.

Cómpre lembrar que o propio conselleiro de Educación anunciou publicamente en decembro de 2023, en contexto preelectoral, o compromiso da Xunta de Galicia coa construción deste pavillón. A día de hoxe, tres anos despois, non se materializou ningún avance efectivo que permita cumprir aquela promesa.

Mentres tanto, o alumnado do IES Ferrol Vello vese obrigado a desprazarse en autobús ata outras instalacións para poder desenvolver as actividades deportivas. Esta circunstancia implica unha perda de tempo lectivo, unha alteración da organización do centro e unha evidente merma na calidade do servizo educativo prestado.

Asinado o día 25/02/2026 ás
12:08
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/02/2026 ás
11:58
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Ademais, o centro educativo está asumindo un custo económico adicional derivado destes desprazamentos, un adianto de fondos que non debería recaer sobre a comunidade educativa por mor da inacción da Xunta de Galicia.

A carencia dun pavillón nun instituto público non pode normalizarse nin prolongarse no tempo. A igualdade de oportunidades tamén se garante a través dunhas infraestruturas dignas e adecuadas, e resulta inaceptable que o alumnado do IES Ferrol Vello continúe en desvantaxe respecto doutros centros educativos que si dispoñen destas instalacións básicas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai incorporar a Xunta de Galicia nos Orzamentos da Xunta de Galicia do presente exercicio unha partida específica e suficiente para a construción do pavillón deportivo do IES Ferrol Vello?

Santiago de Compostela, 25 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/02/2026 11:58:41

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2026 12:08:44





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 12:26:38



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto o artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O IES Ferrol Vello, no Concello de Ferrol, carece a día de hoxe dun pavillón deportivo propio para o desenvolvemento normalizado da materia de Educación Física e das actividades deportivas do centro. Esta situación supón unha clara carencia de infraestruturas educativas básicas que afecta directamente ao alumnado e ao normal funcionamento do instituto.

O Concello de Ferrol xa adquiriu o terreo necesario para a construción do pavillón. Porén, a Xunta de Galicia non avanzou nos trámites necesarios para facer realidade o proxecto, xa que non consta a redacción do proxecto técnico, nin a consignación orzamentaria correspondente, nin a licitación das obras.

Cómpre lembrar que o propio conselleiro de Educación anunciou publicamente en decembro de 2023, en contexto preelectoral, o compromiso da Xunta de Galicia coa construción deste pavillón. A día de hoxe, tres anos despois, non se materializou ningún avance efectivo que permita cumprir aquela promesa.

Mentres tanto, o alumnado do IES Ferrol Vello vese obrigado a desprazarse en autobús ata outras instalacións para poder desenvolver as actividades deportivas. Esta circunstancia implica unha perda de tempo lectivo, unha alteración da organización do centro e unha evidente merma na calidade do servizo educativo prestado.

Asinado o día 25/02/2026 ás
12:09
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/02/2026 ás
12:09
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Ademais, o centro educativo está asumindo un custo económico adicional derivado destes desprazamentos, un adianto de fondos que non debería recaer sobre a comunidade educativa por mor da inacción da Xunta de Galicia.

A carencia dun pavillón nun instituto público non pode normalizarse nin prolongarse no tempo. A igualdade de oportunidades tamén se garante a través dunhas infraestruturas dignas e adecuadas, e resulta inaceptable que o alumnado do IES Ferrol Vello continúe en desvantaxe respecto doutros centros educativos que si dispoñen destas instalacións básicas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Elaborou a Xunta de Galicia algún proxecto técnico ou estudo previo para esta infraestrutura?

Santiago de Compostela, 25 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/02/2026 12:09:03

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2026 12:09:29



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 12:27:51
Nº Rexistro: 51823
Data envío: 25/02/2026 12:27:51.198

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 12:27:52

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto o artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O IES Ferrol Vello, no Concello de Ferrol, carece a día de hoxe dun pavillón deportivo propio para o desenvolvemento normalizado da materia de Educación Física e das actividades deportivas do centro. Esta situación supón unha clara carencia de infraestruturas educativas básicas que afecta directamente ao alumnado e ao normal funcionamento do instituto.

O Concello de Ferrol xa adquiriu o terreo necesario para a construción do pavillón. Porén, a Xunta de Galicia non avanzou nos trámites necesarios para facer realidade o proxecto, xa que non consta a redacción do proxecto técnico, nin a consignación orzamentaria correspondente, nin a licitación das obras.

Cómpre lembrar que o propio conselleiro de Educación anunciou publicamente en decembro de 2023, en contexto preelectoral, o compromiso da Xunta de Galicia coa construción deste pavillón. A día de hoxe, tres anos despois, non se materializou ningún avance efectivo que permita cumprir aquela promesa.

Mentres tanto, o alumnado do IES Ferrol Vello vese obrigado a desprazarse en autobús ata outras instalacións para poder desenvolver as actividades deportivas. Esta circunstancia implica unha perda de tempo lectivo, unha alteración da organización do centro e unha evidente merma na calidade do servizo educativo prestado.

Asinado o día 25/02/2026 ás
12:09
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/02/2026 ás
12:09
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Ademais, o centro educativo está asumindo un custo económico adicional derivado destes desprazamentos, un adianto de fondos que non debería recaer sobre a comunidade educativa por mor da inacción da Xunta de Galicia.

A carencia dun pavillón nun instituto público non pode normalizarse nin prolongarse no tempo. A igualdade de oportunidades tamén se garante a través dunhas infraestruturas dignas e adecuadas, e resulta inaceptable que o alumnado do IES Ferrol Vello continúe en desvantaxe respecto doutros centros educativos que si dispoñen destas instalacións básicas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia asumir directamente, sen que o centro educativo teña que adiantar fondos propios, os gastos de transporte do alumnado derivados da falta do pavillón deportivo do IES Ferrol Vello e compensar de maneira inmediata as cantidades xa soportadas?

Santiago de Compostela, 25 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/02/2026 12:09:37

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2026 12:09:43



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 12:28:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 12:28:49
Nº Rexistro: 51826
Data envío: 25/02/2026 12:28:49.170

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas de protección da Cova do Cotillón no municipio de Pantón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai case 30 anos atopouse no lugar do Cotillón, na parroquia pantonesa de San Román de Acedre, unha cova que é unha das maiores xoias de toda a Ribeira Sacra. Coñecida como a Cova do Cotillón, pode datar do século V ou VI e segundo as persoas expertas funcionou como capela, o que suporía probabelmente a pegada do cristianismo máis antiga de todo a Península Ibérica. A mera existencia desta cova dá boa conta da riquísima historia do territorio hoxe coñecido como Ribeira Sacra e dos séculos e séculos que a nosa terra leva habitada.

Nun enclave privilexiado a beiras do Cabe esta cova e capela simboliza parte importante do legado da nosa historia que debe ser recoñecido e, deste modo, protexido de maneira activa por parte do goberno galego. Se ben desde 2018 a capela rupestre do Cotillón aparece catalogada como ben inmóbel de interese cultural após a incoación da paisaxe da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural (BIC). Porén, desde o grupo parlamentar do BNG cremos que isto non é suficiente.

E dicimos que non é suficiente porque así se demostrou hai uns días cando, nun vídeo publicado nas redes sociais, se anunciaba que a casa que se encontra por encima da capela así como a propia capela están á venda. Isto, ao noso ver, é directamente





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inadmisíbel e unha falta de respecto ao noso legado histórico. Un elemento tan singular e tan simbólico da nosa historia debe ser respectado a todos os niveis, tamén na acción lexislativa e gobernativa da Xunta de Galiza.

Por iso pedimos que, á maior celeridade posíbel, o goberno galego tome cartas no asunto e se poña a traballar para protexer a través das medidas que foren precisas esta xoia da Ribeira Sacra e do noso país, Galiza.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está en disposición a Xunta de Galiza de incoar a declaración da Capela do Cotillón, no municipio de Pantón, como Ben de Interese Cultural?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 25/02/2026 12:44:12

Mercedes Queixas Zas na data 25/02/2026 12:44:19



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 12:45:20
Nº Rexistro: 51832
Data envío: 25/02/2026 12:45:20.727

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 12:45:21

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a dotación dun centro de día para o concello de Oia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O municipio de Oia ten segundo os últimos datos unha poboación de 3.075 habitantes (INE). A súa distribución por idades a partir dos sesenta anos é a seguinte: de 60 a 69 anos 480 persoas, de 70/79 385, de 80/89 214 e finalmente de 90 anos en diante 50 (INE 2024). A suma total destas franxas de idade ascende a 1.129 veciñas e veciños.

Nunha grande porcentaxe da poboación dáse a circunstancia de que moitas familias teñen ao seu cargo persoas con necesidades de atención ou dependencia, e ao mesmo tempo hoxe en día por cuestións laborais, esas unidades familiares atópanse con serias dificultades para poder conciliar o traballo coa atención aos seus seres queridos.

Algunhas veces acontece que teñen que renunciar ao traballo para adicarlle o tempo ao coidado dos dependentes, co agravante de tocarlle esa renuncia na meirande parte á muller poñendo de manifesto que aínda queda moito percorrido na igualdade real.

Oia é un concello rural, de 83,3 km² e moita dispersión demográfica. Súmase a deficiencia no transporte público que conecte co centro de saúde e os hospitais de referencia, co engadido de non contar cun servizo esencial como é un centro de día xa que na actualidade tampouco dispoñen dun lugar de atención para os seus maiores e dependentes

Asinado o día 25/02/2026 ás
13:08
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 25/02/2026 ás
13:08
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para a cohesión social e económica dun concello e o asentamento da súa poboación é imprescindible dotalos duns servizos básicos como os de dependencia, neste caso dun centro de día ou centro xerontolóxico socio-terapéutico de apoio ás familias de Oia onde poidan deixar durante unha parte do día ao coidado de profesionais aos seus pais, nais, avós e avoas, ou calquera parente con necesidades específicas de atención.

Ante isto, para o Bloque Nacionalista Galego faise preciso que as administracións local e galega traballen man con man para dotar a este concello dun servizo fundamental para a atención as persoas maiores e dependentes. Do mesmo xeito que se teñen anunciado convenios noutros concellos, non se entende como o concello de Oia segue a estar na cola da provincia de Pontevedra en servizos sociais das características descritas.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando pensa o Goberno Galego, a través do diálogo co concello, dotar ao Concello de Oia dun centro de día público?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/02/2026 13:08:05

Olalla Rodil Fernández na data 25/02/2026 13:08:10



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 13:09:18
Nº Rexistro: 51836
Data envío: 25/02/2026 13:09:18.092

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 13:09:18

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a resolución e pago das axudas da Consellería do Medio Rural aos afectados pola vaga de lumes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste verán, sobre todo no mes de agosto prodúcese unha vaga de incendios forestais que provocan os incendios mais grandes da historia deste país. A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso País.

A gravidade veu provocada polos grandes lumes que queimaron máis de 150.000 has, segundo os datos de Copernicus, arrasando ao seu paso monte arborado, mato, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras incluso animais e forraxes, explotacións apícolas, infraestruturas públicas, industrias e o que é máis grave aldeas e vivendas e deixando tamén persoas feridas.

Para facer fronte a estes graves danos provocados por este incendios do mes de agosto, a Xunta de Galiza sacou un decreto de axudas e Consellería do Medio Rural a orde axudas.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concretamente *DECRETO 76/2025, do 29 de agosto de 2025, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025 e a ORDE do 29 de agosto de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas por danos nas explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025, e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento MR616A e MR616C)*. Ambos publicados no DOG do 30 de agosto do 2025.

Estas axudas, que segundo o presidente da Xunta de Galiza, publicábanse para dar resposta aos cuantiosos danos provocados por estes xigantescos incendios nas comarcas afectadas, unha vez publicadas evidenciaron as súas grandes eivas. Por poñer só uns exemplos:

Prazo: comezaron cun prazo dun mes moi pouco tempo para que a grande cantidade de persoas afectadas podan achegarse as oficinas administrativas, informarse e facer as súas solicitudes e tiveron que ampliado pois non daba tempo

Tramitación: Moi burocrática. As solicitudes necesitan na grande maioría dos casos unha tramitación moi complexa, moi complicada e difícil. Na maioría dos caso é obrigatorio a tramitación telemática. Necesitarase un asesoramento externo. Estes “gastos” de xestión non son obxecto de subvención o que levará a que moitas explotacións agroforestais non percibirán axudas

Cobro: Este proceso burocrático complexo ideado por vostedes deu o seu froito e resulta que hai centos e centos de afectadas e afectados que non cobraron; que non saben cando van cobrar ou simplemente que non saben a día de hoxe si teñen aprobadas as súas solicitudes





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En **resumo** eran axudas insuficientes e “cara a galería” que non van poder ser cobradas por un gran número de afectadas e afectados, sobre todo as pequenas explotacións familiares e as que son de actividade complementaria. Non van resolver os problemas creados ao sector agrogandeiro e forestal esta catástrofe que se puido evitar si a Xunta do PP actuara en beneficio do noso rural, tanto con prevención como con extinción. Unhas “axudas” ideadas para non pagalas e dicir que se fai e non se fai nada.

Dende o Grupo Parlamentar do BNG pensamos que esta actuación da Xunta de Galiza non é de recibo nin é o que merecen os centos de produtores agrarios que viven e traballan nas nosas parroquias, porque teoría debería haber axudas para que o sector agrogandeiro e forestal para que siga no noso rural e non sufran as consecuencias destes graves incendios dunha forma xa definitiva que os leve a abandonar as zonas queimadas, mais na práctica o que reciben é burocracia e papeleo para tomarlles o pelo e que non cobren.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cantas axudas foron solicitadas e cantas pagadas por liñas polos danos no sector agrogandeiro e forestal como consecuencia da vaga de lumes do verán pasado e o motivo polo que non están resoltas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 25/02/2026 14:24:23

Sonia Vidal Lamas na data 25/02/2026 14:24:30

Ariadna Fernández González na data 25/02/2026 14:24:41

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/02/2026 14:24:51



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 14:25:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51843
Data envío: 25/02/2026 14:25:53.548

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O proxecto do porto deportivo de Baiona ten unha longa traxectoria marcada pola falta de planificación urbanística, a opacidade institucional e unha clara orientación cara a intereses privados. As primeiras conversas comezaron entre 1991 e 1995, nun contexto político de colaboración entre a Administración local, autonómica e estatal (todas gobernadas polo PP), o que favoreceu modelos de desenvolvemento intensivo sen os necesarios estudos de impacto urbanístico. Non é o momento de facer historia de todo este proxecto, polo que nos situamos na actualidade.

Asinado o día 25/02/2026 ás
14:31
Por Carlos López Font

E a actualidade lévanos ás obras de recheo para a ampliación do porto deportivo de Baiona.

A Plataforma Salvemos Santa Marta, promoveu un proceso contra citado recheo.

Segundo coñecemos por un medio de comunicación, a Xunta de Galicia, non entregou os documentos relativos ao devandito recheo e solicitados pola Sección 2ª do Alto Tribunal. Solicitados e reiterados en concreto a Portos de Galicia.

Asinado o día 25/02/2026 ás
14:31
Por Elena Espinosa Mangana

Por todo iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Vai entregar a Xunta de Galicia os documentos relativos ao recheo de ampliación do porto de Baiona, tal e como lle solicitou a Sala 2ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



PSG^{DE}
PSOE



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51846
Data envío: 25/02/2026 14:33:27.588



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 25/02/2026 14:31:47

Carlos López Font na data 25/02/2026 14:31:55

Paloma Castro Rey na data 25/02/2026 14:32:03



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51846
Data envío: 25/02/2026 14:33:27.588

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 14:33:28

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No Concello de Ferrol, a realidade das infraestruturas educativas evidencia unha situación de envellecemento xeneralizado da maior parte dos centros públicos, moitos deles con décadas de antigüidade e con actuacións de mantemento claramente insuficientes nos últimos anos. A comunidade educativa leva tempo reclamando intervencións integrais que permitan garantir condicións dignas, seguras e adecuadas para o desenvolvemento da actividade lectiva.

Son numerosas as demandas trasladadas: mellora e rehabilitación de cubertas con filtracións, renovación de instalacións eléctricas e de fontanaría obsoletas, eliminación de barreiras arquitectónicas para garantir a accesibilidade universal, adecuación de patios e espazos exteriores, substitución de carpintarías deterioradas para mellorar a eficiencia enerxética, renovación de baños e vestiarios, creación ou ampliación de espazos comúns e de usos múltiples, mellora das instalacións deportivas, así como actuacións de eficiencia e

Asinado o día 25/02/2026 ás
16:33
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/02/2026 ás
16:33
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





sustentabilidade que permitan reducir o consumo enerxético e avanzar cara a centros máis sostibles.

A falta dunha planificación plurianual específica para Ferrol, acompañada dunha dotación orzamentaria suficiente nos Orzamentos da Xunta de Galicia, está a provocar que as actuacións se limiten a intervencións puntuais e reactivas, sen abordar de maneira estrutural as necesidades reais dos centros educativos da cidade.

Garantir unhas infraestruturas educativas dignas non é unha cuestión secundaria, senón unha condición imprescindible para asegurar unha educación pública de calidade, adaptada ás necesidades actuais e que ofrezca igualdade de oportunidades ao conxunto do alumnado ferrolán.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten a Xunta de Galicia elaborado algún diagnóstico actualizado e detallado sobre o estado das infraestruturas educativas públicas no concello de Ferrol?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/02/2026 16:33:20

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2026 16:33:27



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:58:23
Nº Rexistro: 51870
Data envío: 25/02/2026 16:58:23.952

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 16:58:24

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No Concello de Ferrol, a realidade das infraestruturas educativas evidencia unha situación de envellecemento xeneralizado da maior parte dos centros públicos, moitos deles con décadas de antigüidade e con actuacións de mantemento claramente insuficientes nos últimos anos. A comunidade educativa leva tempo reclamando intervencións integrais que permitan garantir condicións dignas, seguras e adecuadas para o desenvolvemento da actividade lectiva.

Son numerosas as demandas trasladadas: mellora e rehabilitación de cubertas con filtracións, renovación de instalacións eléctricas e de fontanaría obsoletas, eliminación de barreiras arquitectónicas para garantir a accesibilidade universal, adecuación de patios e espazos exteriores, substitución de carpintarías deterioradas para mellorar a eficiencia enerxética, renovación de baños e vestiarios, creación ou ampliación de espazos comúns e de usos múltiples, mellora das instalacións deportivas, así como actuacións de eficiencia e

Asinado o día 25/02/2026 ás
16:33
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/02/2026 ás
16:33
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





sustentabilidade que permitan reducir o consumo enerxético e avanzar cara a centros máis sostibles.

A falta dunha planificación plurianual específica para Ferrol, acompañada dunha dotación orzamentaria suficiente nos Orzamentos da Xunta de Galicia, está a provocar que as actuacións se limiten a intervencións puntuais e reactivas, sen abordar de maneira estrutural as necesidades reais dos centros educativos da cidade.

Garantir unhas infraestruturas educativas dignas non é unha cuestión secundaria, senón unha condición imprescindible para asegurar unha educación pública de calidade, adaptada ás necesidades actuais e que ofrezca igualdade de oportunidades ao conxunto do alumnado ferrolán.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia que o estado actual das infraestruturas educativas públicas en Ferrol garante condicións óptimas de seguridade, accesibilidade e calidade para o alumnado e o profesorado?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/02/2026 16:33:37

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2026 16:33:43



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 17:04:26
Nº Rexistro: 51878
Data envío: 25/02/2026 17:04:26.040

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 17:04:26

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 17:04:26
Nº Rexistro: 51879
Data envío: 25/02/2026 17:04:26.301

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a demanda da representación de Galiza na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, máis coñecida como Lei Valentín Paz-Andrade, establece no seu Artigo 3 “Deberán ser promovidas, así mesmo, as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego. De maneira especial, fomentárase o coñecemento desta lingua por parte dos empregados públicos, a participación das institucións en foros lusófonos de todo tipo – económico, cultural, ambiental, deportivo, etc.–, así como a organización na Comunidade Autónoma galega de eventos con presenza de entidades e persoas de territorios que teñan o portugués como lingua oficial”.

En outubro de 2018, o Parlamento Galego aprobou por unanimidade unha resolución en apoio da solicitude de adhesión de Galiza á Comunidade de Países de Língua Portuguesa, a proposta do BNG, co seguinte texto literal:

“O Parlamento insta a Xunta a adoptar as medidas que sexan necesarias, antes de finalizar a presente lexislatura, para impulsar a solicitude de admisión de Galicia como membro na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa. Así mesmo, insta o Goberno galego a desenvolver de maneira real e efectiva a Lei Paz Andrade para o aproveitamento da lingua e cultura portuguesas convocando prazas docentes de

Asinado o día 25/02/2026 ás
17:03
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 25/02/2026 ás
17:03
Por Iria Taibo Corsanego



portugués na vindeira oferta pública de emprego dirixida ao ensino e a dotar de orzamento nas contas para 2019 a aplicación desta lei”.

Porén, en xaneiro de 2020 o goberno galego anunciou que frearía a candidatura de Galiza para facer parte da CPLP, en claro incumprimento deste acordo parlamentario unánime, co pretexto de que só forman parte desta comunidade os estados, tras manifestar o Ministerio de Asuntos Exteriores en que o Estado entrase a formar parte da CPLP, cousa que fixo en xullo de 2021.

Na actualidade, varias entidades galegas que forman parte da CPLP como observadoras consultivas: o Consello da Cultura Galega, a Academia Galega da Língua Portuguesa e a Associação de Docentes de Português na Galiza e a Associação Galega da Língua.

A CPLP é un foro no que participan os territorios de lingua portuguesa, mais os seus obxectivos e os seus traballos non teñen só que ver co ámbito lingüístico e cultural. De feito, entre os obxectivos da CPLP está o da cooperación económica entre os seus membros e en todos os ámbitos, incluída a educación, a saúde, ciencia e tecnoloxía, defensa, agricultura, administración pública, comunicación, xustiza, seguridade pública, cultura, deporte e comunicación social.

A presenza directa de Galiza suporía enormes vantaxes en diversos ámbitos, por implicar un contacto directo, económico e social, con territorios cos que existe un vínculo lingüístico e cultural que permitiría aproveitar esta ligazón a moitos niveis.

Descoñécese a vantaxe que puido representar para Galiza a presenza do Estado español na CPLP desde 2021, e tamén que traballos levou a cabo, nomeadamente, en favor de Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 17:04:26
Nº Rexistro: 51879
Data envío: 25/02/2026 17:04:26.301

Ten previsto o goberno galego cumprir a Lei Valentín Paz-Andrade e o acordo unánime do Parlamento galego e solicitar a entrada de Galiza na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 25/02/2026 17:03:20

Luis Bará Torres na data 25/02/2026 17:03:26



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 17:04:26
Nº Rexistro: 51879
Data envío: 25/02/2026 17:04:26.301

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 17:04:27

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No Concello de Ferrol, a realidade das infraestruturas educativas evidencia unha situación de envellecemento xeneralizado da maior parte dos centros públicos, moitos deles con décadas de antigüidade e con actuacións de mantemento claramente insuficientes nos últimos anos. A comunidade educativa leva tempo reclamando intervencións integrais que permitan garantir condicións dignas, seguras e adecuadas para o desenvolvemento da actividade lectiva.

Son numerosas as demandas trasladadas: mellora e rehabilitación de cubertas con filtracións, renovación de instalacións eléctricas e de fontanaría obsoletas, eliminación de barreiras arquitectónicas para garantir a accesibilidade universal, adecuación de patios e espazos exteriores, substitución de carpintarías deterioradas para mellorar a eficiencia enerxética, renovación de baños e vestiarios, creación ou ampliación de espazos comúns e de usos múltiples, mellora das instalacións deportivas, así como actuacións de eficiencia e

Asinado o día 25/02/2026 ás
16:33
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/02/2026 ás
16:33
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





sustentabilidade que permitan reducir o consumo enerxético e avanzar cara a centros máis sostibles.

A falta dunha planificación plurianual específica para Ferrol, acompañada dunha dotación orzamentaria suficiente nos Orzamentos da Xunta de Galicia, está a provocar que as actuacións se limiten a intervencións puntuais e reactivas, sen abordar de maneira estrutural as necesidades reais dos centros educativos da cidade.

Garantir unhas infraestruturas educativas dignas non é unha cuestión secundaria, senón unha condición imprescindible para asegurar unha educación pública de calidade, adaptada ás necesidades actuais e que ofrezca igualdade de oportunidades ao conxunto do alumnado ferrolán.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que actuacións concretas ten previstas executar nos centros educativos públicos de Ferrol ao longo do presente exercicio orzamentario e con que dotación económica?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



PSG^{DE}
PSOE



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 17:05:25
Nº Rexistro: 51884
Data envío: 25/02/2026 17:05:25.888



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/02/2026 16:33:52

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2026 16:33:58



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 17:05:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 17:05:25
Nº Rexistro: 51884
Data envío: 25/02/2026 17:05:25.888

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No Concello de Ferrol, a realidade das infraestruturas educativas evidencia unha situación de envellecemento xeneralizado da maior parte dos centros públicos, moitos deles con décadas de antigüidade e con actuacións de mantemento claramente insuficientes nos últimos anos. A comunidade educativa leva tempo reclamando intervencións integrais que permitan garantir condicións dignas, seguras e adecuadas para o desenvolvemento da actividade lectiva.

Son numerosas as demandas trasladadas: mellora e rehabilitación de cubertas con filtracións, renovación de instalacións eléctricas e de fontanaría obsoletas, eliminación de barreiras arquitectónicas para garantir a accesibilidade universal, adecuación de patios e espazos exteriores, substitución de carpintarías deterioradas para mellorar a eficiencia enerxética, renovación de baños e vestiarios, creación ou ampliación de espazos comúns e de usos múltiples, mellora das instalacións deportivas, así como actuacións de eficiencia e

Asinado o día 25/02/2026 ás
16:34
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/02/2026 ás
16:34
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





sustentabilidade que permitan reducir o consumo enerxético e avanzar cara a centros máis sostibles.

A falta dunha planificación plurianual específica para Ferrol, acompañada dunha dotación orzamentaria suficiente nos Orzamentos da Xunta de Galicia, está a provocar que as actuacións se limiten a intervencións puntuais e reactivas, sen abordar de maneira estrutural as necesidades reais dos centros educativos da cidade.

Garantir unhas infraestruturas educativas dignas non é unha cuestión secundaria, senón unha condición imprescindible para asegurar unha educación pública de calidade, adaptada ás necesidades actuais e que ofrezca igualdade de oportunidades ao conxunto do alumnado ferrolán.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai incorporar a Xunta de Galicia nos vindeiros Orzamentos da Xunta de Galicia unha partida orzamentaria específica destinada á mellora, rehabilitación e modernización das infraestruturas dos centros educativos públicos do concello de Ferrol?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/02/2026 16:34:06

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2026 16:34:12



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 17:06:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 17:06:37
Nº Rexistro: 51888
Data envío: 25/02/2026 17:06:37.306

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 25/02/2026 ás 17:25
Por Alexandra Fernár

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez e Carmela González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o impulso dunha conexión directa de autobús entre o Aeroporto de Peinador e a cidade de Vigo.

Asinado o día 25/02/2026 ás 17:25
Por Paulo Ríos Santomé

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Aeroporto de Vigo-Peinador é un activo estratéxico fundamental para o desenvolvemento económico, social e territorial do sur de Galiza e da Eurorexión Galiza-Norte de Portugal.

Porén, a realidade actual amosa unha desconexión inaceptable entre o aeroporto e o tecido urbano e metropolitano de Vigo. A falta dunha liña directa de autobús que conecte de xeito eficiente Peinador co centro da cidade e, especialmente, coa Estación Intermodal de Vigo, supón un atranco á mobilidade das persoas viaxeiras, ao turismo, á actividade empresarial e á cohesión territorial. Aliás, supón unha eiva diante da crecente competencia da terminal portuguesa Sá Carneiro, que xa conta con un servizo regular de buses desde a cidade de Vigo con 18 frecuencias diarias.

Faise necesario, pois, que se poña en marcha unha liña directa de bus, con frecuencias suficientes e accesíbel para o conxunto do termo municipal, coordinada cos horarios da oferta aeroportuaria e que permita unha interconexión fluída cos nodos de transporte público existentes. Esta demanda non é nova e ten sido longamente desatendida polo Goberno galego. Neste sentido cómpre lembrar que xa en 2016 a Xunta anunciou, a través da daquela conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, un

Asinado o día 25/02/2026 ás 17:25
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

convenio para dotar ao aeroporto dunha conexión directa, mesmo fixando unha tarifa de 0,85 euros para esta conexión. No entanto, unha década despois este anuncio segue sen materializarse.

Por outra banda a estación intermodal de Vigo é onde converxen trens de Media e Longa Distancia, autobuses interurbanos e urbanos. A ausencia dunha conexión directa e frecuente entre Peinador e a estación intermodal obriga ás persoas viaxeiras a realizar transbordos innecesarios, a asumir custos adicionais e a perder tempo valioso, prexudicando a competitividade do aeroporto vigués. Do mesmo xeito, cómpre garantir tamén garantir a conexión intermodal do aeroporto coa terminal ferroviaria de Guixar, na que continúan operando os servizos Rexionais e o tren convencional Vigo-Porto, así como tamén coa estación marítima desde a que opera o transporte marítimo de Ría.

A mobilidade sustentábel debe ser un eixo central das políticas públicas do século XXI. Non se pode aspirar a ser unha referencia en conectividade aérea mantendo un modelo de acceso ao aeroporto baseado no vehículo privado. É necesario ofrecer unha alternativa pública, accesible, económica e eficiente que incentive o uso do transporte colectivo e reduza a pegada de carbono do sector.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o Goberno galego promover, en coordinación co Concello de Vigo a creación dunha liña directa de autobús que conecte o Aeroporto de Vigo-Peinador coa cidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/02/2026 17:25:02

Paulo Ríos Santomé na data 25/02/2026 17:25:12

Alexandra Fernández Gómez na data 25/02/2026 17:25:26

Carmela González Iglesias na data 25/02/2026 17:25:33



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 17:26:21
Nº Rexistro: 51895
Data envío: 25/02/2026 17:26:21.415

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 17:26:22

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, e da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte, xunto co Concello de Moaña, estaban a financiar unha obra da renovación integral da nave do SD Tirán de Remo.

Unha obra de renovación cuxo importe de adxudicación excede os 288.000 € (288.015,97€ IVA Incluído).

Pero a empresa que estaba a executar a obra, renunciou ao contrato o que supón un grave prexuízo para a finalidade desas instalacións que, de non levar a cabo a obra prevista, continuarán nun estado precario con numerosas filtracións.

Porque ademais esta situación non é nova, dado que é o segundo abandono que se produce, aínda que a primeira empresa que gañou o concurso non chegou a asinar o contrato.

E as consecuencias son que máis de 100 deportistas da Sociedade Deportiva de Tirán non poderán levar a cabo os adestramentos.

Por todo iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Está disposta a Xunta de Galicia, a reiniciar con carácter urxente o expediente para dar solución á problemática de ter paralizadas as obras?

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PSG^{DE}
PSOE



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 17:35:01
Nº Rexistro: 51900
Data envío: 25/02/2026 17:35:01.071



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-6JHENIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 25/02/2026 17:32:06

Carlos López Font na data 25/02/2026 17:32:19

Paloma Castro Rey na data 25/02/2026 17:32:27



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 17:35:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 17:35:01
Nº Rexistro: 51900
Data envío: 25/02/2026 17:35:01.071

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 17:53:52
Nº Rexistro: 51907
Data envío: 25/02/2026 17:53:52.639

Asinado o día 25/02/2026 ás 17:53
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o levantamento de medidas cautelares por parte do Tribunal Constitucional diante do recurso de inconstitucionalidade presentado polo goberno de España contra do artigo 30 da Lei 5/2024 de medidas fiscais e administrativas.

Asinado o día 25/02/2026 ás 17:52
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, foi aprobada polo Parlamento de Galicia como lei de acompañamento dos orzamentos autonómicos.

Esta norma incorporou modificacións substanciais en dúas materias estratéxicas:

- Artigo 30: Modificación da Lei 8/2009 de aproveitamento eólico en Galicia, regulando a instalación e repotenciación de parques eólicos mediante a substitución obrigatoria de aerogeradores con máis de 25 anos de antigüidade, co obxectivo de retirar aproximadamente 2.000 muíños sen perda de potencia eléctrica
- Artigo 45: Homologación automática dos baremos de discapacidade e dependencia – asunto que non é obxecto desta iniciativa.

A Lei entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2025 obrigando dende esa data a que todos os promotores titulares de parques eólicos en explotación con máis de 25 anos, a acometer unha repotenciación dos activos de xeración.

Asinado o día 25/02/2026 ás 17:52
Por José Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza

O 30 de setembro de 2025, o Goberno central interpuxo recurso de inconstitucionalidade n.º 6810-2025 contra oito apartados dos artigos 30 e 45 da Lei 5/2024. O recurso fundamentouse nos seguintes motivos:

1. Invasión competencial: O Estado alegou vulneración das súas competencias exclusivas en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica (art. 149.1.13 CE) e do réxime enerxético (art. 149.1.25 CE).

2. Bloqueo de competencias: Segundo o avogado do Estado, as normas autonómicas obstaculizaban a aplicación da normativa estatal sobre planificación e autorización de instalacións enerxéticas.

3. Prexuízos irreparables: Argumentouse que a aplicación das normas causaría prexuízos de difícil ou imposible reparación ao interese público.

O 27 de xaneiro de 2026, o pleno do Tribunal Constitucional acordou a admisión a trámite do recurso de inconstitucionalidade. Conforme ao artigo 161.2 da Constitución Española e ao artigo 30 da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional (LOTC), a admisión a trámite comportou a suspensión automática e provisional dos preceptos recorridos.

A providencia de aclaración do TC, publicada no BOE núm. 40 do 14 de febreiro de 2026 (BOE-A-2026-3379), concretou os apartados específicos suspendidos dos artigos 30 e 45.

Dende o 5 de febreiro de 2026 (día seguinte á publicación no BOE da admisión a trámite), as normas recorridas quedaron sen efectos xurídicos, xerando como consecuencia a paralización dos procedementos de repotenciación de parques eólicos e das habilitacións de zonas específicas previstas no plan sectorial.

A Xunta de Galiza e o Parlamento de Galiza solicitaron ao Tribunal Constitucional o levantamento das medidas cautelares, acordando o 24 de febreiro de 2026, o pleno do





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Tribunal Constitucional, por unanimidade, levantar a suspensión provisional dos oito apartados recorridos dos artigos 30 e 45 da Lei 5/2024. O auto, cuxa ponencia correspondeu ao maxistrado José María Macías Castaño.

Á vista deste percorrido legislativo e xudicial xorden moitas dúbidas sobre como ao final se está apliando o disposto no artigo 30 da lei 5/2024, e como isto vai incidir no desenrolo da repotenciación eólica e tamén, na aplicación do novo canon eólico.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as consecuencias do levantamento das medidas cautelares por parte do Tribunal Supremo a respecto do que ten que ver co desenrolo e ordenación da enerxía eólica na Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 25/02/2026 17:52:35

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/02/2026 17:52:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/02/2026 17:53:07



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 17:53:52
Nº Rexistro: 51907
Data envío: 25/02/2026 17:53:52.639

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 17:53:53

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 18:14:49
Nº Rexistro: 51912
Data envío: 25/02/2026 18:14:49.191

Asinado o día 25/02/2026 ás 18:14
Por José Manuel Golp

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os medios e dotación do parque municipal de bombeiros de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galiza, estableceu un sistema integrado para a extinción de incendios e salvamento no que os parques de bombeiros municipais, os consorcios provinciais de incendios e salvamento e os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) son os principais recursos para garantir unha atención e resposta eficaz e coordinada en todo o territorio galego.

Dende o Grupo Parlamentar do BNG vimos insistindo reiteradamente, tanto a través de diferentes iniciativas parlamentares, como de emendas aos proxectos de lei de orzamentos, na necesidade de ampliar o despregamento territorial dos diferentes recursos eliminando as zonas de sombra existentes en diferentes comarcas, e de mellorar a dotación, tanto material como do cadro de persoal, dos parques de bombeiros existentes, afondando na comarcalización dos parques municipais.

Neste sentido, é necesario subliñar que entre as recomendacións do ditame final da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal do Parlamento de Galiza figura a comarcalización dos parques das grandes cidades. Mais implementar esta recomendación require necesariamente da dotación dos medios e recursos necesarios para poder prestar o servizo que se lles demanda. Folga lembrar a postura do Grupo Parlamentario do Partido Popular diante das emendas do BNG nas

Asinado o día 25/02/2026 ás 18:14
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 25/02/2026 ás 18:13
Por Ramón Fernández Alfonso



que instaba a incrementar as partidas destinadas tanto á comarcalización dos parques municipais, como aos servizos de extinción comarcalizados e aos GES.

A Xunta de Galiza soe poñer como exemplo do anterior o parque de Ferrol, porén hai tempo que os profesionais veñen denunciando que a insuficiencia do cadro de persoal non permitía atender as emerxencias no propio concello, incrementando os riscos nas intervencións. Indicaban que tres bombeiros -ás veces apenas dous- un telefonista, sen mando no servizo de garda, eran insuficientes para garantir unha resposta eficaz ante a eventualidade de incidencias simultáneas, o que non era improbable en situación de temporais e inundacións.

Tristemente, a desatendida advertencia realizada polos profesionais do parque de Ferrol fíxose realidade, e a carencia de efectivos na atención dun incendio no barrio de Recimil pode ter provocado que unha persoa perdese a vida, que outras dúas nestes momentos aínda estean na UCI, e que un bombeiro perdera unha perna.

A gravidade e alcance das consecuencias deste sinistro exige coñecer con exactitude o acontecido, así como unha valoración sobre se os recursos do sistema eran ou non suficientes para atender a emerxencia, coa finalidade determinar as eventuais responsabilidades, mais sobre todo para corrixir as carencias e tomar as medidas necesarias para que feitos coma estes non podan repetirse.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou o Goberno galego ante as denuncias de insuficiencia de efectivos realizadas polos bombeiros do parque de Ferrol?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/02/2026 18:13:53
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/02/2026 18:14:00
José Manuel Golpe Acuña na data 25/02/2026 18:14:12





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 18:14:50



Á Mesa do Parlamento

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os incendios forestais do verán de 2025 provocaron en Galicia unha grave afección sobre explotacións agrícolas, gandeiras e apícolas, especialmente en zonas de montaña e de gando en extensivo, onde a desaparición do pasto natural e a destrución de infraestruturas produtivas supuxeron un impacto directo na viabilidade económica das explotacións.

En resposta a esta situación, a Xunta de Galicia aprobou a Orde do 29 de agosto de 2025 (DOG nº 166, de 30 de agosto) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a reparación dos danos causados polos incendios que afectaron a Galicia durante o verán de 2025, e se convocan para ese mesmo exercicio.

No marco desta orde articúlase o procedemento MR616A, en réxime de concorrencia non competitiva, que inclúe, entre outras:

- A Liña I-G, destinada á reparación ou reposición de bens, maquinaria, equipamento e medios de produción das explotacións agrícolas ou gandeiras.
 - A Liña IV-G, destinada á adquisición de alimentación complementaria para o gando en extensivo ou para as colmeas situadas nas zonas afectadas.
- Trátase de axudas de carácter claramente extraordinario e de emerxencia, destinadas a permitir a continuidade da actividade produtiva e evitar o abandono de explotacións no medio rural.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)

Asinado o día 25/02/2026 ás
18:17
Por Lara Méndez López

Asinado o día 25/02/2026 ás
18:17
Por Carmen Rodríguez Dacosta





A propia orde establece un prazo máximo para ditar resolución, coherente co carácter urxente destas medidas.

Porén, transcorridos varios meses desde o peche do prazo de solicitude, existen expedientes en diferentes zonas afectadas que a día de hoxe seguen sen resolución.

Esta situación resulta especialmente preocupante no caso da Liña IV-G, xa que a alimentación complementaria do gando en extensivo ou das colmeas non admite demoras administrativas: os custos son inmediatos e recaen directamente sobre as persoas produtoras.

Mentres tanto, outras administracións públicas, incluído o Goberno do Estado e distintas comunidades autónomas afectadas por incendios no ano 2025, activaron e executaron pagamentos con maior celeridade, garantindo liquidez inmediata ás explotacións afectadas.

Non se trata só dun problema administrativo. Trátase de garantir a continuidade da actividade económica no rural, a fixación de poboación e a supervivencia de explotacións familiares que xa viñan soportando unha situación de elevada vulnerabilidade estrutural.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Cantos expedientes dos presentados ao abeiro do procedemento MR616A nas liñas I-G e IV-G, desagregados por provincias e concellos afectados están pendentes de resolución?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



PSG^{DE}
PSOE



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 18:18:55
Nº Rexistro: 51917
Data envío: 25/02/2026 18:18:55.101



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/02/2026 18:17:05

Lara Méndez López na data 25/02/2026 18:17:13



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 18:18:55
Nº Rexistro: 51917
Data envío: 25/02/2026 18:18:55.101

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 18:18:55

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza

Á Mesa do Parlamento

Saleta Chao Rivas e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á falta de profesorado especialista nos centros educativos do concello de Ordes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais de febreiro de 2026, xa co segundo trimestre mediado, son moitos os centros educativos do noso país que seguen manifestando necesidade de reforzo do profesorado especialista e o persoal coidador por toda Galiza.

Nun curso que comezou con mobilizacións da comunidade educativa por todo o país e con varias folgas de profesorado, a Xunta de Galiza segue sen atender as demandas de dotar de máis profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe en centros educativos de educación infantil e primaria, estendendo esas mobilizacións ata esta altura do ano.

A inclusión educativa só é real e garantista cando existe unha dotación de profesorado especialista suficiente para atender as necesidades de todo o alumnado que precisa unha atención individualizada, sobre todo nun contexto no que hai centros con grandes carencias no que se refire a ese reforzo de profesorado e persoal coidador.

Isto é o que acontece no CEIP Castelao, no CEIP Mesón do Vento e no CEIP Campomaior, todos no Concello de Ordes, onde hai unha dotación insuficiente de profesorado especialista para atender as necesidades e o dereito á educación de todo o alumnado.

Asinado o día 26/02/2026 ás
12:12
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 26/02/2026 ás
12:12
Por Saleta Chao Rivas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

No CEIP Castelao contan cunha praza de audición e linguaxe que só dedica a ese centro un día completo, e outra praza de audición e linguaxe compartida co IES Maruxa Mallo. Ten dúas prazas de pedagogía terapéutica para atender un alumnado NEAE que ronda o 35% dese centro.

O CEIP Mesón do Vento só ten un orientador a media xornada, unha praza de pedagogía terapéutica a tempo completo e unha praza de audición e linguaxe compartida co CEIP Campomaioir. Respecto das necesidades do alumnado, teñen 18 NEE e 31 NEAE.

No CEIP Campomaioir hai unha praza de pedagogía terapéutica a tempo completo e media compartida cun IES. Contan cunha praza a tempo completo de audición e linguaxe e media compartida co CEIP Mesón do Vento. Teñen estas prazas para atender ao alumnado NEAE que ronda o 23% do alumnado do centro e 7 con NEE.

Estes 3 centros trasladan a mesma problemática que se repite en centros educativos por todo o país: teñen máis casos de alumando con NEE ou NEAE e menos recursos. Así llo teñen comunicado desde a comunidade educativa destes centros á Consellería de Educación mais sempre obtendo a mesma resposta negativa. Con esta decisión política da Xunta de Galiza de minimizar os recursos de atención á diversidade, asfíxiase ao profesorado, ao alumnado e ás familias que ven como teñen que estirar uns recursos insuficientes para chegar a todo o alumnado, coa sobrecarga que iso supón.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Consellería de Educación reforzar o profesorado especialista no CEIP Castelao, CEIP Mesón do Vento e CEIP Campomaioir no Concello de Ordes de acordo coas peticións da comunidade educativa e atendendo ás necesidades do alumnado NEE e NEAE neses centros?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 26/02/2026 12:12:37

Cristina Fernández Davila na data 26/02/2026 12:12:43





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 12:13:55





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:14:55
Nº Rexistro: 51940
Data envío: 26/02/2026 12:14:55.725

Asinado o día 26/02/2026 ás
12:14
Por Noa Presas Bergi

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Carmela González Iglesias e Noa Presas Bergatiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as accións necesarias para a inmediata entrada en funcionamento da praza de abastos de Ourense, o acondicionamento da contorna e recuperación para o uso público da Alameda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Praza de Abastos nº 1 de Ourense constitúe unha infraestrutura estratéxica para a cidade e para o conxunto da súa comarca. Trátase dun espazo histórico de distribución e venda de produtos de proximidade, vinculado ao comercio local, ao tecido produtor do rural e á dinamización económica de Ourense. Ao longo de décadas, a Praza foi moito máis ca un mercado: foi un punto de encontro social, un elemento de cohesión comunitaria e un activo fundamental para a actividade económica de centos de familias.

Situada na contorna das Burgas, espazo de elevado valor patrimonial e cultural, a súa rehabilitación e posta ao día viñan sendo unha reivindicación amplamente compartida pola sociedade ourensá. Porén, tras anos de actuacións, investimentos públicos millonarios e sucesivas modificacións do proxecto inicial, mesmo da perda de millonarias subvencións públicas que houbo que reintegrar con xuros; a infraestrutura continúa pechada e sen poder cumprir a función para a que foi concibida.

A reforma exterior do edificio atópase practicamente rematada, mais a ausencia das actuacións necesarias no interior —adaptación dos postos, definición de instalacións, cumprimento das condicións de seguridade, accesibilidade, hixiene e servizos complementarios— impide a súa apertura. Como consecuencia directa desta situación, as

Asinado o día 26/02/2026 ás
12:14
Por Carmela González Iglesias

Asinado o día 26/02/2026 ás
12:13
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:14:55
Nº Rexistro: 51940
Data envío: 26/02/2026 12:14:55.725

persoas comerciantes continúan desenvolvendo a súa actividade na Alameda, un dos principais -e escasos- espazos verdes e de lecer da cidade, nunha localización que foi acordada no seu día co propio Concello como solución provisional.

A gravidade desta situación quedou reflectida na recente resolución xudicial da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Ourense, que acorda a suspensión cautelar do requirimento municipal de abandono da Alameda. O Auto xudicial sinala expresamente que a execución dese acordo suporía a paralización inmediata da actividade económica das persoas comerciantes, dado que o edificio da Praza non está en condicións de ser ocupado, e recoñece que a ocupación da Alameda non foi arbitraria, senón resultado dun acordo previo entre as partes.

Esta realidade evidencia que, a día de hoxe, non existen condicións materiais para o traslado da actividade comercial ao edificio rehabilitado, perpetuándose unha situación que prexudica simultaneamente ás persoas comerciantes —que viven nunha incerteza permanente— e ao conxunto da cidadanía, privada tanto do uso pleno da Alameda como dun mercado municipal plenamente operativo.

Os enormes prexuízos económicos e sociais que esta a provocar a nefasta xestión municipal, as limitacións que supón a privación á cidadanía de espazos públicos, a paralización do necesario desenvolvemento dunha das zonas máis relevantes da cidade, exige da inmediata e transparente intervención das Administracións Públicas para pór fin ao caos que se está a vivir na Praza de Abastos e a súa contorna, que se ben resulta evidente a responsabilidade desta situación, tamén resulta evidente que é a cidadanía e a cidade quen están a sufrir os prexuízos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:14:55
Nº Rexistro: 51940
Data envío: 26/02/2026 12:14:55.725

Que actuacións ten previsto impulsar o goberno galego para a inmediata posta en marcha da praza de abastos núm.1 de Ourense e a rehabilitación e posta en valor da súa contorna?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/02/2026 12:13:36

Carmela González Iglesias na data 26/02/2026 12:14:12

Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2026 12:14:17



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:14:55
Nº Rexistro: 51940
Data envío: 26/02/2026 12:14:55.725

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 12:14:56

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Saleta Chao Rivas e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos contratos de patrocinio da Axencia de Turismo de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou un Plan director de patrocinios do Xacobeo 2027. O documento, feito público o 10 de febreiro, menciona criterios na asignación deses patrocinios mais non entra no detalle de que aspectos ou contidos compoñen eses criterios. Establece unha serie de xeneralidades mais é descoñecida a medida na que determinarán a concesión de axudas ou sinatura deses contratos de patrocinio.

O *Plan de acción de promoción de Turismo de Galiza 2025*, establece entre os seus obxectivos o de “diversificar a oferta turística, potenciando segmentos como o turismo enolóxico, cultural, gastronómico, rural e de natureza, xunto co Camiño de Santiago”. A *Estratexia de Turismo de Galiza 2030* di na misión 3ª que se reforzará externamente “o concepto de Galiza como un territorio para vivir, traballar e investir, con capacidade de acollida e coa hospitalidade como sinal de identidade”.

Ao longo dos anos tense repetido a contratación de produtos de promoción turística a través do mecanismo do patrocinio que reforzan unha imaxe negativa e estereotipada do noso país, polo que resulta necesario que se coñezan en maior detalle os criterios de formalización deses patrocinios e que se desenvolvan arredor dunha proxección decidida da lingua e cultura galegas.

Asinado o día 26/02/2026 ás
12:52
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 26/02/2026 ás
12:52
Por Saleta Chao Rivas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que peso teñen as potencialidades e a diversidade do noso país nos criterios de contratación de actuacións de promoción do turismo no Plan director de patrocinios do Xacobeo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 26/02/2026 12:52:08

Mercedes Queixas Zas na data 26/02/2026 12:52:15





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 12:53:08





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para garantir a accesibilidade e mobilidade das persoas con dependencia e discapacidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2007 a Xunta de Galiza, da man do BNG no goberno, impulsou a creación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal-065, unha medida dirixida a garantir o desprazamento programado e non urxente das persoas con discapacidade e dependencia que cumprisen unha serie de requirimentos.

En 2014 a Xunta, da man do Partido Popular, derogou o decreto de 2007 e publicou un novo que introduce importantes mudanzas especialmente dirixidas a endurecer as condicións para acceder ao servizo.

Desde a súa creación a cifra de persoas usuarias foi a seguinte, segundo se recolle na Memoria que publicaba anualmente até o ano 2021 a Consellaría de Política Social:

2008: 1.520
2009: 4.022
2010: 6.364
2011: 7.038
2012: 7.352

Asinado o día 26/02/2026 ás
13:17
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 26/02/2026 ás
13:17
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza

2013: 7.584
2014: 8.363
2015: 7.437
2016: 7.535
2017: 7.489
2018: 6.159
2019: 5.787
2020: 5.709
2021: 5.370

Ao non dispormos de cifras actuais, pola non publicación de datos por parte da Xunta de Galiza desde 2021, cinguímonos á evolución entre 2008 e 2021. Neste senso, vemos como o último ano no do que temos rexistro o 065 tivo o menor número de persoas usuarias desde 2010 iniciándose a caída precisamente en 2014.

O 065 xurdiu como un servizo esencial para garantir a mobilidade das persoas dependentes e con discapacidade co obxectivo de promover a súa autonomía, o seu desenvolvemento persoal e a súa independencia. En síntese, para garantir os seus dereitos fundamentais.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza ampliar e mellorar o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para garantir os dereitos das persoas dependentes e con discapacidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/02/2026 13:17:22

Ariadna Fernández González na data 26/02/2026 13:17:33



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:20:18
Nº Rexistro: 51956
Data envío: 26/02/2026 13:20:18.947

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 13:20:19

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Saleta Chao Rivas e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a política de patrocinios da Axencia Turismo Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de outubro publicouse na web de contratación da Xunta de Galiza un contrato por importe de 45.000€ co obxecto *Servizo de interpretación artística do videoclip do tema musical “Galicia tiene flow” interpretado polo grupo Cómplices*, un contrato negociado sen publicidade. A resolución da contratación indica que o 18 de setembro o órgano de contratación acordou o inicio do expediente de contratación e a correspondente retención de crédito por importe de 45.000€.

O día da publicación do anuncio, o 14 de outubro, medios de comunicación e persoas particulares expresaron a súa sorpresa e disconformidade con este patrocinio polo contido da letra. A canción, que está en lingua castelá, reproduce tópicos e estereotipos sobre Galiza, que non poden representar a imaxe que queremos dar do noso país para promover a actividade turística.

O *Plan de acción de promoción de Turismo de Galiza 2025*, establece entre os seus obxectivos o de “diversificar a oferta turística, potenciando segmentos como o turismo enolóxico, cultural, gastronómico, rural e de natureza, xunto co Camiño de Santiago”. A *Estratexia de Turismo de Galiza 2030* di na misión 3ª que se reforzará externamente “o concepto de Galiza como un territorio para vivir, traballar e investir, con capacidade de acollida e coa hospitalidade como sinal de identidade”.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Este é un dos exemplos máis recentes dunha política de patrocinios que destina millóns de euros todos os anos a patrocinar eventos e produtos turísticos que contribúen a reforzar estereotipos sobre Galiza que dificilmente van contribuír a promover o “concepto de Galiza como un territorio para vivir, traballar e investir”. É incomprendible que a Axencia Turismo de Galiza e, por extensión, a Xunta de Galiza, non establezan como un dos criterios da súa política de patrocinios o fomento da lingua e cultura galegas, xa que unha boa parte dos eventos que se patrocinan ano a ano, como os musicais, contan cunha presenza irrisoria de artistas que se desenvolvan na nosa lingua, e en moitas ocasións nin sequera se emprega a lingua propia do noso país na publicidade e difusión que se lle dá a eses produtos patrocinados con fondos públicos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son os criterios establecidos pola Axencia Turismo de Galiza para a contratación de patrocinios e como se mide o encaixe das propostas na promoción dos obxectivos de promoción turística para o noso país recollidos na Estratexia de Turismo de Galiza 2030?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 26/02/2026 13:31:22

Mercedes Queixas Zas na data 26/02/2026 13:31:28





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 13:32:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:15
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Oscar Insua Lema e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a perda de produción nos últimos anos e a afectación dos continuados temporais deste inverno no sector mexilloeiro galego.

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:15
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os sucesivos episodios de mal tempo que se veñen producindo no noso país dende o mes de novembro de 2025 están a ter unha importante incidencia no sector mexilloeiro que, ao igual que o pesqueiro e marisqueiro, xa está a ver as consecuencias na súa produción.

Segundo os propios bateiros a enorme baixada da salinidade da auga provocou que nos primeiros metros de corda, a que está máis preto da superficie, practicamente todo o mexillón fose incapaz de sobrevivir.

Estas circunstancias, que influíron máis nos polígonos situados nas zonas interiores das rías, véñense de sumar a semanas, ou meses incluso no peor dos casos, de inactividade por mor da toxina que afectou á maioría das rías galegas, ás perdas ocasionadas polos propios temporais nas bateas e, sobre todo, á escaseza de mexilla que xa fora, a petición do propio sector, motivo de retraso do comezo da actual campaña, que finalmente se pospuxo dende o 1 de decembro a primeiros de xaneiro.

Daquela, as estimacións dos técnicos da Consellaría xa indicaban claramente a escaseza de mexilla na costa galega e o que se pretendía demorando o comezo da

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:15
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

campaña de extracción era precisamente o que aínda non se conseguiu a día de hoxe, contar coa cría suficiente para tratar de manter a produción do setor mexilloeiro.

A este respecto, cómpre lembrar que esa produción xa vén á baixa nos últimos anos. No 2023 caeu un 19% con respecto ao ano anterior e pasou de 219.698 a 178.069 toneladas, converténdose na máis baixa no que vai de século e no 2024 (último ano do que existen datos oficiais) apenas repuntou ata 178.816.

Precisamente, a brusca redución da produción do 2023 coincidiu coa merma de mexilla nese ano e nos dous anteriores, nos que se chegaran a dar importantes enfrontamentos entre o sector mexilloeiro e o percebeiro e nos que a Consellaría levou a cabo modificacións na normativa (2021) cuxa avaliación e resultados aínda non existen a día de hoxe.

Con todo, aínda que as campañas 2023-24 e a última de 2024-25 transcorreron con certa normalidade mantivéronse os problemas de desove e de debilidade e desprendementos continuos do mexillón, o que levou a adoptar a decisión, entre outras, de autorizar o incremento do número de cordas recolectoras de cría por batea durante un período determinado, pasando de 100 a 150.

O caso é que a sucesión de temporais neste inverno agrava os problemas dun sector imprescindible para a economía galega e para a das zonas costeiras, especialmente no caso das da ría de Arousa por ser esta a que máis viveiros contabiliza e, polo tanto, tamén máis postos de traballo. E a preocupación é máxima no caso da mortalidade, que se suma á escaseza, da mexilla.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para paliar as consecuencias da perda de produción do sector mexilloeiro nos últimos anos e da afectación que os temporais que se veñen sucedendo neste inverno está a ter sobre el?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 26/02/2026 17:15:00

Carmela González Iglesias na data 26/02/2026 17:15:09

Daniel Castro García na data 26/02/2026 17:15:16

Óscar Insua Lema na data 26/02/2026 17:15:24

Paulo Ríos Santomé na data 26/02/2026 17:15:33



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:17:16
Nº Rexistro: 51981
Data envío: 26/02/2026 17:17:16.910

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 17:17:17

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as accións que debe tomar o Goberno galego en relación ao acondicionamento do alto dos cubos no concello de Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Castro de Cabeza de francos, tamén coñecido como Castro do Alto dos Cubos, é un dos castros máis extensos e coñecidos da contorna do Monte Aloia. Do mesmo, téñense referencias xa en épocas antigas e, máis recentemente, na obra de historiadores como Frei Prudencio Sandoval no XVII, ou na obra do insigne historiador tudense D. Francisco Avila y La Cueva, xa no século XIX .

Este castro, situado na Entidade Local Menor de Pazos de Reis, dentro do Parque Natural do Monte Aloia, elévase uns 270 metros sobre o nivel do mar, é un asentamento cunha cronoloxía que se estende dende o século III A.C. até o século II da nosa era, coincidindo co proceso de romanización. Aínda que a ocupación deste espazo podería atrasarse varios centos de anos atrás, como o evidencia a presenza no mesmo de petróglifos adscritos á Idade do Bronce.

Este asentamento estruturase seguindo o modelo do urbanismo propio da cultura castrexa, contando cunha coroa ou acrópole e un antecastro, composto por dous socialcos. Conta, así mesmo con tres recintos defensivos, hoxe ocultos na súa maior parte. Posiblemente cara o norte e o noroeste podería estar localizada a porta de acceso e un posible foxo.

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:41
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:41
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o punto de vista arqueolóxico, o escavado é unha mínima parte, uns 190 m2 na zona da coroa dos case 10.000 m2 que completan a súa extensión

O castro figura no Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta de Galicia co código GA36055015 // RI.000043045 e está clasificado como ben inventariado/catalogado. Isto significa que é recoñecido oficialmente e protexido pola normativa de patrimonio.

Actualmente presenta unha serie de problemas e ameazas que condicionan a súa adecuada conservación e posta en valor como un potencial recurso turístico e etnográfico de gran importancia:

- **Problemas relacionados coa cuberta arbórea:** a maior parte do castro está ocupada por piñeiros, acacias, eucaliptos e outras especies arbóreas que coas súas raíces están deteriorando, polo efecto mecánico sobre as estruturas arquitectónicas, a conservación dun ben histórico de tanta importancia para o concello de Tui. Ademais, esta cuberta vexetal impide a calquera visitante do mesmo ter unha percepción adecuada da súa extensión e das estruturas que o compoñen. Estas consecuencias pódense agravar, notablemente, polo emprego de maquinaria pesada nas tarefas forestais.
- **Apertura de pistas forestais:** posiblemente na década dos anos oitenta, o castro sufriu unha das súas maiores desfeitas, ao abrirse unha pista forestal até a coroa que arrasou con parte das murallas, afectou aos socalcos do antecastro e á coroa do castro, ademais de destruír e descontextualizar numerosos materiais arqueolóxicos do subsolo.
- Outras afeccións ao longo do tempo foron o seu uso como canteira e o espolio dos seus restos por parte de particulares.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén son importantes as eivas científicas que non permiten un coñecemento máis amplo e preciso deste xacemento. Até o momento, soamente houbo campañas puntuais e moi limitadas nos anos 30, 50 e, máis recentemente, no ano 1997, esta última foi levada a cabo pola Escola de Restauración Tudense. Con todo, estas campañas soamente achegaron un coñecemento moi fragmentado e limitado sobre este castro.

No entanto, un ben das características tan particulares como é este castro, coas implicacións etnográficas, históricas e arqueolóxicas que ten para o concello de Tui, mais tamén para o conxunto do país, fan preciso que o Goberno galego, nas súas competencias en materia de patrimonio, lidere a súa conservación, investigación e posta en valor.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que pensa facer o Goberno galego para garantir a correcta recuperación e posta en valor do castro do Alto dos Cubos no concello de Tui?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 26/02/2026 17:41:46

Mercedes Queixas Zas na data 26/02/2026 17:41:53



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 17:42:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:42:57
Nº Rexistro: 51998
Data envío: 26/02/2026 17:42:57.618

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral urxente en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola alzada a suspensión do recurso de inconstitucionalidade, polo que a norma está plenamente vixente e a inseguridade xurídica xerada pola normativa autonómica que precisa resolución clara e áxil por parte do Goberno.

As deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta urxente en Pleno:

Vai aprobar o Goberno galego, con carácter urxente, unha planificación clara e ordenada —cunha folla de ruta que dea seguridade xurídica— para regular os procesos de repotenciación obrigatoria dos parques eólicos previstos na Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025, incluíndo beneficios sociais para os territorios afectados?

Santiago de Compostela, 2 de marzo do 2026

Asinado o día 02/03/2026 ás
13:36
Por Lara Méndez López

Asinado o día 02/03/2026 ás
13:36
Por Patricia Iglesias Rey





Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/03/2026 13:36:31

Lara Méndez López na data 02/03/2026 13:36:38



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 13:37:23
Nº Rexistro: 52133
Data envío: 02/03/2026 13:37:23.511

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 13:37:24

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a posición do goberno galego ante os abusos do ICE nos Estados Unidos, e sobre situación dos galegos e galegas que poidan ser vítimas dese corpo.

Xustificación da urxencia

A urxencia motívase na necesidade de que a Xunta de Galiza se posicione canto antes no Parlamento galego diante dos abusos do ICE nos Estados Unidos, e sobre situación dos galegos e galegas que poidan ser vítimas dese corpo.

Exposición de motivos

O goberno dos Estados Unidos, dirixido por Donald Trump, creou un corpo policial denominado ICE (US Immigration and Customs Enforcement), dependente do Departamento de Interior, dedicado ás aduanas e á inmigración no interior dese país. O ICE ten entre as súas principais atribucións a de deter e deportar inmigrantes que non teñan documentación.

O ICE recibe unha importante cantidade de críticas, tanto no primeiro mandato como no actual de Donald Trump. Neste segundo mandato do presidente Trump, o ICE pasou a ser o maior órgano policial e o que conta co maior financiamento da historia dese país. As súas actuacións, ademais das súas campañas de publicidade, están a ser amplamente cuestionadas tanto en relación coa súa legalidade como polo respecto aos dereitos civís.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os axentes do ICE van enmascarados e visten roupa civil, ademais de utilizaren vehículos sen identificar, e este corpo policial está a recibir, desde o inicio do segundo mandato de Donald Trump, críticas pola súa actuación a xeito dun corpo paramilitar. O obxectivo deste departamento é o de contratar 10.000 empregados e empregadas en 2026, e ten un orzamento de 100 millóns de dólares para esta fin.

Existen moitos incidentes documentados de uso excesivo da forza por parte dos axentes do ICE en resposta a manifestantes e migrantes, desde o claro inicio dunha nova estratexia deste corpo, moi agresiva. O 7 de xaneiro deste ano, o ICE asasinou a activista René Nicole Good en Minneapolis, no contexto dunha protesta cidadá contra o aumento da actividade dese corpo policial. ICE detivo miles de persoas desde o regreso de Donald Trump á Casa Branca en xaneiro de 2025.

O ICE está a ser un dos principais brazos executores da iniciativa de deportación masiva que fora unha das promesas electorais máis importantes da campaña electoral de Trump. Este feito, xunto coa agresiva política exterior de Donald Trump, fai que a situación dos Estados Unidos resulte extremadamente preocupante.

Nos Estados Unidos, viven máis de 25.000 galegos e galegas, o que xustifica aínda máis a necesidade de que o goberno galego se pronuncie en relación con este corpo policial que traballa, de xeito activo e extremadamente agresivo, contra os inmigrantes que viven nese país. Alén disto, o goberno galego debe actuar para atender as persoas que poidan ser vítimas desta nova política contra as persoas migrantes.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Cal é a posición do goberno galego en relación coa agresiva política do departamento do ICE dos Estados Unidos, nomeadamente no que ten que ver coa presenza de galegos e galegas nese país?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2026





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 02/03/2026 17:49:41



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:49:53
Nº Rexistro: 52200
Data envío: 02/03/2026 17:49:53.578

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 17:49:54

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, cre vostede que as súas políticas están solucionando os problemas reais que hoxe existen de acceso á vivenda en Galicia?

Santiago de Compostela, 2 de marzo do 2026

Asinado o día 02/03/2026 ás
18:09
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/03/2026 18:09:54



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:20:31
Nº Rexistro: 5224
Data envío: 02/03/2026 18:20:31.717

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 18:20:32

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Sr Rueda, ten algún proxecto industrial para Galiza ou vai seguir instalado no fracaso e na propaganda?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2026





Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 02/03/2026 18:23:11



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:23:23
Nº Rexistro: 5226
Data envío: 02/03/2026 18:23:23.586

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 18:23:24

CSV: BOPGDSPG-6jHenIXCB-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

